



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE BUEU

DOCUMENTO CUMPRIMENTACIÓN ORDE 13.03.2017 DA CMAOT

ABRIL 2017



INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL





Oficina de Planeamiento, S. A.
Juan Flórez, 106, 19º A-D
15005 A Coruña (España)

opsa @ odepsa.com
telf (34) 981 272 151
fax (34) 981 145 629

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE BUEU

INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL.

DOCUMENTO CUMPRIMENTACIÓN ORDE 13.03.2017 DA CMAOT

ABRIL 2017



Oficina de Planeamiento, S. A.
Juan Flórez, 106, 19º A-D
15005 A Coruña (España)

opsa @ odepsa.com
telf (34) 981 272 151
fax (34) 981 145 629

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE BUEU

DOCUMENTO CUMPRIMENTACIÓN ORDE 13.03.2017 DA CMAOT

ABRIL 2017

EQUIPO REDACTOR

Dirección Equipo:

Ánxel Viña Carregal. Economista. Director do Equipo.
Alfonso Díaz Revilla. Arquitecto.

Equipo técnico:

Alfonso Díaz Revilla. Arquitecto.
José Díaz Sotelo. Arquitecto.
Mª Dolores Gómez Míguez. Arquitecta.
Santiago García Camacho. Arquitecto.
María Calvo Llano. Arquitecta.
Ánxel Viña Carregal. Economista.
Francisco Dinís Díaz Gallego. Arquitecto.
Miguel Díaz Varela. Biólogo.
Manuel-Anxo López-Felpeto Gómez. Arqueólogo.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE BUEU

INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL.

DOCUMENTO CUMPRIMENTACIÓN ORDE 13.03.2017 DA CMAOT

ABRIL 2017

ÍNDICE	PÁX.
G. INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL	
G.1. INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES	1
G.1.1. INTRODUCCIÓN	1
G.1.2. ANTECEDENTES	3
G.2. ANÁLISE OBXECTIVA DO CONTORNO	5
G.2.1. ENCADRE XEOGRÁFICO E ÁMBITO DE INFLUENCIA DO PXOM	5
Encadre xeográfico	5
Ámbito de influencia do PXOM	5
G.2.2. PLANS E PROGRAMAS EN INTERACCIÓN CO PLAN XERAL	7
Ordenación territorial e sectorial	7
Plans autonómicos	12
Outros instrumentos de planificación concorrentes	15
G.2.3. ANÁLISE SOCIOECONÓMICA	17
Encadre rexional, comarcal e municipal. Demografía. Actividade económica. Vivenda	17
G.2.4. CARACTERIZACIÓN AMBIENTAL E IDENTIFICACIÓN DOS ELEMENTOS ESTRATÉXICOS DO TERRITORIO MUNICIPAL	25
Caracterización ambiental	25
Identificación dos elementos estratéxicos do territorio municipal	28
G.2.5. VECTORES AMBIENTAIS	41
Servizos e infraestruturas ambientais	41
Emisións contaminantes á atmosfera	45
Accesibilidade e mobilidade	47
G.3. OBXECTIVOS DO PLAN XERAL	51
G.3.1. MARCO ESTRATÉXICO DE REFERENCIA	51
Marco internacional e comunitario	51
Marco estatal	56
Marco autonómico	60
G.3.2. MARCO NORMATIVO	63
Normativa comunitaria	63
Normativa estatal	64
Normativa autonómica	66
G.3.3. OBXECTIVOS XERAIS	69
G.3.4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	71
G.4. ANÁLISE DAS ALTERNATIVAS	73
G.4.1. A ALTERNATIVA 0	73
G.4.2. ALTERNATIVAS CONTEMPLADAS	77
Alternativa 1	77
Alternativa 2	78
Integración das variables e criterios de sustentabilidade nas alternativas do PXOM	79

	PÁX.
G.4.3. MODELO DE ORDENACIÓN TERRITORIAL PROPOSTO	81
G.5. IDENTIFICACIÓN E CARACTERIZACIÓN DOS EFECTOS SOBRE O MEDIO AMBIENTE DA ALTERNATIVA SELECCIONADA	87
G.5.1. AVALIACIÓN DA ALTERNATIVA SELECCIONADA	87
Territorio e ocupación do solo	87
Patrimonio natural e biodiversidade	88
Paisaxes e patrimonio	89
Hidroloxía	91
Saúde, benestar humano e emisións contaminantes	93
Enerxía e mobilidade	96
Bens materiais, recursos e residuos	98
Economía e sociedade	98
G.5.2. CARACTERIZACIÓN DE EFECTOS SIGNIFICATIVOS	99
G.6. DESCRICIÓN DAS MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS	101
G.6.1. MEDIO NATURAL E PAISAXE	101
Fase de planificación	101
Proxecto de urbanización	102
G.6.2. SOLOS	105
Proxecto de urbanización	105
G.6.3. CICLO HÍDRICO	107
Fase de planificación	107
G.6.4. EMISIÓN CONTAMINANTES Á ATMOSFERA. SAÚDE E BENESTAR HUMANO	109
Fase de planificación	109
Proxecto de urbanización	109
G.6.5. ENERXÍA E MOBILIDADE	111
Fase de planificación	111
G.6.6. MATERIAIS E RESIDUOS	113
Fase de planificación	113
Proxecto de urbanización	113
G.6.7. ECONOMÍA E SOCIEDADE	115
Fase de planificación	115
Fase de explotación	115
G.7. VIABILIDADE ECONÓMICA DA ALTERNATIVA SELECCIONADA	117
G.8. PROPOSTA DE PLAN DE SEGUIMENTO DA SUSTENTABILIDADE DO PXOM	119
G.8.1. INDICADORES DE SEGUIMENTO E CONTROL	119
G.9. ANÁLISE DA COHERENCIA	121
G.9.1. ANÁLISE DA COHERENCIA DOS OBXECTIVOS DO PXOM	121
Análise da compatibilidade estratéxica (ACE)	123
G.9.2. ANÁLISE DA COHERENCIA ENTRE A ALTERNATIVA SELECCIONADA E OS OBXECTIVOS DO PXOM	129
G.10. RESUMO	131
G.10.1. INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES	131
G.10.2. ANÁLISE OBXECTIVA DO CONTORNO	133
G.10.3. OBXECTIVOS DO PLAN XERAL	137
G.10.4. ANÁLISE DAS ALTERNATIVAS	139
Alternativa 0	139
Alternativa 1	139

	PÁX.
Alternativa 2	139
G.10.5. IDENTIFICACIÓN E CARACTERIZACIÓN DOS EFECTOS SOBRE O MEDIO AMBIENTE DA ALTERNATIVA SELECCIONADA	141
G.10.6. DESCRICIÓN DAS MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS	143
G.10.7. VIABILIDADE ECONÓMICA DA ALTERNATIVA SELECCIONADA	145
G.10.8. PROPOSTA DE PLAN DE SEGUIMENTO DA SUSTENTABILIDADE DO PXOM	147
G.10.9. ANÁLISE DA COHERENCIA	149

G. INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL

G.1. INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES

G.1.1. INTRODUCCIÓN

O presente Informe de Sustentabilidade Ambiental (ISA) é parte integrante do procedemento administrativo de Avaliación Ambiental Estratéxica ao que é sometido o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Bueu.

A “Lei 9/2006 sobre Avaliación dos efectos de determinados Plans e Programas no Medio Ambiente”, publicada no BOE de 29 de abril de 2006, traspón a Directiva 2001/42/CE en vigor dende o 21 de xullo de 2004, e a incorpora ao ordenamento xurídico español establecéndose como lexislación básica para Galicia.

Esta lei introduce na lexislación española a avaliación ambiental de plans e programas, tamén coñecida como avaliación ambiental estratéxica, como un instrumento de prevención que permita integrar os aspectos ambientais na toma de decisións de plans e programas públicos, baseándose na longa experiencia na avaliación de impacto ambiental de proxectos, tanto no ámbito da Administración Xeral do Estado como no ámbito autonómico, e incorpora ao noso dereito interno a Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

A partir da entrada en vigor da “Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia”, e posteriormente coa entrada en vigor da Lei 2/2010 do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificacións da Lei 9/2002, o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica que determina a Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, queda integrado co procedemento de elaboración e tramitación dos instrumentos de ordenación urbanística establecidos na “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e dos instrumentos de ordenación modificada pola Lei 15/2004”.

Conforme á lei 6/2007 e ao art. 84.6 da Lei 2/2010, o órgano promotor elaborará o Informe de Sostibilidade Ambiental de acordo co disposto no artigo 8 da Lei 9/2006, do 28 de abril, e segundo os criterios contidos no Documento de Referencia redactado polo órgano ambiental.

Para promover un desenvolvemento sustentable, conseguir un elevado nivel de protección do medio ambiente e contribuír á integración dos aspectos ambientais na preparación e aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Bueu, este sométese a unha Avaliación Ambiental Estratéxica conforme ao establecido na referida Lei.

G.1.2. ANTECEDENTES

O planeamento urbanístico actualmente en vigor no termo municipal de Bueu son as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, aprobadas definitivamente o 11 de xuño de 1986. A necesidade de dotarse dun Plan Xeral de Ordenación Municipal, adaptado á lexislación actual e que sente as bases para a definición dun modelo de desenvolvemento urbanístico e socioeconómico baixo criterios de sustentabilidade, faise notoria.

O Concello de Bueu remitiu á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, en decembro de 2010, o Anteproxecto de planeamento previsto no artigo 84.4 da LOUG, para a avaliación ambiental estratéxica do Plan Xeral.

O artigo 84.5 da LOUG, de conformidade co artigo 9 da Lei 9/2006, indica que o órgano ambiental comunicará ao órgano promotor mediante un documento de referencia a amplitude, nivel de detalle e grao de especificación do informe de sustentabilidade ambiental, incluíndo ademais os criterios ambientais estratéxicos, indicadores dos obxectivos ambientais e principios de sustentabilidade aplicables en cada caso. Defínense así mesmo as modalidades de información e consulta e identifícanse as Administracións públicas afectadas e o público interesado.

O órgano ambiental aprobou, o 16 de febreiro de 2011, o Documento de Referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica do Plan Xeral de Bueu, en base ao que se redacta o Informe de Sustentabilidade Ambiental.

G.2. ANÁLISE OBXECTIVA DO CONTORNO

As características ambientais e as dinámicas socioeconómicas do territorio municipal, que foron analizadas e detalladas nos diferentes documentos integrantes do Plan Xeral, Estudo do Medio Rural e Análise do Modelo de Asentamento Poboacional, Información Urbanística Xeral, etc., son a continuación resumidas.

G.2.1. ENCADRE XEOGRÁFICO E ÁMBITO DE INFLUENCIA DO PXOM

Encadre xeográfico.

O Termo Municipal de Bueu está situado no suroeste da provincia de Pontevedra e conta cunha superficie total de 30,8 km², que inclúe o Arquipélago de Ons, situado no exterior da Ría de Pontevedra. Limita ao norte e oeste coa ría de Pontevedra, polo sur cos concellos de Cangas e Moaña e polo leste cos concellos de Marín e Moaña.

Bueu forma parte, xunto cos concellos de Marín, Cangas e Moaña, da comarca xeográfica do Morrazo, nun territorio peninsular emprazado entre as rías de Pontevedra e Vigo.

O Concello de Bueu conta con 54 entidades singulares de poboación distribuídas nas súas seis parroquias: Santa María de Beluso, San Martiño de Bueu, Santa María de Cela, San Martiño da Fóra de Bueu, Santiago de Ermelo e San Xoaquín da Illa de Ons. Ten unha poboación total de 12.368 habitantes e unha densidade de 401,6 hab./km² (IGE 2010), moi por riba da media da provincia de Pontevedra (214,1 hab./km²) e da media galega (94,6 hab./km²). O núcleo de maior poboación é a Vila de Bueu, capital do municipio que acolle máis do 30% da poboación total do termo.

Ámbito de influencia do PXOM.

O ámbito territorial do Plan Xeral de Ordenación Municipal vén definido, conforme á Lei de Ordenación do Territorio e á vixente lexislación do solo de Galicia, polos límites do termo municipal de Bueu. Con todo, as análises dos elementos estratéxicos do territorio e das variables ambientais poden abranguer dende o ámbito comarcal ata os ámbitos provincial e rexional. Na redacción do Plan Xeral tivéronse en conta o contexto comarcal no que se insire o concello e as relacións cos municipios limítrofes. Desde o punto de vista hidrolóxico, o ámbito de influencia abrangue as cuncas hidrolóxicas das rías de Pontevedra e Vigo. Este pode considerarse o ámbito mínimo de influencia en canto á conservación do patrimonio natural e a biodiversidade, no territorio continental do termo,

estendéndose no arquipélago de Ons ao contorno das Illas Atlánticas de Galicia. Nas variables de ordenación do territorio, da mobilidade, dos residuos e da socioeconomía, o ámbito de influencia inmediato é o conxunto da rexión urbana de Vigo-Pontevedra.

G.2.2. PLANS E PROGRAMAS EN INTERACCIÓN CO PLAN XERAL

Ordenación territorial e sectorial.

Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia

En canto ao ordenamento territorial, cómpre facer mención ás Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia¹, cuxa memoria presenta un Modelo Territorial para o conxunto autonómico, orientado a preservar e potenciar aqueles elementos de identidade e de diferenciación do territorio, e ao mesmo tempo, a xerar novas opcións que contribúan a reforzar o seu atractivo e as súas potencialidades.

As DOT de Galicia tratan de dar resposta a obxectivos específicos de ordenación e coordinación territorial e achegar unha configuración e unhas iniciativas territoriais que permitan impulsar o proceso de cambio cara a unha nova etapa de desenvolvemento, e configúranse como un instrumento co que orientar os procesos de planificación e guiar aquelas intervencións que teñan incidencia sobre o territorio para ordenar os procesos de desenvolvemento.

As orientacións estratéxicas do Modelo Territorial baséanse nos seguintes criterios fundamentais:

- . Favorecer a compactidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e previr a urbanización difusa
- . Fortalecer os núcleos tradicionais e poñer en valor o territorio.
- . Mellorar a accesibilidade e mobilidade no territorio.
- . Protexer o patrimonio natural e cultural.
- . Afianzar o protagonismo exterior de Galicia.

As iniciativas que as DOT pretenden apoiar poden sintetizarse en:

- . Lograr unha maior integración de Galicia cos ámbitos que lideran o desenvolvemento europeo, aproveitando a localización singular que supón a fachada atlántica europea.

¹ As Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia foron aprobadas definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia en febreiro de 2011. Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio. (DOG N 36, 22/02/2011).

- . Contribuír á consolidación da eurorrexión Galicia- Norte de Portugal e afianzar o protagonismo de Galicia na plataforma atlántica.
- . Establecer os ámbitos de planificación e programación de infraestruturas, equipamentos e servizos para optimizar a súa oferta e racionalizar os procesos de desenvolvemento urbano e económico destes espazos.
- . Potenciar as principais áreas urbanas galegas.
- . Consolidar unha rede de vilas capaces de dotar dunha adecuada base urbana e de servizos ao conxunto do territorio.
- . Impulsar procesos de difusión demográfica.
- . Establecer criterios para a consideración do medio físico nas iniciativas urbanísticas e sectoriais.
- . Aportar referencias para a resolución de equipamentos e infraestruturas con criterios supramunicipais.

Proporcionar criterios territoriais para a elaboración de Plans e Proxectos Sectoriais.

- . Achegar referencias para o desenvolvemento do parque de vivendas e dos ámbitos de actividade de forma coherente co modelo territorial, con criterios de sustentabilidade.
- . Activar procesos de renovación e dinamización de espazos deteriorados ou en declive e de ámbitos singulares como os centros históricos.

O sistema de asentamentos de Galicia queda configurado polo seguinte sistema principal:

- . Dúas grandes Rexións urbanas: Vigo-Pontevedra e A Coruña Ferrol
- . Sete Áreas Urbanas: A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Pontevedra, Vigo e Ourense. A elas correspóndelle liderar o sistema urbano da Comunidade e están conformados pola cidade central e os municipios inmediatos que sofren as consecuencias da expansión do centro urbano. Neste caso están os

municipios da comarca do Morrazo, inseridos na rexión urbana de Vigo-Pontevedra e con influencia directa de ambas áreas urbanas.

- . Sistema urbano intermedio, formado por vilas e pequenas cidades que exercen a función de cabeceiras de carácter supracomarcal, sendo as referencias territoriais para previr o despoboamento e os desequilibrios territoriais.
- . Nodos para o equilibrio do Territorio, sendo aquelas subcabeceiras que teñen ámbito supramunicipal.
- . Núcleos principais dos restantes municipios.

Este sistema de asentamentos artículase sobre as redes infraestruturais de transporte, telecomunicacións, de abastecemento e saneamento, de distribución de enerxía, equipamentos colectivos e áreas de actividade económica, que son os que permiten o axeitado funcionamento do sistema. Por outra parte reforzan esta estrutura os recursos naturais, o patrimonio cultural, a calidade ambiental, toda vez que constitúen signos de identidade e singularidade territorial.

O desdoblamento do Corredor do Morrazo, afianza o desenvolvemento do territorio comarcal, o que debe levar aos municipios a procurar o reforzo urbano das cabeceiras urbanas de Marín, Cangas, Moaña e Bueu. En Bueu, o respecto dos ámbitos litorais e o mantemento da súa fortaleza económica, moi vinculada co sector produtivo e turístico do mar constitúen outro dos piares en que apoiar a súa ordenación. Nas DOT realízase a identificación dos núcleos de identidade do litoral, entre os que se inclúe Bueu. Identificación orientada a potenciar unha rede que articule o espazo turístico costeiro, ao tempo que permite aproveitar eses centros como nós de relación do territorio interior coa costa.

As DOT definen e relacionan as Áreas Estratéxicas de Conservación de Galicia, entre as que se atopan os Parques Nacionais, os Espazos Naturais Protexidos incluídos na Rede Natura 2000 e na Rede galega de espazos protexidos, e as áreas protexidas por instrumentos internacionais. Inclúen tamén aos espazos naturais delimitados e protexidos de acordo coas Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provinciais, aos humidais inventariados no Inventario de Humidais de Galicia (IHG), ás Áreas mariñas representativas e zonas mariñas prioritarias para Adena/WWF, ás IBA mariñas en España e aos Puntos de Interese Xeolóxico, como a base a partir da que fundamentar as áreas complementarias dos espazos naturais protexidos. No termo municipal, identifican como Áreas Estratéxicas de Conservación ao Parque Nacional

Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e Área Mariña Protexida OSPAR das Illas Atlánticas de Galicia, e aos Lugares de Importancia Comunitaria LIC-ZEPVN do Cabo Udra e LIC-ZEPVN do Complexo Ons-O Grove, e á Zona de Especial Protección para as Aves da ZEPA-ZEPVN Illa de Ons (Anexo III). As DOT tamén identifican e relacionan os ámbitos de interese do patrimonio cultural sobre os que se anteporán as estratexias de rehabilitación (Anexo IV), mais sen representación no termo.

Plan de Ordenación do Litoral de Galicia

O Plan de Ordenación do Litoral de Galicia², POL, ten por obxectivo establecer os criterios, principios e normas xerais para unha ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sustentabilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e valorización das zonas costeiras, en base ao estudo da súa paisaxe litoral que:

- . Recoñece a paisaxe como unha ferramenta e un valor de calquera territorio.
- . Recoñece os valores naturais do territorio, os procesos e o seu sistema ambiental como soporte da actividade humana.
- . Recoñece os elementos e sistemas patrimoniais froito da actividade humana e propón a súa posta en valor.
- . Propón unha racionalización dos sistemas de asentamentos e de ocupación do territorio a partir dos procesos históricos.
- . Supón a integración dos usos e actividades contemporáneas cos sistemas naturais.
- . Propón un consumo racional de solo, fomentando a concentración urbana.
- . Propón unha xestión dinámica da paisaxe, incorporando criterios e estratexias de calidade paisaxística e sostibilidade ambiental.


O POL ofrece un modelo territorial que sinala e delimita aqueles ecosistemas litorais e costeiros, praias e unidades xeomorfolóxicas e paisaxísticas, cuxas características naturais, actuais ou potenciais, xustifican a súa conservación e protección. Así, dentro

² O Plan de Ordenación do Litoral de Galicia foi aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia en febreiro de 2011. Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (DOG N 37, 23/02/2011).

das áreas continuas, establece a categoría de protección ambiental, subdividida á súa vez en protección intermareal e protección costeira; tamén dentro das continuas establece a categoría de mellora ambiental e paisaxística; e dentro das áreas discontinuas, caracterizadas pola súa fragilidade ou valor ou por ser elementos de conexión, desde o punto de vista natural ou cultural, distínguense os corredores, os espazos de interese e a Rede de espazos naturais de Galicia.

Entre as determinacións que afectan ao municipio de Bueu, máis alá das consideracións sobre o sistema paisaxístico, está a de identificar á Vila como unha cabeceira urbana ao considerala un núcleo de identidade no litoral, no que acometer unha ordenación que reforce as súas funcións urbanas garantindo a súa compactidade pero ao mesmo tempo liberando solo para permitir o esponxamento e disfrute da costa.

A mellora e compleción da súa fachada marítima, o complemento das súas funcións urbanas e a reconversión do porto nun espazo de relación no que se garanta a servidume de tránsito, permitindo a relación da poboación co mar así como a preservación dos elementos naturais que conforman o bordo litoral, o aproveitamento das vantaxes da súa posición estratéxica como porta de conexión entre o territorio e o mar, son outros dos obxectivos fixados polo Plan de Ordenación do Litoral para estes núcleos.



Planeamento Urbanístico nos Municipios Limítrofes

No planeamento urbanístico dos municipios limítrofes cos que o PXOM de Bueu ten que coordinarse, destaca que nos adaptados á LOUG se establecen franxas de solos rústicos de especial protección. No caso de Cangas hai que destacar a obsolescencia do seu planeamento, aínda que se atopa en proceso de redacción o novo planeamento.

CADRO Nº 1. ESTADO DE PLANEAMENTO DOS MUNICIPIOS LIMÍTROFES

CONCELLO	PLANEAMENTO VIXENTE	APROBACIÓN DEFINITIVA	OBSERVACIÓNS
MOAÑA	PXOM	13/07/2011	Aprobación definitiva parcial.
CANGAS	NSP	20/12/1993	En redacción PXOM. Con documento de Referencia de data 25/06/2008.
MARÍN	PXOM	27/06/2013	

Fte.: Planeamento dos municipios limítrofes. Elaboración propia.

Plans autonómicos.

Plan de Solo Empresarial de Galicia.

O Plan de Solo Empresarial de Galicia, instrumento de planificación dirixido a administrar de forma racional o solo industrial de Galicia, co obxecto de axustar a dispoñibilidade de solo á demanda existente e ás condicións do mercado, establece como proposta a creación dun Parque Empresarial do Morrazo abrangendo territorios de Cangas e Bueu, complementando o actual Parque Empresarial de Castiñeiras. Aclarar que en data 30.04.2014 aprobouse por acordo do Consello da Xunta o Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia, que mantén a previsión da área empresarial de contorno do Parque de Castiñeiras.

Plan Director de Estradas de Galicia-Plan MOVE.

No Plan Director de Estradas de Galicia-Plan MOVE, instrumento que pretende minimizar os problemas detectados na rede viaria galega e satisfacer as demandas de tráfico e mobilidade contribuíndo á Ordenación e Reequilibrio Territorial de Galicia, establécese un programa de actuacións que contempla ademais da formación de eixes viarios de novo trazado a mellora e acondicionamento da rede existente para que queden garantidas tanto a súa funcionalidade como a súa seguridade.

No que respecta á Bueu, as actuacións de máis incidencia son:

- Conversión en Autovía do corredor do Morrazo.

- Estudos e proxectos de seguridade viaria, sobre todo no referido a trazados perigosos e travesías. Contémplase estas actuacións para a PO-551, así como adaptar a traza a súa categoría funcional como primaria básica e cunha alta densidade de vehículos.

Plan de Abastecemento de Galicia. Plan Auga.

O Plan Auga, desenvolto por Augas de Galicia e aprobado definitivamente por acordo da Consello da Xunta en data 14 de maio de 2010, incorpora determinacións garantir as necesidades actuais e futuras de abastecemento de auga potable a todos os núcleos de poboación superior a cincuenta habitantes, a través de actuacións orientadas fundamentalmente á planificación das novas infraestruturas necesarias para o subministro de auga con alta garantía en cantidade e calidade, conxuntamente co establecemento de medidas dirixidas a unha xestión máis eficaz e eficiente dos recursos hídricos e dos sistemas de abastecemento. Para o Morrazo, incluído na área de Pontevedra, estase a redactar un documento de estado actual e necesidades por parte da “Sociedade Estatal Aguas de la Cuenca Norte, S.A” (ACUANORTE).

Plan de Saneamento de Galicia 2008-2015.

O Plan de Saneamento de Galicia 2008-2015 pretende planificar e dar solución á depuración de augas en todas aquelas entidades de poboación de máis de 50 hab. que non teñan resolto o seu saneamento, así como eliminar todos os puntos de verteduras, planificar os tratamentos necesarios das augas residuais para cumprir os obxectivos de calidade marcados pola lexislación vixente, e procesar axeitadamente a información recollida co fin de xestionar as actuacións futuras. No documento conclúese que a depuradora de Bueu cumpre as condicións medioambientais.

Plan sectorial eólico de Galicia.

Os obxectivos deste plan son recortar a dependencia enerxética do exterior coa diversificación das fontes de enerxía a través dun maior aproveitamento dos recursos autóctonos, contribuír á redución das emisións de CO₂ cara á consecución dos obxectivos de Kyoto, e promover o desenvolvemento económico e social, en particular daquelas zonas onde estes recursos son abundosos no marco dun desenvolvemento sustentable. Unha das 191 áreas de desenvolvemento eólico delimitadas e incluídas no vixente Plan Sectorial Eólico de Galicia, inclúe parte do territorio da comarca do Morrazo, afectando parcialmente aos montes de Bueu, nas parroquias de Cela e Ermelo.

Plan Rector de Uso e Xestión do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

As Illas de Ons e Onza están incluídas no Parque Nacional das Illas Atlánticas, segundo a declaración establecida pola Lei 15/2002 de 1 de xullo. O Parque Nacional das Illas Atlánticas está a redactar o seu Plan Rector de Uso e Xestión. Os Plans reitores de uso e xestión fixan as normas xerais de uso e xestión dos parques, prevalecendo sobre o planeamento urbanístico.

Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia.

O Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, ademais dos obxectivos propios de conservación, ten entre os seus obxectivos garantir o mantemento das actividades tradicionais promovendo a sostibilidade das accións, dar seguridade a empresarios e promotores, e fomentar o coñecemento, o uso público, o turismo de natureza e a potenciación destas áreas de gran valor natural e paisaxístico con actividades alternativas de desenvolvemento socioeconómico.

No termo municipal de Bueu, encádranse os Lugares de Interese Comunitario LIC ES 114009 Cabo Udra, e LIC ES 114004 Complexo Ons-O Grove, e a ZEPA ES 0000254 Illa de Ons, integrantes da Rede Natura 2000.

Os espazos naturais protexidos terán que ter, xa que logo, unha ordenación e xestión orientada preferentemente á súa conservación, conforme ao disposto na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza de Galicia e na Lei 42/2007, de 13 de decembro, de Patrimonio Natural e Biodiversidade, así como nos seus instrumentos específicos de planificación. O Plan Xeral terá que asegurar a súa protección, uso sustentable e posta en valor incorporando as disposicións establecidas no “Plan Director da Rede Natura” e minimizar as posibles afeccións derivadas do mesmo sobre estas áreas.

Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia (PXRSU) 2010-2020

No PXRSU, redactado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no que se establecen as bases para impulsar unha xestión dos residuos máis sostible, poñendo énfase na súa valorización, propónse a mellora do Complexo Medioambiental de Tratamento de RSU da Mancomunidade do Morrazo (Cangas), que inclúe a ampliación da súa superficie en 3.000 m².

Outros instrumentos de planificación concurrentes.

A.-"Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino".

- . Plan de Abastecemento da Ría, que inclúe a execución de dous depósitos en Bueu, reforzo das captación e canalizacións de distribución.

Servizo Provincial de Costas.

- . Proxecto de Paseo Costeiro en Agrelo-Portomaior.
- . Paseo Banda do Río-Beluso.

B.-Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Augas de Galicia.

- . Traballos de canalización na desembocadura do río Frade ou Bispo.
- . Implantación da rede separativa de pluviais na Vila para minimizar asolagamentos.

C.- Deputación de Pontevedra.

- . Actuación de complemento das redes de infraestruturas de reurbanización e saneamento parroquiais.
- . Actuacións de acondicionamento do vial de Castiñeiras e proxecto de ampliación.

G.2.3. ANÁLISE SOCIOECONÓMICA

Encadre rexional, comarcal e municipal. Demografía. Actividade económica. Vivenda.

A poboación

Dentro do sistema da rexión urbana que configuran as áreas urbanas de Vigo e Pontevedra, definida nas Directrices de Ordenación do Territorio, a comarca xeográfica do Morrazo constitúe a charnela entre as dúas áreas urbanas recibindo os municipios da ladeira norte influencia máis directa de Pontevedra e os da ladeira sur influencia máis directa de Vigo.

A mellora das comunicacións na comarca do Morrazo, tras a posta en funcionamento do CG-4.4, variante de Marín que remata en Aldán, mellora sensiblemente a accesibilidade de Bueu e permite que o municipio manteña a súa poboación ou incluso poida medrar ao ritmo que o fai a comarca na que está inserida.

CADRO Nº 2. EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA DA COMARCA XEOGRÁFICA DO MORRAZO

Nº	MUNICIPIOS	SUP. Km ²	POBOACIÓN			INCREMENTO POBOACIÓN		DENS. 2010 Hab/Km ²	TCAAM		
			1991	2001	2010	91-01	01-10		91-01	01-10	91-10
36004	BUEU	30,8	12.509	12.617	12.368	108	-249	401,6	0,09	-0,22	-0,06
36008	CANGAS	38,1	22.758	23.981	25.913	1.223	1.932	680,1	0,52	0,86	0,69
36026	MARÍN	36,7	24.045	24.997	25.997	952	1.000	708,4	0,39	0,44	0,41
36028	MOAÑA	35,1	15.060	17.053	19.231	1.993	2.178	547,9	1,25	1,34	1,30
	TOTAL COMARCA	140,7	74.372	78.648	83.509	4.276	4.861	593,5	0,56	0,67	0,61

Fte: IGE. Elaboración propia.

Da análise da evolución demográfica comarcal, reflectida no cadro nº 2, despréndese que o Morrazo presenta unha dinamicidade demográfica significativa, sendo o municipio de Bueu o único que amosa unha leve regresión.

A posición baricéntrica do territorio comarcal do Morrazo no espazo metropolitano Pontevedra-Vigo, dótano de inmejorables calidades de posición para seguir medrando ao ritmo que o vén facendo nos últimos anos. As excepcionais condicións ambientais da península confírenlle un sobrevalor engadido para un territorio de residencia estable reforzado polas actividades vinculadas ao lecer. Ademais en todo o conxunto Bueu presenta un espazo empresarial formalizado, constituíndo outro dos piares no que apontoar o seu desenvolvemento. E todo isto no marco dunha provincia, a de Pontevedra, que presenta un crecemento sostido desde a metade do século,

incrementando a súa posición relativa en Galicia, pasando de supoñer o 23,1% en 1900 ao 25,8% en 1950, ao 33,5% no ano 2001 e ao 34,4% no ano 2010.

Estas cuestións xustifican plenamente a dobre perspectiva de encadramento territorial do municipio de Bueu para os efectos da concepción da súa ordenación territorial.

- Como municipio dunha comarca de articulación litoral situada nunha península, Bueu é un dos núcleos referentes e prestatario de servizos, sinalado como núcleo de identidade polo Plan de Ordenación do Litoral.
- Como municipio asociado á rexión urbana de Vigo-Pontevedra, -no treito Bueu-Pontevedra, definido nas DOT-, a vila de Bueu participa tamén das tendencias expansivas e dinámicas propias do desenvolvemento selectivo de determinadas funcións urbanas relacionadas coas comunicacións e o transporte, co ocio e co turismo, coa valorización dos recursos patrimoniais, culturais e naturais e o desenvolvemento sostible, funcións todas elas que permiten reorientar o modelo do desenvolvemento urbanístico local.

A vivenda no marco comarcal e no termo municipal

En canto á análise de vivenda hai que sinalar que en 1981, os catro municipios do Morrazo reunían 23.753 vivendas, das cales Marín absorbía o 31,0%, Cangas un 29,5% e Moaña un 22,8%. Na mesma data, Bueu concentraba o 16,6%. O conxunto das vivendas comarcais, supoñía o 8,4% do parque de vivendas da provincia.

De 1981 a 1991, o conxunto das vivendas dos catro municipios analizados experimentou un crecemento do 24,0%, moi superior ao provincial (16,8%).

En 1991 Cangas, con 8.941 vivendas, é o que consegue o maior crecemento do seu parque residencial dentro da comarca (27,8%) seguido moi de cerca polo de Bueu (27,1%) e polo de Moaña (22,7%).

Na década 1991-2001 ralentízase o incremento residencial sendo a media comarcal (15,4%), inferior á media provincial (20,7%). Só o concello de Cangas mantén un incremento do parque residencial superior á media provincial (26,6% fronte ao 20,7% provincial). Segundo os datos de construción do IGE, no período 2000-08 increméntase o parque residencial noutro 17%, sendo o municipio de Cangas o que maior porcentaxe leva dese incremento (43,2%).

CADRO Nº 3. EVOLUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS NA COMARCA DO MORRAZO. 1981-01

	1981		1991		2001		EVOLUCIÓN %	
	VA	%	VA	%	VA	%	1981-1991	1991-2001
Bueu	3.953	16,6	5.024	17,1	5.621	16,5	27,1	11,9
Cangas	6.995	29,5	8.941	30,4	11.317	33,3	27,8	26,6
Marín	7.368	31,0	8.830	30,0	10.196	30,0	19,8	15,5
Moaña	5.437	22,9	6.669	22,6	6.876	20,2	22,7	3,1
TOTAL	23.753	100,0	29.464	100,0	34.010	100,0	24,0	15,4
Provincia	284.259	-	331.889	-	400.475	-	16,8	20,7
Comarca/provincia	-	8,4	-	8,9	-	8,5		

Fte.: INE. Censos de vivenda. Elaboración propia.

CADRO Nº 4. VARIACIÓN NETA PARQUE RESIDENCIAL NA COMARCA DO MORRAZO. 2000-08

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	TOTAL
Bueu	94	143	81	59	32	68	34	156	71	738
Cangas	293	292	371	480	268	316	349	142	11	2.522
Marín	170	81	118	43	40	91	35	139	5	722
Moaña	188	165	179	206	223	371	142	292	88	1.854
Comarca	745	681	749	788	563	846	560	729	175	5.836

Fte.: IGE. Estadística de construción de edificios. Elaboración propia.

Analizando os datos da evolución segundo o seu destino, que reflicte o cadro nº 6, vemos que a porcentaxe de vivendas desocupadas incrementouse en todos os municipios, sendo moi subliñable no caso de Cangas, cunha diferenza de máis de 700 vivendas (+ 3,5 puntos porcentuais). Esta disparidade, cun notable incremento do parque de vivendas, explícase pola evolución do proceso desencadeado pola ausencia durante anos de controis de legalidade urbanística.

A porcentaxe de vivendas principais increméntase sobre todo en Moaña, sobre o que teñen influído significativamente a mellora de accesibilidade coas áreas urbana e metropolitana de Pontevedra e Vigo (enlace coa autoestrada AP-9).

No conxunto comarcal crece a porcentaxe de vivendas principais e tamén a das desocupadas en detrimento da porcentaxe das secundarias e outras.

Como conclusión, podemos determinar que na década censual o incremento do parque residencial na comarca debeuse nunha boa parte ao grande crecemento do número de vivendas de Cangas. Nos concellos máis próximos aos accesos cos corredores viarios especializados, o incremento prodúcese case que na súa totalidade en vivendas principais medrando igualmente a porcentaxe de desocupadas, descendendo o índice de vivenda secundaria e o de outras. A diferenza no tratamento dos datos con respecto a outras vivendas explica o incremento nestes municipios das vivendas baleiras.

CADRO Nº 5. EVOLUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS SEGUNDO O SEU DESTINO NA COMARCA DO MORRAZO. 1991-01

	BUEU				CANGAS				MARÍN				MOAÑA				COMARCA			
	1991		2001		1991		2001		1991		2001		1991		2001		1991		2001	
	VA	%	VA	%	VA	%	VA	%	VA	%	VA	%	VA	%	VA	%	VA	%	VA	%
Principais	3.319	65,0	3.704	65,9	6.259	69,1	7.487	66,2	6.451	72,6	7.592	74,5	5.138	74,8	5.604	81,5	14.908	71,4	24.387	71,7
Secundarias	934	18,3	983	17,5	1.256	13,9	1.475	13,0	852	9,6	742	7,3	515	7,5	222	3,2	2.301	11,0	3.422	10,1
Desocupadas	695	13,6	878	15,6	1.517	16,8	2.300	20,3	1.352	15,2	1.796	17,6	947	13,8	1.050	15,3	2.994	14,4	6.024	17,7
Outras	162	3,2	56	1,0	23	0,3	54	0,5	237	2,7	66	0,6	265	3,9	0	0,0	664	3,2	176	0,5
Total	5.110	100,0	5.621	100,0	9.055	100,0	11.316	100,0	8.892	100,0	10.196	100,0	6.865	100,0	6.876	100,0	20.867	100,0	34.009	100,0

Fte.: INE. Censos de vivenda. Elaboración propia.

En canto á diminución do tamaño familiar medio, cómpre indicar que este é un fenómeno que afecta de xeito continuado a Galicia e España, e a todos os seus municipios. No termo municipal de Bueu, o número de habitantes por vivenda principal ven diminuindo significativamente nas últimas décadas, pasando de 4,07 hab/viv en 1981 a 3,77 hab/viv en 1991 e 3,40 hab/viv no ano 2001. A última das razóns é superior á relación habitante por vivenda principal para Galicia nese ano (2,99).

A actividade económica

No aspecto económico, en Bueu produciuse como en toda Galicia un descenso significativo da poboación ocupada no sector primario, pasando do 46% da poboación activa en 1991 a ocupar o 31,4 % no ano 2001. Esta porcentaxe segue a ser moi elevada, posto que a media provincial no ano 2001 acadara o 16,7% e a media galega o 11,1%. Igualmente significativo é o peso das actividades primarias no municipio de Cangas co 21,9% da súa poboación ocupada do ano 2001. Aínda que ámbolos dous municipios diferénciense claramente polo peso que o sector terciario ten en Cangas fronte á menor presenza do terciario en Bueu, segundo os datos dos Censos de 1991 e 2001.

O municipio de Marín sobresaíe polas actividades terciarias que absorben o 59,4% da súa poboación ocupada.

Así no ano 2001, e en relación á media provincial, todos os municipios da comarca presentan maior presenza do sector primario e un menor peso do sector secundario e terciario, con excepción de Moaña e Marín respectivamente.

Nun marco económico provincial onde é maioritaria a poboación ocupada no sector terciario, a península de Morrazo caracterízase polo importante peso das actividades

primarias e un sector servizos con atraso no seu desenvolvemento respecto da provincia, aínda que recuperándose se se comparan cos datos da década dos noventa.

Mentres que nos dous polos de atracción da área, Pontevedra e Vigo, o terciario concentra máis do 60% da poboación ocupada, a media dos catro municipios non supera o 50%. No sector secundario tamén se produce unha notable diferenza dos municipios de Bueu e Marín, sobre todo respecto a Vigo.

En canto á poboación activa, cabe destacar que a taxa de actividade nestes municipios permanecía por debaixo da taxa media provincial e dos dous polos no ano 1991, pero recuperouse de xeito significativo, de tal xeito que en Cangas e Moaña xa se superan os valores dos polos de Pontevedra e Vigo no ano 2001. A taxa de actividade máis baixa é a de Bueu. Comparando as taxas de 1991 e 2001, segundo os datos censuais, que son os únicos que permiten facer unha análise homoxénea, vemos que a de actividade incrementouse en todos os municipios na década dos 90.

Na taxa de actividade por sexo, destaca o crecemento producido na década dos 90 da taxa de actividade feminina en todos os municipios, da Comarca, fronte ao mantemento ou leve diminución da taxa de actividade masculina. A taxa de actividade feminina máis elevada osténtaa Moaña co 46,7% en 2001, seguida de Marín (44,3%) que superan as taxas de Pontevedra e Vigo e a media provincial. No sexo masculino as diferenzas son menores, se ben, Cangas e Marín presentan unhas taxas reducidas fronte aos dous polos e á provincia. Esta forte incorporación da muller ao traballo é a responsable do incremento das taxas de actividade sufrido na década.

CADRO Nº 6. TAXAS DE ACTIVIDADE. 1991

MUNICIPIOS	TAXA DE ACTIVIDADE	HOMES	MULLERES
BUEU	42,7	66,4	20,3
CANGAS	45,2	66,0	25,6
MARÍN	45,7	68,9	24,3
MOAÑA	47,5	68,2	28,6
COMARCA O MORRAZO	45,5	67,5	25
Provincia	49,6	68,6	32,6
Pontevedra	50,7	68,4	35,4
Vigo	52,2	69,1	37,3

Fte.: I.G.E. Censo de Poboación. Elaboración propia.

CADRO Nº 7. TAXAS DE ACTIVIDADE. 2001

MUNICIPIOS	TAXA DE ACTIVIDADE	HOMES	MULLERES
BUEU	47,6	64,5	31,4
CANGAS	55,1	66,2	44,3
MARÍN	51,1	66,2	37,0
MOAÑA	57,0	68,1	46,7
COMARCA O MORRAZO	53,1	66,3	40,6
Provincia	53,7	66,2	42,3
Pontevedra	54,0	66,1	43,5
Vigo	55,3	66,4	45,5

Fte.: I.G.E. Censo de Poboación. Elaboración propia.

Segundo o Censo de Poboación de 2001 a taxa de paro do municipio de Bueu era do 12,2% lixeiramente superior á taxa autonómica pero inferior á provincial. Este feito explícase desde o forte incremento do acceso da muller ao mercado laboral, sendo máis subliñables as diferenzas nas taxas femininas de desemprego no ano 1991, pero compensándose coa media provincial no ano 2001.

CADRO Nº 8. TAXAS DE DESEMPREGO. 1991

MUNICIPIOS	TAXA DE DESEMPREGO	HOMES	MULLERES
BUEU	17,0	14,0	26,4
CANGAS	18,5	15,3	26,3
MARÍN	18,6	14,4	29,5
MOAÑA	27,3	24,3	33,9
COMARCA O MORRAZO	20,4	16,9	29,3
Provincia	19,1	16,2	24,6
Pontevedra	15,8	13,1	20,3
Vigo	21,6	17,1	29,0

Fte.: Censo de Poboación 1991. Elaboración propia.

CADRO Nº 9. TAXAS DE DESEMPREGO. 2001

MUNICIPIOS	TAXA DE DESEMPREGO	HOMES	MULLERES
BUEU	12,2	8,9	17,4
CANGAS	12,2	8,8	17,1
MARÍN	11,6	8,4	16,9
MOAÑA	14,2	10,7	18,9
COMARCA O MORRAZO	12,2	8,9	17,4
Provincia	12,9	9,8	17,2
Pontevedra	12,2	9,1	16,4
Vigo	14,7	11,4	18,8

Fte.: Censo de Poboación 2001. Elaboración propia.

En canto á distribución da poboación ocupada, segundo os datos censuais vemos que no ano 2001 o sector primario segue a ter na comarca do Morrazo un peso moi

significativo, e sobre todo no Concello de Bueu. A pesca e as súas industrias asociadas acaparan boa parte dos traballadores.

A pesar da diminución sufrida na década, a poboación ocupada no sector primario segue a ser importante. O sector secundario e o terciario incrementan o peso en 3,7 e case 10 puntos porcentuais, o que dá conta da tercerización do municipio que amplía as súas funcións de servizos de carácter urbano.

CADRO Nº 10. DISTRIBUCIÓN POR SECTORES DA POBOACIÓN OCUPADA (%).

MUNICIPIOS	PRIMARIO		SECUNDARIO		TERCIARIO	
	1991	2001	1991	2001	1991	2001
BUEU	46,0	31,4	21,6	25,3	32,4	43,3
CANGAS	37,2	21,9	28,4	28,7	34,4	49,4
MARÍN	30,6	17,8	21,3	22,8	48,2	59,4
MOAÑA	23,8	17,3	39,0	41,4	37,2	41,3
COMARCA O MORRAZO	33,6	20,9	27,4	29,5	39,1	49,6
Provincia	16,7	9,3	35,7	34,3	47,5	56,5
Pontevedra	5,5	2,8	29,4	23,4	65,1	73,8
Vigo	4,1	2,1	35,9	30,5	60,0	67,4

Fte.: Censos de Poboación 91-2001. I.G.E. e elaboración propia.

CONCLUSIÓN

En resumo, das condicións socioeconómicas destácanse as seguintes variables:

- A poboación municipal mantén en xeral unha estabilidade en canto ao número de habitantes.
- Na ocupación da poboación destaca o peso do sector primario, que se mantén por encima das medias provincial e galega no ano 2001, o que dá conta do peso que as actividades vinculadas coa explotación dos recursos mariños con base no Porto de Bueu.
- En canto á evolución do parque residencial cómpre mencionar que a vivenda secundaria contraeu o seu peso a favor da vivenda principal. A proporción de vivenda baleiras e outras mantense no período analizado en torno ao 16,6% na década do 1991-2001, cunha lixeira contención ata o ano 2011, onde da publicación dos datos provisionais do censo se observa que a porcentaxe agregada de vivendas baleiras e outras acada o 16,1%, o que resulta destacable na Comunidade, onde os datos de vivenda baleira amosan que a súa porcentaxe sufriu un significativo incremento sobre a base da forte construción levada a cabo nos primeiros anos da década dos 2000.

G.2.4. CARACTERIZACIÓN AMBIENTAL E IDENTIFICACIÓN DOS ELEMENTOS ESTRATÉXICOS DO TERRITORIO MUNICIPAL

Caracterización ambiental.

O municipio de Bueu está conformado por un territorio continental pertencente á Península do Morrazo, emprazada entre as Rías de Pontevedra e Vigo, e outro insular, situado no exterior da Ría de Pontevedra, formado polo Arquipélago de Ons. A composición litolóxica do territorio buenense é moi homoxénea, sendo os materiais predominantes as rochas graníticas hercínicas, con granodioritas con megacristais de feldespato e granitos de feldespato alcalino, aínda que tamén aparecen materiais xistosos e, sobre todo no litoral, depósitos sedimentarios cuaternarios. Bueu posúe un extenso litoral caracterizado por unha elevada variedade e complexidade, acollendo diferentes praias, rochedos e cantís. Topograficamente destaca a baixa altitude, situándose a maioría da superficie municipal por baixo da cota dos 200 m. Aínda que o relevo é, en xeral, suavemente ondulado, presenta notable variabilidade e áreas de fortes pendentes, tanto no litoral como nas vertentes dos relevos interfluviais.

O territorio está situado no dominio climático oceánico húmido con tendencia á aridez estival e precipitacións durante case todo o ano, máximas nos meses fríos, e reducidas precipitacións estivais. A rede hidrográfica básica, constituída por regos de corto recorrido que baixan dende os montes do Morrazo cara á Ría de Pontevedra, está formada polos regos da Pena, do Barranco do Inferno e do Bispo ou do Frade, cursos fluviais que teñen o seu nacemento nos montes de Ermelo e de Cela, e desembocan na Enseada de Bueu. O rego Nocedo, que nace no contorno do Alto do Borrallido, drena o sector meridional da parroquia de Beluso e desemboca na Ría de Aldán.

No Morrazo os usos do solo están caracterizados por un denso poboamento e urbanización difusa. Neste marco, as zonas artificializadas por áreas urbanas e industriais acadan unha notable extensión, aínda que a maior superficie do termo municipal corresponde ao uso forestal, con ao redor de dous terzos da superficie total. Os usos agropecuarios, nos que destaca a viticultura, complementan ás actividades pesqueiras e marisqueiras e ao sector terciario, predominante no termo. A Vila de Bueu, cabeceira do municipio, concentra os usos urbano residenciais e configura o centro comercial e de servizos públicos e privados máis importante do concello. Na súa fronte litoral emprázase o Porto de Bueu, que se complementa co Parque Empresarial de Castiñeiras, onde se emprazan as actividades industriais máis significativas.

No contexto da Ría de Pontevedra e da Península do Morrazo, o termo municipal caracterízase por presentar un territorio costeiro complexo que propicia unha grande variedade ecolóxica, cun litoral no que se combinan fronte acantiladas expostas e complexos sedimentarios dunha grande naturalidade. Dende o punto de vista bioxeográfico encádrase no Subsector da Rías Baixas do Sector Galaico-Portugués, constituíndo a cabeza de serie da vexetación natural a carballeira galaico-portuguesa do carballo (*Quercus robur*), denominada *Rusco aculeati-Querceto roboris sigmetum*.

A diversidade de ecosistemas do litoral das Rías Baixas determina que acollan os maiores valores de biodiversidade de Galicia. O territorio de Bueu acolle, polo tanto, unha grande diversidade de especies de flora e de fauna de singular interese para a conservación, e unha grande diversidade de hábitats, cunha representación moi destacada dos hábitats mariños e costeiros protexidos pola normativa comunitaria.

As Illas de Ons e Onza presentan uns extraordinarios valores naturais, tanto ecolóxicos como paisaxísticos, que motivaron a súa inclusión no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. As excepcionais condicións ambientais e paisaxísticas e o rico e diverso patrimonio cultural do Morrazo converten, así mesmo, ao territorio peninsular nunha das áreas máis atractivas do litoral da comunidade, con numerosas praias e paraxes costeiros de intenso aproveitamento turístico recreativo. Nos recursos paisaxísticos locais, destacan os espazos litorais que conforman, pola súa naturalidade e elevado interese ecolóxico, unhas paisaxes de alta calidade e alto valor recreativo. Como espazos naturais máis importantes destacan as Illas de Ons e Onza integradas, ademais de no Parque Nacional das Illas Atlánticas, no ZEPVN-LIC (Zona especial protección dos valores naturais-Lugar de Interese Comunitario) do Complexo Ons-O Grove e declaradas ZEPA (Zona de especial protección para as aves) da Illa de Ons, e o Cabo Udra declarado, así mesmo, ZEPVN-LIC; espazos pertencentes polo tanto á Rede galega de espazos protexidos e á Rede Natura 2000. Tamén como espazo natural destacable, delimitado nas Normas Subsidiarias Provinciais (NNS), está a Carballeira de Coiro, que abarca toda a zona sur e sueste da parroquia de Santiago de Ermelo.

No “Mapa das Grandes Areas Paisaxísticas de Galicia”, instrumento de protección, ordenación e xestión das paisaxes desenvolto no marco da Estratexia da Paisaxe de Galicia, o territorio do termo encádrase na comarca paisaxística de “Pontevedra”, definida na grande área de paisaxe das “Rías Baixas”. A configuración paisaxística do territorio municipal constitúe un dos seus grandes atractivos, no que as peculiaridades xeográficas das Rías Baixas determinan os seus principais trazos paisaxísticos. Atractivo paisaxístico que está tamén fundamentado na calidade escénica e diversidade

das súas paisaxes, onde é posible contemplar áreas naturais dunha singular beleza e elevada cualificación ecolóxica. O sector occidental da Península do Morrazo e as Illas Atlánticas constitúen unha das zonas de maior interese paisaxístico de Galicia.

No Estudo do Medio Rural, clasifícase o territorio municipal en unidades paisaxísticas, e analízanse as súas características visuais, atendendo á súa calidade e fragilidade visual. Así mesmo, identifícanse e descríbense as unidades ambientais presentes, que son representadas nun mapa de unidades ambientais. Na ordenación do territorio e na planificación urbana e ambiental, a identificación das unidades ambientais existentes aporta un coñecemento do territorio que permite valoralo atendendo ás súas calidades ecolóxicas, produtivas, funcionais, paisaxísticas e científico-culturais e, deste xeito, guiar as decisións de ordenación. No Anexo cartográfico, reflíctese a valoración global das unidades ambientais presentes no termo, estimada en función dos méritos que posúen para a súa conservación.

O territorio está afectado por diversos riscos naturais entre os que destacan o risco de incendios forestais e o risco de inundacións. Pola contra, a actividade industrial non comporta, en xeral, riscos significativos para a poboación do municipio e os seus bens. As parroquias do concello foron declaradas Zonas de Alto Risco de Incendios Forestais (ZAR), establecidas pola administración autonómica na *Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal*. A Vila de Bueu é, en función do seu emprazamento e das características hidroxeolóxicas da conca, o asentamento do termo que presenta maior risco de sufrir inundacións. A Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, que está a realizar a Avaliación preliminar do risco de inundación e selección de áreas con risco potencial significativo en zonas costeiras, conforme aos criterios sinalados na *Directiva 2007/60/CE, de 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación* e no *RD 903/2010, de 9 de julio, de evaluación y gestión de riesgos de inundación*, recolle no termo a Área de Risco Potencial Significativo de Inundación ES 014-PO-03-01-01, asociada ao treito baixo do Rego do Bispo ou do Frade e sinala, así mesmo, a Área de Risco Potencial Significativo de Inundación en Zonas Costeiras de Bueu.

Identificación dos elementos estratéxicos do territorio municipal.Hábitats e especies de interese para a conservación.

O territorio municipal acolle ecosistemas e hábitats naturais e seminaturais de contrastada fragilidade, singularidade ou rareza, e un notable número de especies de flora e fauna, raras e de distribución reducida en Galicia, incluídas nas categorías de protección e ameaza establecidas pola lexislación. En consecuencia, terase que garantir un estado de conservación favorable tanto no que respecta aos hábitats naturais de interese comunitario incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, como ás especies de fauna e flora de especial interese para a conservación.

Hábitats naturais de interese comunitario:

De acordo coa información dispoñible no Sistema de Información Territorial e de Biodiversidade de Galicia (SITEB) e coa recollida no Inventario Nacional de Hábitats, 2005, no termo municipal estarían representados os seguintes hábitats naturais de interese comunitario incluídos no Anexo I da DC 92/43/CEE e recollidos na Lei 42/2007:

CADRO Nº 11. HÁBITATS DE INTERESE COMUNITARIO

CÓDIGO UE	PRIORITARIO	DESCRIPCIÓN
1110	NON	Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña
1130	NON	Esteiros
1140	NON	Chairas lamacentas ou areosas non cubertos pola auga na baixamar
1160	NON	Grandes calas e baías pouco fondas
1170	NON	Arrecifes
1210	NON	Vexetación anual sobre argazos
1220	NON	Vexetación perenne de coídos
1230	NON	Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas
2110	NON	Dunas móbiles embrionarias
2120	NON	Dunas móbiles litorais con <i>Ammophila arenaria</i> ("dunas brancas")
2130*	SI	Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea ("dunas grises")
2150*	SI	Dunas fixas descalcificadas atlánticas (<i>Calluno-Ulicetea</i>)
2190	NON	Depresións intradunais húmidas
2230	NON	Dunas con céspedes de <i>Malcomietalia</i>
2260	NON	Dunas con vexetación esclerófila do <i>Cisto-Lavanduletalia</i>
3260	NON	Ríos de pisos de chaira a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitriche-Batrachion</i>
4030	NON	Uceiras secas europeas
4040*	SI	Uceiras secas atlánticas costeiras de <i>Erica vagans</i>
4090	NON	Uceiras oromediterráneas endémicas con toxo

CÓDIGO UE	PRIORITARIO	DESCRIPCIÓN
6220*	SI	Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde <i>Thero-Brachypodietea</i>
6410	NON	Prados con <i>Molinia</i>
6430	NON	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	NON	Prados de sega de baixa altitude
8220	NON	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	NON	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
8310	NON	Covas non explotadas polo turismo
8330	NON	Fumas mariñas
91E0*	SI	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i>)
9230	NON	Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>
9260	NON	Bosques de <i>Castanea sativa</i>

Ftes: Inventario Nacional de Hábitats, 2005. MARM. Sistema de Información Territorial e de Biodiversidade de Galicia (SITEB)

É preciso significar a presenza no territorio de catro hábitats de interese comunitario prioritario, cos hábitats 2130* Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea ("dunas grises"), 2150* Dunas fixas descalcificadas atlánticas (*Calluno-Ulicetea*) e 6220* Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde *Thero-Brachypodietea*, vinculados aos medios costeiros e litorais³. Ademais, ten representación o hábitat 91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*, asociado ao rego do Frade e ás regueiras de Beluso. Cómpre destacar, así mesmo, a grande diversidade de hábitats mariños e costeiros presentes no territorio buenense.

En función da súa representación e extensión, destacan no municipio as uceiras e matogueiras de zona temperada, co tipo de hábitat Uceiras secas europeas (4030), que constitúe o hábitat máis característico dos territorios insulares do termo e aparece de xeito regular nas cimas e ombreiros dos cabos costeiros expostos, así como de xeito puntual nos cumes do interior. As Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* (9230) están tamén presentes no termo asociadas á rede fluvial e aos espazos agrarios marxinais.

Especies de flora e fauna de especial interese para a conservación:

No Estudo do Medio Rural do Plan Xeral, realízase un estudo específico no que se identifica e analiza a flora e a fauna presente no territorio cos valores de conservación máis destacados, ben por ser especies endémicas ou estar protexidas pola lexislación, ou ben por estar incluídas nos Catálogos de Especies Ameazadas, galego e nacional, e nas Directivas Europeas de Aves e Hábitats. No mesmo, certifícase a presenza no

³ O INH sinala tamén a existencia do hábitat prioritario 4040* Uceiras secas atlánticas costeiras de *Erica vagans*, mais este é un hábitat exclusivo da área costeira cantábrica occidental e da Costa Ártabra (Ribadeo-Pantín). Ramil Rego, P.; Rodríguez Guitián, M.A. et al, IBADER (2008).

termo dun significativo número de especies de flora e fauna de especial interese para a conservación. A xeito de resume, cómpre sinalar que no territorio cítanse un total de 25 taxons do Anexo II da DC 92/43/CEE que inclúen especies de flora de interese para a conservación como *Rumex rupestris* e os amarells *Narcissus cyclamineus*, xunto a 38 do Anexo IV. Están presentes, así mesmo, os insectos *Euphydryas aurinia*, *Lucanus cervus*, e *Coenagrion mercuriale* como especies de invertebrados listadas no anexo II da Directiva Hábitats. Por parte da ictiofauna (peixes) rexístranse o sáballo (*Alosa alosa*), a zamborca (*Alosa fallax*), a lamprea (*Petromyzon marinus*) e o salmón (*Salmo salar*), mentres que dentro do conxunto da ornitofauna (aves), pódense contabilizar un total de 39 especies do Anexo I da DC 79/409/CEE. De feito, o grupo de especies protexidas máis numeroso é o das aves con máis de 130 taxons incluídos nalgunha categoría de protección. A herpetofauna (ras, sapos, lagartos, serpes) atópase moi ben representada no territorio, con 10 especies de anfibios e 13 especies de réptiles con algunha categoría de protección. Pola súa parte, nos mamíferos atópanse 21 taxons listados, algún deles moi ligado ao hábitat rural ben conservado.

As especies de flora e fauna ameazada presentes no territorio recóllense no seguinte cadro, con indicación do seu estatus de conservación a nivel autonómico, nacional e europeo. Como complemento, engádesse información sobre os seus hábitats ou biótopos preferentes no termo, co gallo de identificar aqueles de maior vulnerabilidade.

Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas; Decreto 167/2011, do 4 de agosto, polo que se modifica o Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas e se actualiza o dito catálogo:

- . Especies en perigo de extinción (E): especies cuxa supervivencia é pouco probable se os factores causantes da súa actual situación seguen actuando.
- . Vulnerables (V): especies que corren perigo de pasar á categoría anterior nun futuro inmediato se os factores adversos que actúan sobre elas non son corrixidos.

Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para el desarrollo del Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas:

- . Especies en perigo de extinción (E): especie, subespecie ou poboación dunha especie cuxa supervivencia é pouco probable si os factores causais da súa actual situación seguen actuando.

- . Vulnerables (V): especie, subespecie ou poboación dunha especie que corre o risco de pasar á categoría anterior nun futuro inmediato si os factores adversos que actúan sobre ela non son corrixidos.

Directiva Aves 2009/147/CE, de 30 de novembro, relativa á conservación das aves silvestres:

- . Anexo I: Especies obxecto de medidas de conservación especiais en canto ao seu hábitat, co fin de asegurar a súa supervivencia e a súa reprodución na súa área de distribución.
- . Anexo II: Especies que poderán ser obxecto de caza.
- . Anexo III: Especies que poderán ser obxecto de venda.

Directiva Hábitats 92/43/CEE, de 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres:

- . Anexo II: Especies animais e vexetais de interese comunitario para cuxa conservación é necesario designar zonas especiais de conservación.
- . Anexo IV: Especies animais e vexetais de interese comunitario que requiren unha protección estrita.
- . Anexo V: Especies animais e vexetais de interese comunitario cuxa recollida na natureza e cuxa explotación pode ser obxecto de medidas de xestión.

CADRO Nº 12. ESPECIES DE FLORA E FAUNA AMEAZADA

ESPECIE	BIÓTOPOS	CGEA	CEEA	DIRECTIVA 92/43/CEE
FLORA				
<i>Narcissus cyclamineus</i> Amarelle trompeta	A, F	V	NC	ANEXO II, IV
<i>Spiranthes aestivalis</i> Espiral de verán	C, F, M	V	NC	ANEXO IV
<i>Rumex rupestris</i>	F, R	E	NC	ANEXO II, IV
<i>Cytisus insularis</i>	R, C	E	NC	-
<i>Linaria arenaria</i> Paxariños	D	E	NC	-
<i>Lithothamnium coralloides</i>	MR	V (A III)	NC	ANEXO V
<i>Phymatholithon calcareum</i>	MR	V (A III)	NC	ANEXO V
INVERTEBRADOS				
<i>Echinus esculentus</i> Ourizo de mar	MR	V	NC	-
<i>Eunicella verrucosa</i>	MR	V	NC	-
<i>Charonia lampas</i> subsp. <i>lampas</i> Caracola	MR	V	V	-
PEIXES				
<i>Alosa alosa</i> Sábalo	MR	V	NC	ANEXO II, IV
ANFIBIOS				
<i>Chioglossa lusitanica</i> Saramaganta	F	V	V	ANEXO II, IV
<i>Salamandra salamandra</i> Pintega	F, A, C	V[2]		-
<i>Lissotriton boscai</i> Limpafontes común	F	V[2]	NC	-
<i>Discoglossus galganoi</i> Sapiño pinto	F, M	V[2]	NC	ANEXO II, IV
<i>Pelobates cultripes</i> Sapo de esporóns	F, C	V	NC	ANEXO II, IV
<i>Hyla arborea</i> Estroza	F	V	NC	ANEXO V
<i>Rana iberica</i> Ra patilonga	F	V	NC	ANEXO II, IV
RÉPTILES				
<i>Dermochelys coriacea</i> Tartaruga de coiro	MR	E	NC	ANEXO IV
<i>Chalcides bedriagai</i> Esgonzo ibérico	D, L	E[2]	NC	ANEXO IV
<i>Timon lepidus</i> Lagarto arnal	D, M, R	V[2]	NC	-
<i>Natrix natrix</i> Cobra de colar	A, M, C	V[2]	NC	-
<i>Natrix maura</i> Cobra de auga	F, L	V[2]	NC	-
<i>Rhinechis scalaris</i> Serpe riscada	M, R	V[2]	NC	-
MAMÍFEROS				
<i>Galemys pyrenaicus</i> Furapreseiras	F	V	V	ANEXO IV
<i>Rhinolophus hipposideros</i> M. de ferradura pequeno	E, V	V	NC	ANEXO II, IV
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i> M. de ferradura grande	E, V	V	V	ANEXO II, IV
<i>Rhinolophus euryale</i> M. de ferradura mediterráneo	E, V	V	V	ANEXO II, IV
<i>Myotis bechsteinii</i> Morcego de Bechstein	A	V	V	ANEXO II, IV
<i>Myotis emarginatus</i> M. de orellas fendidas	E, V	V	V	ANEXO II, IV
<i>Myotis myotis</i> Morcego rateiro grande	E, V	V	V	ANEXO II, IV
<i>Phocoena phocoena</i> Toniña	MR	V	V	ANEXO II, IV
<i>Tursiops truncatus</i> Arroaz real	MR	V	V	ANEXO II, IV

Non Catalogada	Vulnerable	En perigo de extinción
NC	V	E

[2] Poboacións insulares

(A III) Taxons e poboacións catalogadas susceptibles de aproveitamento discreto

BIÓTOPOS:	A – Áreas arboradas	L – Praias, esteiros, mariñas e illas	C – Cultivos e praderías
	M – Matogueiras	D – Dunas	R – Rochedos e cantís
	E – Edificacións	V – Covas	F – Ríos, ribeiras e humidais
	MR – Mariño		

CADRO Nº 12 (CONTINUACIÓN). ESPECIES DE FLORA E FAUNA AMEAZADA

ESPECIE	BIÓTOPOS*	CGEA	CEEA	DIRECTIVA 2009/147/CE
AVES				
<i>Puffinus mauretanicus</i> Pardela balear	MR	E	E	ANEXO I
<i>Hydrobates pelagicus</i> Paíño pequeno	MR	V	NC	ANEXO I
<i>Phalacrocorax aristotelis</i> Corvo mariño cristado	R, L	V	V	ANEXO I
<i>Aythya nyroca</i> Parrulo ferruxento	F, L	NC	E	ANEXO I
<i>Milvus milvus</i> Millafre real	C, A	E	V	ANEXO I
<i>Circus cyaneus</i> Gataformela	C, M	V	NC	ANEXO I
<i>Circus pygargus</i> Rapina cinsenta	C, F, M	V	V	ANEXO I
<i>Haematopus ostralegus</i> Gavita	L	V[1]	NC	ANEXO IIB
<i>Burhinus oedicephalus</i> Pernilleiro	D, C, M	E	NC	ANEXO I
<i>Charadrius alexandrinus</i> Pillara das dunas	D, L	V	NC	ANEXO I
<i>Rissa tridactyla</i> Gaivota tridáctila	MR	V	NC	-
<i>Uria aalge</i> Arao dos cons	MR, L	E[1]	E[1]	ANEXO I

Non Catalogada	Vulnerable	En perigo de extinción
NC	V	E

[2] Poboacións insulares

(A III) Taxons e poboacións catalogadas susceptibles de aproveitamento discreto

BIÓTOPOS:	A – Áreas arboradas	L – Praias, esteiros, mariñas e illas	C – Cultivos e praderías
	M – Matogueiras	D – Dunas	R – Rochedos e cantís
	E – Edificacións	V – Covas	F – Ríos, ribeiras e humidaís
	MR – Mariño		

Espazos naturais protexidos

Unha notable superficie do territorio municipal de Bueu está integrada en espazos naturais protexidos por diferentes figuras de protección comunitaria, estatal e autonómica.

As Illas de Ons e Onza forman parte do “Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia”. Ademais, o municipio conta con varios espazos protexidos incluídos na “Rede Natura 2000” e na “Rede galega de espazos protexidos”, cunha Zona de especial protección para as aves, ZEPVN-ZEPA Illa de Ons, e dous Lugares de Importancia Comunitaria, ZEPVN-LIC Cabo Udra e ZEPVN-LIC Complexo Ons-O Grove.

Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia:

O Arquipélago de Ons está incluído, xunto aos arquipélagos de Cíes, Sálvora e Cortegada, no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, abranguendo unha superficie de 2.171 hectáreas marítimas no contorno do arquipélago, e 470 terrestres. O Parque Nacional das Illas Atlánticas vén de ser declarado recentemente Área Mariña Protexida baixo o Convenio Internacional OSPAR.

Espazos Rede Natura 2000:

Os espazos naturais protexidos de Cabo Udra e do Complexo Ons-O Grove foron incluídos na Rede Natura 2000 como Lugar de Importancia Comunitaria (LIC), LIC ES1140009 Cabo Udra e LIC ES1140004 Complexo Ons - O Grove, respectivamente. A Illa de Ons tamén se inclúe na Zona de especial protección para as aves “ZEPA Illa de Ons (ES0000254)”. Ademais, foron declarados como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN), conforme ao *Decreto 72/2004, de 12 de abril, polo que se declaran determinados espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais*.

ZEPA Illa de Ons

A ZEPA ES0000254 Illa de Ons está integrada polas 367,5 ha da illa de Ons e as 25,7 ha da illa de Onza, e inclúe ademais os illotes Centolo e A Freitosa e máis de 500 ha de augas mariñas. Desta forma, esta ZEPA posúe unha superficie de 924 ha, situadas no municipio de Bueu, e atópanse totalmente incluídas dentro da delimitación do LIC Complexo Ons - O Grove (ES1140004), ademais de formar parte, xunto aos arquipélagos de Cíes, Sálvora e Cortegada, do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

LIC Cabo Udra

O LIC ES1140009 Cabo Udra esténdese ao longo dunha fronte costeira duns 8 km de lonxitude, situada na parte externa da pequena Ría de Aldán, entre as praias Mourisca (Bueu) e de Mendiúña (Cangas), e inclúe tamén unha extensión de 443 ha de augas mariñas, o que representa un 71% da superficie total do LIC, na súa maior parte por encima da isóbata dos 15 m.

No municipio de Bueu, abrangue a franxa costeira do oeste da parroquia de Santa María de Beluso dun grande valor paisaxístico, emprazada nun contorno densamente poboado no que alternan pequenas áreas acantiladas e rochedos graníticos de baixa altura con pequenas calas e praias areosas encaixadas, e que inclúe importantes matogueiras costeiras. O Pedrón, Acoradoiro, Lagos, Bon e Lagoelas son outros pequenos areais que, en conxunto, cobren uns 800 m de costa.

LIC Complexo Ons - O Grove

O LIC ES1140004 Complexo Ons - O Grove abrangue unha superficie total de 7.607 ha que inclúen parte do territorio dos termos municipais de Bueu, Cambados, A Illa de Arousa, Meaño, O Grove, Ribadumia e Sanxenxo. Ademais dos espazos marítimos e terrestres situados en torno á península de O Grove, que inclúen a Enseada do Vao, os Illotes Guidoiros, a parte Sur de A Illa de Arousa e o esteiro do río Umia, abrangue a totalidade das illas de Ons e Onza e a súa zona de influencia marítima.

Espazos de interese natural

O territorio do termo non integrado en espazos naturais protexidos, ten tamén alta relevancia para a conservación do patrimonio natural e da biodiversidade, existindo áreas cuns elevados valores ecolóxicos e con recursos patrimoniais e paisaxísticos de importancia. Entre estas destacan o espazo natural da Carballeira de Coiro, as áreas litorais de interese ecolóxico e xeomorfolóxico, así como os ríos e humidais. As áreas do termo con formacións forestais autóctonas e con matogueiras e rochedos silíceos ben conservados, teñen tamén alta importancia ecolóxica.

As áreas fluviais constitúen ricos e complexos ecosistemas, e conforman corredores ecolóxicos básicos do territorio municipal e comarcal. Os diferentes sectores da costa municipal que manteñen unha elevada rusticidade, conforman un extraordinario conxunto de bens naturais e paisaxísticos.

Por outra parte, no territorio hai un conxunto de espazos que conforme ao Anexo IV “*Directiva Marco da Auga*” (2000/60/CE) son zonas protexidas, recollidas no Plan Hidrolóxico Galicia-Costa⁴, que inclúen, amais das zonas de protección de hábitats e especies (Cabo Udra e Ons), e de captación de augas para a o abastecemento urbano, as zonas de produción de moluscos e outros invertebrados mariños das partes externa e media da Ría de Pontevedra e das partes interna e externa da Ría de Aldán, e as zonas de baño en augas mariñas do termo, Praias Area de Bon, Lagos, Mourisca, Tuia, Beluso, Loureiro, Agrelo, Portomaior, Lapamán, Petís, Pescadoira, Melide, Dorna, Area dos Cans e Canexol. Así mesmo, inclúen a Ría de Pontevedra, que é unha “Zona sensible” designada conforme á Directiva 91/271/CEE.

Carballeira de Coiro. Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provinciais

As Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento da Provincia de Pontevedra (Orde da COTOP aprobada no ano 1991), protexen no termo municipal, ademais dos espazos naturais das Illas de Ons e Onza e da Punta Udra (na actualidade integrados en espazos naturais protexidos por diferentes figuras de protección comunitaria, estatal e autonómica), o Espazo Natural 20. Carballeira de Coiro.

O ámbito delimitado como espazo natural conta cunha superficie aproximada de 365 Ha localizadas nos lindes dos concellos de Bueu, Cangas e Moaña. No municipio a superficie protexida rolda as 162 Ha, pertencentes á parroquia de Ermelo.

Inventario de Humidais de Galicia

O Inventario de Humidais de Galicia recolle un único humidal emprazado parcialmente no municipio, cuxas características se amosan no seguinte cadro:

CADRO 13. HUMIDAI S INVENTARIADOS NO IHG

CÓDIGO	NOME	SUPERFICIE	UTM
1140107	Veigas de Cabo Udra	0,07	513899-4687381

Fte.: Inventario de Humidais de Galicia.

⁴ Borrador do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa. Augas de Galicia. 2010.

Puntos de Interese Xeolóxico

No Concello de Bueu non existen Puntos de Interese Xeolóxico catalogados, no ano 1983, polo Instituto Geológico y Minero de España (IGME). Con todo, no territorio municipal poden verse distintos elementos e paraxes do patrimonio xeolóxico incluídos no inventario de puntos de interese xeolóxico realizado polo Consello da Cultura Galega no ano 2004, e no listado de listado de lugares de interese xeomorfolóxico para Galicia elaborado por Pérez Alberti e López Bedoya no ano 2008. Efectivamente, no territorio do termo municipal identifícanse áreas de interese xeomorfolóxico que constitúen exemplos representativos da xeodiversidade galega e española, como o “Relevo granítico de Cabo Udra”, e as “Formas e depósitos costeiros das Illas Atlánticas: Cíes, Ons, Sálvora e Sisargas” Así mesmo, malia non ter sido inventariados, teñen un indubidable interese local, os depósitos sedimentarios litorais da Enseada de Bueu e os cantís da costa de Beluso.

Espazos de interese paisaxístico

A configuración paisaxística do territorio municipal constitúe un dos grandes atractivos do termo. Os enclaves de maior valor paisaxístico corresponden ao Arquipélago de Ons e aos contornos do Cabo Udra e da Ría de Aldán, onde as paisaxes son máis sobresaíntes pola súa naturalidade e estado de conservación, así como ao sector oriental do litoral da Enseada de Bueu. Ademais, os montes de Bueu teñen unha ampla dominancia visual dende o mar, as rías e mailo interior. Estes espazos concentran as principais rotas paisaxísticas e de sendeirismo da comarca, e os principais recursos paisaxísticos do termo. Os espazos de interese paisaxístico relaciónanse a continuación:

Espazos litorais:

- Arquipélago de Ons.
- Cabo Udra.
- Litoral da parroquia de Beluso, cos treitos comprendidos entre o Porto de Beluso e o Cabo Udra, no que se insiren as praias de Sartexéns, Tulla e Mourisca e as Puntas Trimiño, Aguda e Cornide, e da Ría de Aldán que inclúe as Enseadas de Encoradoiro, do Pouso, Cano da Cunca e as Praias de Lago, Area de Bon e do Reventón.
- Litoral da Enseada de Bueu no treito Lapamán - Punta Petís, coas praias de Lapamán, Covelo, Portomaior, Agrelo e Loureiro, e os fitos litorais do Monte Gordo e do Cabezo da Ría.

Áreas interiores de interese litoral:

- Montemogos e A Roza.
- Alto de Castiñeiras e Monte Roxo.
- Alto de Borrallido.
- Curuto de Leboreiro.
- Monte Ermelo.
- Outeiro de Paralaia.
- Montes de Grilo e Parabúa.

Áreas forestais:

- Montes da parroquia de Beluso que inclúen as Fragas do Río Nocado, de Bon de Abaixo e de Conchusa.
- Montes da parroquia de Bueu, nos que se insiren as fragas do val do río Frade.
- Montes da parroquia de Cela que abranguen as Fragas do Barranco do Inferno, do Rego da Pena, de Beloso e As Paradelas, da Fonte do Barro, da Costa Grande e do Amieiro.
- Montes da parroquia de Ermelo, coas carballeiras de Coiro e Ermelo.

Rotas paisaxísticas ou panorámicas:

- Treitos da estrada EP-1304 comprendidos entre o Igrexario de Cela e Bueu.
- Treitos da estrada PO-315 comprendidos entre a Vila de Bueu e a Rúa Nova de Arriba.

Espazos e elementos de interese cultural

O territorio municipal posúe un patrimonio cultural de alto valor, co conxunto de Santa María de Beluso do s. XII, a Igrexa de Santa María de Cela e os Pazos do Casal, de Ouril e de Santa Cruz como elementos arquitectónicos máis destacados. Ademais, dada a súa vinculación co mar conserva un interesante patrimonio etnográfico que está representado pola conserveira antiga da Roiba e o Estaleiro de ribeira de Purro (Declarado Ben de Interese Cultural), e recollido no Museo Massó, emprazado na vila.

O amplo inventario de elementos do patrimonio arqueolóxico, arquitectónico e etnográfico emprazados no termo municipal, contido no planeamento municipal vixente, nas Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento de Pontevedra e no inventario existente na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, é recollido no Catálogo do plan.

Recursos naturais e potencial produtivo

Bueu presenta un territorio diversificado e con elevada variedade e riqueza de recursos naturais, o que pode supor unha avantaxa competitiva. De acordo coa análise do potencial produtivo do termo efectuada no Estudo do Medio Rural salienta, moi especialmente, o seu potencial produtivo agronómico, sendo tamén relevantes os recursos xeolóxicos e os enerxéticos. O PXOM, en coherencia co establecido na lexislación urbanística, deberá ordenar o territorio municipal en función das súas características e potencialidades produtivas e de acordo cos principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sustentable.

O territorio municipal pódese considerar privilexiado polas condicións do seu medio natural, posibilitando unha agricultura de calidade e fértiles explotacións forestais. En función da súa potencialidade, posta de manifesto pola existencia de explotacións que a avalan e polas súas propias características, pódese concluír que os eidos do termo presentan solos de alta produtividade agrícola para unha alta diversidade de cultivos. O potencial forestal é tamén moi importante no territorio buenense, tanto dende a perspectiva económica, acreditado polo elevado e diverso potencial produtivo comarcal, como dende os aspectos ambiental e recreativo.

No que respecta aos recursos mineiros con que conta actualmente o municipio, destacan as rochas graníticas, cunha alta potencialidade como rochas industriais por mor do seu aproveitamento como pedra natural. De feito, o granito constitúe, xunto coa lousa, o máximo expoñente do potencial mineiro galego, representados na súa maioría polo sector da pedra natural, onde Galicia é a primeira comunidade autónoma española exportadora e a segunda produtora deste recurso mineral.

O termo conta, ademais, con importantes recursos de biomasa e axeitadas condicións para o desenvolvemento das enerxías solar e eólica, polo que ten un notable potencial para a produción de enerxía primaria mediante fontes renovables. Neste sentido, hai que indicar que, conforme ao Plan Sectorial Eólico de Galicia, boa parte dos montes da península do Morrazo están integrados dentro da Área de Reserva Eólica denominada “Morrazo”, que inclúe parcialmente aos montes de Bueu, nas parroquias de Cela e Ermelo.

G.2.5. VECTORES AMBIENTAIS

Servizos e infraestruturas ambientais.

Nos últimos anos, as administracións veñen desenvolvendo proxectos para dotar de redes de abastecemento e saneamento, así como de depuración aos diferentes asentamentos de poboación, e mellorando notablemente as infraestruturas do ciclo hídrico que presentaban eivas pola súa antigüidade e deficiente mantemento. Ministerio de Medio Ambiente, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Pontevedra e Concello están a desenvolver proxectos, ou teñen proxectadas actuacións de mellora dos servizos que comportan a renovación das infraestruturas de abastecemento, saneamento e depuración de auga, e a ampliación das instalacións de xestión dos residuos urbanos. En especial, destaca a importante renovación das infraestruturas da área urbana, onde se están a desenvolver ou están previstos diferentes proxectos de carácter estratéxico, vitais para garantir a sustentabilidade ambiental e para incrementar as posibilidades de desenvolvemento no territorio.

Abastecemento de auga potable

O municipio de Bueu conta con instalacións municipais e veciñais de abastecemento de auga potable, que serven aos núcleos de poboación do termo. A xestión integral do servizo municipal de abastecemento domiciliario de auga potable corresponde a AQUALIA XESTIÓN INTEGRAL DA AUGA, S.A.

O sistema de abastecemento urbano de auga potable fornécese, fundamentalmente, das captacións de augas existentes nas canles e mananciais situados nos montes da parroquia de Cela. Ademais, varios núcleos rurais contan con infraestruturas veciñais de captación en mananciais, e son abondosos os pozos particulares. O abastecemento urbano do termo complementábase mediante a conexión ao sistema de abastecemento de auga potable de Pontevedra.

A rede de abastecemento municipal non abrangue todo os asentamentos de poboación do termo. Os asentamentos urbanos e parte dos núcleos das parroquias de Santa María de Beluso e San Martiño de Bueu contan con rede municipal, que cobre practicamente a totalidade da poboación urbana. Fóra dos espazos urbanos e da súa área de influencia urbana, os núcleos carecen de rede de distribución de abastecemento municipal pero contan con conducións veciñais, polo que non existen os mesmos controis nin tratamentos que na rede municipal, non obstante, a auga de orixe é de moi boa calidade.

Na actualidade, o sistema de abastecemento urbano de auga potable presenta eivas para garantir un adecuado subministro debido, entre outros motivos, á antigüidade das instalacións e á falla de capacidade de regulación. O sistema de abastecemento urbano de auga potable de Bueu conta con tres depósitos de almacenamento, cunha capacidade conxunta que acada os 8.300 m³, desde os que se distribúe á rede municipal, sendo insuficiente a capacidade dos depósitos no período estival (rexístrase un incremento notable no número de usuarios e no consumo, derivado da relevancia que teñen no municipio os usos turísticos e residenciais), recorréndose a tomar auga de Pontevedra para completar o subministro.

Neste senso sinalar que os municipios da ría de Pontevedra asinaron un protocolo con Aquanorte (Sociedade Estatal Agua de la Cuenca del Norte) para redactar un proxecto que resolva os problemas de abastecemento urbano no contorno da ría, con capacidade para garantir a cobertura do abastecemento nos próximos 20 anos. Este ambicioso proxecto incluíría desde a ampliación das captacións e plantas de tratamento, ata os sistemas de almacenamento e distribución.

A rede de abastecemento da Vila de Bueu mellorou significativamente nos últimos anos, (segundo o estudo realizado no ano 2003 o seu estado de conservación era deficiente, o que provocaba numerosas roturas), xa que se acometeron varias obras de substitución e mellora da rede, en concordancia coas necesidades de mellora propostas pola empresa concesionaria do servizo que incluía a implantación dun novo depósito a situar na Parroquia de Cela, dado o seu carácter de excedentaria de auga, para desde aquí ampliar a rede de distribución principal. Ademais neste estudo planeábase a mellora da rede da Vila, substituindo as canalizacións en mal estado.

Saneamento e depuración

No sistema de saneamento e depuración urbano intégranse, ademais da Vila de Bueu, varios núcleos urbanos e rurais do seu contorno e o Parque Empresarial de Castiñeiras. Deste xeito, o sistema xeral de saneamento concentra a depuración da poboación urbana do municipio na Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Bueu. Na área urbana a rede de saneamento ten unha significativa cobertura e é maioritariamente de tipo unitario, presentando problemas puntuais por mor da súa antigüidade. Na Vila de Bueu vén de ser obxecto de obras de renovación parcial e mellora, coa implantación de redes separativas de augas pluviais e fecais en diversas rúas e nas áreas reurbanizadas. O sistema xeral de saneamento conta cun colector ao longo da costa que, tras unha serie de bombeos, leva as augas á depuradora, á que tamén chegan augas residuais procedentes de Beluso e de Tulla. Os vertidos industriais do Parque Empresarial de Castiñeiras son, así mesmo, conducidos ao sistema urbano de

saneamento e depuración mediante un colector específico que remata na depuradora. Como sucede co abastecemento, a rede chega a boa parte dos núcleos das parroquias de Santa María de Beluso e San Martiño de Bueu e parcialmente aos de Santa María de Cela. A característica dispersión dos asentamentos no municipio determina que a rede de colectores de saneamento teña unha grande capilaridade e que conte cun alto número de bombeos.

A Estación Depuradora de Augas Residuais de Bueu, construída no ano 2000, está emprazada no Cabalo, na parroquia de Beluso, e foi dimensionada para unha capacidade de depuración de 17.000 hab./equiv. Nas características técnicas do sistema de depuración figuran unha depuradora biolóxica de lodos activados mediante o sistema de aeración prolongada, cun reactor biolóxico configurado como un canal de oxidación que posibilita a eliminación de nitróxeno por procedementos biolóxicos e de fósforo mediante precipitación química, acondicionamento e deshidratación de lodos mediante filtro banda, e por último, desinfección mediante raios U.V. Unha vez finalizados os procesos de depuración, a auga vértese na ría de Pontevedra.

Na práctica totalidade do seu territorio rural, o concello carece de rede municipal de saneamento e depuración de augas residuais, presentando redes autónomas veciñais a miúdo con infraestruturas deficitarias ou defectuosas e que non contan cun sistema de depuración adecuado.

Nos últimos anos rexistráronse numerosos vertidos contaminantes procedentes dos sistemas de saneamento e depuración do termo que orixinaron episodios de degradación das augas e dos ecosistemas acuáticos. Por outra parte, un bo número de edificacións residenciais carecen de infraestruturas básicas que garantan adecuados procesos de saneamento e depuración (ben nos núcleos por non dispor as vivendas de conexión á rede de saneamento ou ben por emprazarse nos solos rústicos, resolvendo a depuración de xeito autónomo), orixinando tamén procesos de degradación ambiental. Certifícase, xa que logo, a necesidade de acadar un tratamento suficiente dos efluentes e un control dos vertidos, de xeito que as augas tratadas cheguen limpas e sen contaminación ao medio receptor. A optimización do sistema de saneamento, cunha mellora das redes de saneamento que renove os treitos obsoletos ou en mal estado e xeneralice as redes separativas, debe ser unha das prioridades, eliminando os vertidos incontrolados.

Residuos urbanos

O Concello de Bueu está adherido ao modelo de xestión e tratamento de residuos urbanos da Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA). A Mancomunidade de Concellos do Morrazo, que abrangue os concellos de Bueu, Cangas e Moaña, encárgase da xestión dos residuos urbanos no termo sendo, en virtude do contrato asinado coa administración supramunicipal, a empresa GSC a concesionaria do servizo de prerrecollida, recollida, transporte e transferencia dos residuos urbanos. A Mancomunidade de Concellos do Morrazo dispón das instalacións e dotacións necesarias para facilitar a recollida indiferenciada e selectiva de residuos urbanos, conforme ao modelo de xestión dos residuos implantado na Mancomunidade, que inclúe un servizo de compostaxe e containerización. Os residuos son trasladados ao Complexo Medioambiental de RSU da Mancomunidade do Morrazo, situado no Alto da Portela a carón do Polígono de Castiñeiras, e dende a Planta de transferencia son conducidos ao Complexo Medioambiental que SOGAMA ten instalado en Cerceda (A Coruña), e aos centros recicladores.

A Mancomunidade do Morrazo dispón dun Punto Limpo de carácter comarcal, emprazado no Alto da Portela, que é xestionado pola concesionaria do servizo de recollida de residuos urbanos.

A pesar dos inxentes esforzos de concienciación e de investimentos realizados polas administracións para disuadir, clausurar e acondicionar os espazos degradados polos vertedoiros de residuos no municipio, aínda se detecta a presenza de numerosos vertedoiros incontrolados de entullos e residuos voluminosos, de certa entidade, nas marxes das vías e no contorno das aldeas.

Os vertedoiros de residuos e entullos irregulares espallados polo municipio, ademais de orixinar un notable impacto paisaxístico, son potenciais focos de contaminación das augas e dos solos que poden orixinar un serio risco para a saúde humana e os ecosistemas, polo que deberán ser clausurados, restaurados os solos degradados e convenientemente acondicionadas as áreas de vertido.

Emisións contaminantes á atmosfera.

Calidade do aire

No termo municipal de Bueu non se teñen datos da calidade do aire pois, en función do seu volume de poboación e das industriais existentes, non hai instaladas estacións de medida que permitan valorar os niveis de inmisión. Sen embargo, a situación actual pode considerarse, en xeral, satisfactoria en canto á contaminación atmosférica. As fontes máis habituais de emisión de contaminantes no termo municipal son o tráfico rodado e as domésticas (calefaccións e aparatos de aire acondicionado das edificacións). Ademais, pódense rexistrar episodios puntuais de contaminación por mor dos frecuentes incendios forestais e, de xeito moi localizado, por partículas procedentes das actividades extractivas ou das obras de construción das novas infraestruturas viarias.

O tráfico rodado será quen aporte niveis significativos de contaminación, (fundamentalmente de óxidos de nitróxeno, monóxido de carbono e compostos orgánicos volátiles, agás o metano), podendo rexistrarse no contorno destas vías unha maior concentración de contaminantes atmosféricos. A pesar de que Bueu ten un índice de motorización inferior ao do conxunto de Galicia, as estradas principais que atravesan o termo e as travesías distribuidoras do tráfico de acceso á vila, presenta unha alta intensidade media diaria de circulación, polo que a emisión de contaminantes asociados ao tráfico rodado, pode ser puntualmente importante.

No que respecta ás emisións industriais, é preciso significar que no termo non existen industrias inscritas no “Rexistro estatal de emisións e fontes contaminantes PRTR-España” e, xa que logo, que poidan ter incidencia na calidade do aire por desenvolver actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera, predominando os usos agropecuarios e forestais. As actividades construtivas, aínda que significativas, teñen na actualidade pouca intensidade. No resto do territorio, dadas as características xeográficas e ambientais do concello, e a entidade, o emprazamento e as características da actividade industrial, poderíase concluír que non existen especiais problemas no que respecta á contaminación química.

Contaminación lumínica

A comarca xeográfica do Morrazo está inserida nunha das franxas máis importantes de contaminación lumínica da península. Bueu, do mesmo xeito que todas as vilas e cidades europeas, sofre contaminación lumínica que é máis significativa nos contornos

urbanos. No resto do territorio rural, non se pode falar de ceos puros pois as diferentes áreas vense afectadas tamén pola sobre iluminación pública e o resplandor luminoso das áreas urbanas.

Ruído

A contaminación acústica é considerada como un factor medioambiental moi importante, xa que incide na calidade de vida da poboación e xera unha serie de problemas de indubidable transcendencia. O municipio de Bueu non dispón de ordenanza de ruído.

O territorio rural presenta, en xeral, moi boa calidade sonora, asimilable co das zonas tranquilas en campo aberto. As emisións de ruídos asociados ás infraestruturas viarias principais, ás actividades construtivas, industriais e extractivas presentan, fóra de puntuais episodios negativos, niveis admisibles para as poboacións do contorno. En canto aos ruídos procedentes do tráfico rodado e das infraestruturas viarias, o Corredor do Morrazo, CG-4.1, incide no termo soamente no contorno do asentamento da Portela, no que ten unha afección directa moi discreta, tanto por mor das características de implantación da infraestrutura e nivel de uso no ámbito, como pola reducida entidade do núcleo e a ausencia de edificacións sensibles. Na estrada PO-315, en función da baixa IMD e os tráxicos de carácter local, o ruído ambiental xerado é pouco significativo.

Na Vila de Bueu, as zonas nas que se concentran a maior parte dos emisores de ruídos que poden orixinar problemas no benestar da poboación e nas vivendas son as próximas á estrada PO-551 nas travesías urbanas, así como os ámbitos nos que se concentran actividades e lugares de ocio nocturno. Non existen, sen embargo, medicións de ruído exterior, nin se ten constancia da realización de estudos de ruído ambiental específicos no ámbito municipal. Nos “Mapas Estratéxicos de Ruído das estradas da Rede do Estado en Galicia” elaborados e publicados polo EGRA, Ministerio de Fomento, non se definen Unidades de Mapa Estratéxico (UME) no termo municipal. Nas travesías urbanas da estrada PO-551, que presenta elevada IMD e puntuais episodios de conxestión, a poboación potencialmente afectada polo ruído ambiental é alta, e existen edificacións sensibles na súa área de afección directa.

Segundo a información aportada polo "Censo de Población y Viviendas, 2001 do INE, a porcentaxe de vivendas familiares afectadas por ruídos exteriores acadaba ao redor do 22,87% das censadas.

Contaminación electromagnética

A contaminación electromagnética é a contaminación producida polas radiacións do espectro electromagnético xeradas por equipos electrónicos ou outros elementos produto da actividade humana.

En relación co risco derivado do transporte e distribución de substancias e enerxía, tanto superficial como subterránea, hai que salientar que o termo municipal é cruzado, ademais de por unha rede de gas subterránea, por unha liña aérea de alta tensión Lourizán- Cangas, de 66 kV, que pretendeu mellorar o subministro eléctrico de toda a zona sudoccidental da provincia de Pontevedra, duplicando o servizo que chega á subestación de Cangas, servida antes pola LAT Pontesampaio-Cangas de 66 kV.

A instalación de distribución de electricidade en alta tensión discorre en xeral pola ladeira dos Montes do Morrazo cun trazado próximo nalgúns puntos aos núcleos de Ermelo e A Portela, polo que poden supoñer, debido á súa potencial afección á saúde da poboación, un risco de contaminación electromagnética.

Por outra parte, existen antenas de telefonía móbil, aínda que coas actuais distancias aos núcleos de poboación, os riscos potenciais negativos para a saúde das persoas e o medio ambiente relacionado coa emisión de ondas electromagnéticas ou radiacións eléctricas doutro tipo, semellan reducidos.

Accesibilidade e mobilidade.

Accesibilidade

O Corredor do Morrazo (CG-4.1), vía de alta capacidade autonómica que se prolonga coa VG-4.6 ata Cangas, constitúe o eixo viario de maior entidade na península do Morrazo. A estrada autonómica PO-551, da rede primaria básica, comunica polo norte Bueu coa área metropolitana de Pontevedra e, polo sur, a través do Corredor do Morrazo que leva ata a A-9 en Rande, coa área metropolitana de Vigo. A posta en servizo do Corredor do Morrazo vén de mellorar, xunto coa entrada en funcionamento da VG-4.4, Variante de Marín, que permite axilizar a conexión con Pontevedra e coa autoestrada AP-9, as condicións de accesibilidade, resolvendo en parte os graves problemas de conxestión que presenta na época estival o eixo histórico de accesibilidade da vila. Esta estrada enlace ademais, o Porto de Bueu co Parque Empresarial de Castiñeiras. A vía PO-315, estrada autonómica da rede primaria complementaria, permite a conexión entre Bueu e Cangas pola costa.

No límite sur do Concello, o Corredor do Morrazo ten enlaces coas principais estradas que discorren polo termo, coa PO-551 no contorno da Portela, coa PO-315 nas proximidades de Bon de Arriba e, ademais, no contorno do Parque Empresarial de Castiñeiras, comunica coa estrada EP-1303. O resto da rede viaria municipal e de camiños conecta ou cumpre funcións urbanas ou de relación entre núcleos.

A modo de conclusión, pódese dicir que o concello presenta unha boa accesibilidade, que se verá mellorada nos vindeiros anos, sobre todo nos accesos dende o exterior coa conversión do Corredor do Morrazo en Autovía e co completado da circunvalación de Marín, aínda que non esta exento de certas deficiencias, como nos asentamentos periféricos das parroquias, que presentan unhas peores condicións, sobre todo no que respecta a accesibilidade á cidade, na que se concentran os servizos urbanos principais.

Mobilidade

As funcións da Vila de Bueu como capital municipal determinan que a maioría dos servizos e dotacións existentes no termo, e as principais áreas de actividade e centros de traballo se sitúen no núcleo urbano, o que dá lugar a boa parte dos tráficos pendulares que se producen entre a capital e o resto do territorio municipal. O Parque Empresarial de Castiñeiras é tamén un factor xerador de mobilidade obrigada.

A maioría do tráfico de acceso á vila canalízase a través da estrada PO-551 que atravesa a cidade e os agregados urbanos adxacentes convertida en longa avenida urbana. En consecuencia, a mobilidade na área urbana e, especialmente no centro da vila, está condicionada polo paso deste eixe viario, que presenta tráfico intenso e puntuais episodios de conxestión.

A mobilidade está sustentada no termo basicamente no vehículo privado. Segundo o INE, o medio de transporte empregado para ir ao traballo é no 70% dos movementos o vehículo privado, aínda que a maioría dos desprazamentos obrigados por este motivo teñen duración inferior aos 20 minutos. O parque de automóbiles local está composto por 7.760 vehículos (IGE, 2010), o que representa un índice de motorización de 62,74 vehículos por cen habitantes, inferior ao do conxunto de Galicia, que é de 69,42 vehículos por cen habitantes.

O pequeno tamaño, a relativa compactidade e a estrutura e complexidade do núcleo urbano, favorecen os modos alternativos ao vehículo privado. Neste sentido hai que sinalar que os máximos percorridos ata os centros dotacionais, de servizos, ou patrimoniais, roldan o 1,5 Km, o que favorece a accesibilidade peonil e demais modos alternativos ao vehículo privado. Os procesos de peatonalización e humanización das

rúas do centro da vila, encetados pola administración municipal, están a configurar un espazo urbano de calidade. Fóra do centro histórico e dos ámbitos recualificados, a competencia dos vehículos polo espazo público é, nalgúns barrios, notable.

En relación ao transporte público interurbano, existen diversas rutas regulares de autobús que conectan Bueu coas principais cidades de Galicia e coas vilas máis próximas a través dos eixos viarios principais do termo. Neste contexto, tanto os núcleos urbanos secundarios, como os periurbanos, dispoñen de conexión por transporte público, tanto coa capital do termo, como coa capital provincial e con Vigo, e o seu viario de conexión coas áreas directamente servidas polo transporte conta cunhas prestacións de seguridade viaria, en xeral, aceptables.

Por último, hai que indicar que a accesibilidade dos modos alternativos ao vehículo privado e, especialmente dos peóns, á zona industrial desde a vila é, sen embargo, moi baixa, sendo necesario mellorar a seguridade viaria e facilitar os modos de transporte alternativos.

G.3. OBXECTIVOS DO PLAN XERAL

G.3.1. MARCO ESTRATÉXICO DE REFERENCIA

O Marco Estratéxico de Referencia constitúe a base para a integración dos obxectivos de protección ambiental e dos criterios de sustentabilidade ambiental, e define o contexto da Avaliación Ambiental Estratéxica do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Nos seguintes apartados, recóllese de xeito resumido, o Marco Estratéxico de Referencia que orienta a redacción do PXOM de Bueu.

Marco internacional e comunitario.

O Marco Estratéxico de Referencia no eido da sustentabilidade, establecido mediante a análise de diversos documentos que abranguen dende a perspectiva global ata a local, é resumido no Cadro nº 6. Os obxectivos de sustentabilidade e de protección ambiental que perseguen as declaracións, iniciativas e documentos internacionais e comunitarios, serán de aplicación na elaboración do presente Plan Xeral e nos procesos da súa Avaliación Ambiental Estratéxica.

CADRO Nº 14. MARCO ESTRATÉXICO DE REFERENCIA INTERNACIONAL E COMUNITARIO DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

ANO	DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE	DECLARACIÓNS, INICIATIVAS E DOCUMENTOS
1972	Conferencia da ONU sobre Medio Ambiente e o Desenvolvemento. Estocolmo (Suecia)	Declaración de Estocolmo PNUMA (Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente)
1972	Club de Roma	Informe do Club de Roma "Límites do Crecemento"
1976	Primeira Conferencia das Nacións Unidas sobre Asentamentos Humanos. Vancouver (Canadá)	Declaración de Vancouver
1987	Comisión Mundial para o Medio Ambiente e o Desenvolvemento da ONU	Informe Brundtland "O noso futuro común" Carta da Terra (a última formulación data do ano 2000)
1990	Centro das Nacións Unidas para os Asentamentos Humanos	Programa cidades sustentables. Boas Prácticas Libro Verde sobre o medio ambiente urbano (UE)
1992	Cumio da Terra de Río de Xaneiro (Brasil)	Declaración de Río de Xaneiro Programa ou Axenda 21
1994	Conferencia Europea sobre as Cidades Sustentables Aalborg (Dinamarca)	"Cidades europeas sustentables" Carta de Aalborg
1996	Segunda Conferencia Europea de Pobos e Cidades Sustentables. Lisboa (Portugal)	Carta de Lisboa
1996	Segunda Conferencia das Nacións Unidas sobre Asentamentos Humanos. Istambul (Turquía)	Declaración de Istambul
1999	Conferencia Euro-mediterránea de Cidades Sustentables. Sevilla	Declaración de Sevilla
2000	Terceira Conferencia Europea de Pobos e Cidades Sustentables. Hannover (Alemaña)	"Marco de actuación para o desenvolvemento urbano sustentable"
2000	Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio das Nacións Unidas. New York (EEUU)	Declaración do Milenio
2002	Cumio Mundial sobre Desenvolvemento Sustentable de Johannesburgo (Sudáfrica)	Declaración de Johannesburgo
2003	Conferencia Europea de Ministros Responsables da Ordenación do Territorio CEMAT. Liubliana (Eslovenia)	Declaración de Liubliana sobre a Dimensión Territorial do Desenvolvemento Sustentable
2004	IV Conferencia Europea sobre as Cidades Sustentables. Aalborg +10. Aalborg (Dinamarca)	Compromisos de Aalborg
2006	Comisión das Comunidades Europeas. Bruxelas (Bélxica)	Estratexia de Desenvolvemento Sustentable da Unión Europea

Fte.: Elaboración propia.

No que respecta á ordenación do territorio e o medio ambiente, os convenios, estratexias e documentos que constitúen o Marco Estratéxico de Referencia a nivel internacional e comunitario, son os seguintes:

CADRO Nº 15. MARCO ESTRATÉXICO DE REFERENCIA INTERNACIONAL E COMUNITARIO, NA ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O MEDIO AMBIENTE

ANO	ORDENACIÓN DO TERRITORIO E MEDIO AMBIENTE	CONVENIOS, ESTRATEXIAS E DOCUMENTOS
1971	Conferencia Internacional sobre a Conservación dos Humidais e as Aves Acuáticas. Ramsar (Irán)	Acta final do Convenio de Ramsar
1973	Convención sobre o Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Flora e Fauna Silvestres. Washington (EEUU)	Convenio sobre o Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Flora e Fauna Silvestres CITES
1979	Convención sobre a Conservación das Especies Migratorias de Animais Silvestres. Bonn (Alemaña)	Texto da Convención de Bonn
1981	Convención relativa á conservación da vida silvestre e do medio natural de Europa. Berna (Suíza)	Convenio de Berna
1983	Conferencia Europea de Ministros Responsables da Ordenación do Territorio CEMAT. Torremolinos (España)	Carta Europea de Ordenación do Territorio
1992	Convención das Nacións Unidas sobre o cambio climático. New York (EEUU)	Convenio Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático
1992	Conferencia sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento. Cumio da Terra de Río de Xaneiro (Brasil)	Convenio sobre a Diversidade Biolóxica
1994	Convención das Nacións Unidas de loita contra a desertización París (Francia)	Convenio das Nacións Unidas de loita contra a desertización
1997	Conferencia Xeral da Organización Internacional do Traballo. Xenebra (Suíza)	Convenio de Xenebra sobre protección dos traballadores contra os riscos profesionais derivados da contaminación atmosférica, o ruído e as vibracións
1997	Convención das Nacións Unidas sobre o cambio climático. Terceira Conferencia das Partes. Kioto (Xapón)	Protocolo de Kioto
1998	Comisión das Comunidades Europeas. Bruxelas (Bélxica)	Estratexia forestal da UE
1998	Conferencia das Partes da Convención sobre Diversidade Biolóxica, Bratislava (República de Eslovaquia)	Convenio Marco das Nacións Unidas sobre Diversidade Biolóxica
1999	Reunión informal de Ministros Responsables da Ordenación do Territorio na UE. Postdam (Alemaña)	Estratexia Territorial Europea
2000	Convención Europea da Paisaxe. Consello de Europa. Florencia (Italia)	Convenio Europeo da Paisaxe
2000	Conferencia das partes da Convención sobre Diversidade Biolóxica. Nairobi (Kenya)	Protocolo de Cartaxena sobre Seguridade da Biotecnoloxía
2001	Convención das Nacións Unidas para o Loita contra a Desertificación. Xenebra (Suíza).	Declaración de Xenebra
2002	Comisión das Comunidades Europeas. Bruxelas (Bélxica)	VI Programa de Acción Comunitaria en Materia de Medio Ambiente
2005	Comisión das Comunidades Europeas. Bruxelas (Bélxica)	Estratexia temática sobre o uso sustentable dos recursos naturais
2005	Comisión das Comunidades Europeas. Bruxelas (Bélxica)	Estratexia temática sobre prevención e reciclado de residuos
2005	Comisión das Comunidades Europeas. Bruxelas (Bélxica)	Estratexia temática sobre a contaminación atmosférica
2006	Comisión das Comunidades Europeas. Bruxelas (Bélxica)	Estratexia Europea de Medio Ambiente Urbano
2006	Comisión das Comunidades Europeas. Bruxelas (Bélxica)	Estratexia temática para a protección do solo
2006	Comisión das Comunidades Europeas. Bruxelas (Bélxica)	Estratexia Europea para unha enerxía sustentable, competitiva e segura
2006	Conferencia Europea de Ministros Responsables da Ordenación do Territorio CEMAT. Lisboa (Portugal)	Declaración de Lisboa
2007	Reunión informal de Ministros Responsables da Ordenación do Territorio na UE. Leipzig (Alemaña)	Axenda Territorial da Unión Europea
2009	Environment Ministerial Meeting. Siracusa (Italia)	Carta de Siracusa de Biodiversidade
2009	Conferencia internacional de alto nivel sobre biodiversidade. Atenas (Grecia)	Mensaxe de Atenas

Fte.: Elaboración propia.

No contexto comunitario, a “Estratexia Territorial Europea”, o “Convenio Europeo da Paisaxe”, o “VI Programa de Acción Comunitaria en Materia de Medio Ambiente”, a “Estratexia Europea de Desenvolvemento Sustentable” e a “Estratexia Europea de Medio Ambiente Urbano”, conteñen os principios e obxectivos de protección ambiental e de sustentabilidade de maior relevancia nos procesos de ordenación do territorio e de planificación urbanística.

Estratexia Territorial Europea

A Estratexia Territorial Europea (ETE), aprobada en 1999, é un marco de orientación para as políticas sectoriais con impacto territorial da Comunidade Europea, dos Estados membros e das autoridades rexionais e locais, co fin de conseguir un desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio europeo. Así mesmo a ETE constitúe un documento de referencia para o fomento da colaboración e integración de actuacións, con pleno respecto ao principio de subsidiaridade.

A ETE axústase ao obxectivo comunitario de procurar un desenvolvemento equilibrado e sustentable, especialmente mediante o reforzo da cohesión económica e social. Segue polo tanto a definición do informe Brundtland e os postulados da Declaración de Río, que implican harmonizar as esixencias sociais e económicas de desenvolvemento coas funcións ecolóxicas e culturais do territorio. A ETE propón os seguintes obxectivos para conseguir un desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio:

- . Cohesión económica e social.
- . Conservación dos recursos naturais e do patrimonio cultural.
- . Competitividade máis equilibrada do territorio europeo.

Os principios ou directrices que debe seguir a política de desenvolvemento territorial son os seguintes:

- . O desenvolvemento dun sistema equilibrado e policéntrico de cidades e unha nova relación entre campo e cidade.
- . A garantía dun acceso equivalente ás infraestruturas e ao coñecemento.
- . O desenvolvemento sustentable, a xestión intelixente e a protección da natureza e do patrimonio cultural.

Convenio Europeo da Paisaxe

O Convenio Europeo da Paisaxe, asinado polos estados membros do Consello de Europa en Florencia (Italia), no ano 2000, ten por obxectivo promover a protección, xestión e ordenación das paisaxes, así como organizar a cooperación europea nese campo. Os estados comprométense a observar as seguintes medidas xerais, relacionadas no artigo 5 do Convenio:

- a. recoñecer xuridicamente as paisaxes como elemento fundamental do medio humano, expresión da diversidade do seu patrimonio común cultural e natural e como fundamento da súa identidade;
- b. definir e aplicar en materia de paisaxes políticas destinadas á protección, xestión e ordenación da paisaxe mediante a adopción das medidas específicas contempladas no artigo 6;
- c. establecer procedementos para a participación do público, as autoridades locais e rexionais e outras partes interesadas na formulación e aplicación das políticas en materia de paisaxe mencionadas na anterior letra b;
- d. integrar a paisaxe nas políticas de ordenación territorial e urbanística e nas súas políticas en materia cultural, ambiental, agrícola, social e económica, así como en calquera outra política que poida ter un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe.

VI Programa de Acción Comunitaria en Materia de Medio Ambiente

O VI Programa de Acción Comunitaria en Materia de Medio Ambiente, adoptado pola Decisión 1600/2002/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 22 de xuño de 2002, formula, entre as súas liñas estratéxicas, a introdución da dimensión ambiental nas decisións sobre planificación e os usos do solo, e identifica catro problemáticas básicas en torno ás que se desenvolven as diversas estratexias e accións propostas: cambio climático, natureza e biodiversidade, medio ambiente e saúde e calidade de vida, e uso sustentable dos recursos naturais e xestión dos residuos.

O VI Programa formula como obxectivos xerais:

Intentar resolver o cambio climático

- . Estabilizar as concentracións atmosféricas de gases de efecto invernadoiro nun nivel que non provoque variacións non naturais no clima terrestre.

Natureza e biodiversidade; protexer un recurso único

- . Protexer e restaurar o funcionamento dos sistemas naturais.
- . Deter a perda de biodiversidade na UE e o mundo.
- . Protexer os solos contra a contaminación e a erosión.

Medio e saúde

- . Conseguir un nivel de calidade ambiental de tal forma que as concentracións de contaminantes de orixe humana resulten inocuas para a nosa saúde.

Utilización sustentable dos recursos naturais e xestión de residuos

- . Conseguir que o consumo de recursos non supere a capacidade de carga do medio.
- . Disociar consumo de recursos e crecemento económico mediante un aumento notable da eficiencia, a desmaterialización da economía e a prevención dos residuos.

Estratexia Europea de Medio Ambiente Urbano

A Estratexia Europea de Medio Ambiente Urbano (EEMAU) ten por obxectivo mellorar a calidade do medio ambiente urbano, convertendo as cidades en lugares de vida, traballo e inversión máis atractivos e sans, e reducindo as repercusións medioambientais adversas das cidades no medio ambiente.

A Estratexia Temática de Medio Ambiente Urbano constitúe unha do sete estratexias temáticas previstas no VI Programa de Acción Comunitario en materia de Medio Ambiente, documento que define as prioridades e obxectivos da política de medio ambiente europea ata 2010 e que detalla as medidas que se deben adoptar para contribuír á aplicación da súa estratexia en materia de desenvolvemento sustentable. Segundo establece o VI Programa, a estratexia temática debe contribuír a unha mellor calidade de vida mediante un enfoque integrado centrado nas zonas urbanas e facer posible un alto nivel de calidade de vida e benestar social para os cidadáns proporcionando un medio ambiente no que os niveis de contaminación non teñan efectos prexudiciais sobre a saúde humana e o medio ambiente e fomentando un desenvolvemento urbano sustentable.

En consonancia co VI Programa de Acción, a Estratexia Temática sobre Medio Ambiente Urbano céntrase en catro temas transversais fundamentais para a sustentabilidade das cidades:

- . Urbanismo sustentable.
- . Mobilidade sustentable.
- . Edificación sustentable.
- . Xestión urbana sustentable.

Estratexia de Desenvolvemento Sustentable da Unión Europea (2006)

A Estratexia de Desenvolvemento Sustentable da Unión Europea, formula claramente varios principios reitores e unha serie de obxectivos para abordar os principais retos diagnosticados (Cambio climático e enerxía limpa; Saúde pública; Exclusión social, demografía e fluxos migratorios; Xestión dos recursos naturais; Transportes sustentables; Pobreza no mundo e retos en materia de desenvolvemento).

Entre as prioridades temáticas que formula encóntranse o cambio climático e enerxía limpa, a xestión dos recursos naturais e os transportes sustentables, fixando os seguintes obxectivos:

- . Manter os compromisos para seguir reducindo as emisións de gases con efecto invernadoiro alén de 2012.
- . Desenvolvemento de iniciativas a favor da biomasa e os biocombustibles así como das enerxías renovables.
- . Fomento da innovación tecnolóxica e do mercado das ecotecnoloxías.
- . Fomento da produción e do consumo sustentables.
- . Asegurar a correcta xestión e financiamento da Rede Natura 2000 como principal instrumento para a loita contra a perda de biodiversidade.
- . Mellorar a xestión dos recursos naturais renovables tales como a pesca, a biodiversidade, a silvicultura, a auga, o aire e o clima.
- . Reducir as emisións contaminantes.

Marco estatal.

A “Estratexia Española de Desenvolvemento Sustentable”, a “Estratexia de Medio Ambiente Urbano”, e a Estratexia Española de Sustentabilidade Urbana e Local, en coherencia cos Programas e Estratexias europeos, definen os obxectivos para conseguir un urbanismo sostible no estado. Así mesmo, no ámbito da mobilidade, cómpre observar os obxectivos ambientais da “Estratexia Española de Mobilidade Sustentable”.

Estratexia Española de Desenvolvemento Sustentable

A Estratexia Española de Desenvolvemento Sustentable (EEDS), aprobada en 2007, contén obxectivos nas diferentes áreas da sustentabilidade ambiental, social e global que responden aos retos asumidos e á diagnose realizada. Os seus obxectivos principais nas áreas da sustentabilidade ambiental e social son:

Sustentabilidade ambiental:

Producción e consumo

- . Aumentar o aforro e a eficiencia no uso dos recursos en todos os sectores. Previr a contaminación, reducir a xeración de residuos e fomentar a reutilización e a reciclaxe dos xerados.
- . Mellorar a calidade do aire, especialmente en zonas urbanas.
- . Optimizar enerxética e ambientalmente as necesidades de mobilidade das persoas e os fluxos de mercancías.
- . Revalorizar o sistema turístico en clave de sustentabilidade.

Cambio climático

- . Reducir as emisións a través de: a) un maior peso das enerxías renovables no mix enerxético, b) unha mellora da eficiencia enerxética en transporte e edificación, c) medidas sectoriais d) instrumentos de mercado.
- . Integrar a adaptación ao cambio climático na planificación dos sectores económicos.

Conservación e xestión dos recursos naturais e ordenación do territorio

- . Asegurar a sustentabilidade ambiental e a calidade do recurso hídrico, garantindo o abastecemento á poboación e o uso produtivo e sustentable do mesmo.
- . Frear a perda de biodiversidade e do patrimonio natural, a través da conservación, restauración e xestión adecuada, compatible cunha produción ambientalmente sustentable dos recursos naturais.
- . Promover un desenvolvemento territorial e urbano sustentable e equilibrado, incentivando, en particular, o desenvolvemento sustentable no medio rural.

Sostibilidade social:

Emprego, cohesión social e pobreza

- . Fomentar o acceso a un emprego de calidade.
- . Apoiar a integración social dos colectivos en risco de exclusión.
- . Promover a asignación duns recursos económicos mínimos ás persoas en condicións de pobreza.

Saúde pública e dependencia

- . Fomentar unha sociedade san e con calidade de vida.
- . Atender ás persoas en situación de dependencia.

Estratexia Española de Medio Ambiente Urbano

A Estratexia Española de Medio Ambiente Urbano, en coherencia coa Estratexia Europea de Desenvolvemento Sustentable e coa Estratexia Temática Europea de Medio Ambiente Urbano, derivada dos principios e obxectivos marcados no VI Programa, define os obxectivos para un urbanismo sustentable, orientado por diversas directrices vinculadas coa Estrutura e a expansión urbana, coa Biodiversidade e preservación dos valores naturais, coa Eficiencia dos recursos e o metabolismo urbano, coa Complexidade e mestura de usos e a sociedade do coñecemento, así como coa Estabilidade Social.

Así, na procura da sostibilidade, define as estratexias no ámbito da mobilidade, no ámbito da edificación, no ámbito da xestión urbana, así como da sostibilidade entre o mundo rural e urbano. Os seus obxectivos medioambientais son os seguintes:

- . Reconstruír a proximidade como valor urbano.
- . Reducir a dependencia respecto ao automóbil, invertendo o seu peso no reparto modal.
- . Reducir os impactos dos desprazamentos motorizados e evitar a expansión dos espazos dependentes do automóbil.
- . Incrementar as oportunidades dos medios de transporte alternativos.
- . Recuperar o espazo público como lugar onde poder convivir, aumentando a autonomía dos grupos sociais sen acceso ao automóbil.
- . Garantir o dereito a un aloxamento digno e axeitado para todos, así como o acceso aos servizos esenciais.
- . Promover o uso eficiente do patrimonio inmobiliario construído, e diminuír a necesidade de novas edificacións.
- . Axustar a cantidade e disposición da edificación ás posibilidades do medio.
- . Axustar ao mínimo os recursos precisos para manter as actividades aloxadas.
- . Diminuír ao mínimo o impacto dos recursos precisos para a edificación.
- . Contribuír á integración do espazo urbano no medio natural e xerar espazos urbanos baseados no espazo público de calidade.
- . Dispoñer de edificacións capaces de integrar actividades complementarias, ofrecendo vivendas axeitadas aos diferentes e cambiantes modos de vida.
- . Transformar a edificación no primeiro nodo de conexión á rede da sociedade da información.
- . Favorecer a adopción dun modelo de cidade compacta, complexa, eficiente e estable socialmente.

Estratexia Española de Sustentabilidade Urbana e Local

A Estratexia Española de Sustentabilidade Urbana e Local (EESUL), seguindo a Estratexia Temática Europea de Medio Ambiente (2006) e a Estratexia de Medio Ambiente Urbano (2006), incorpora as relacións campo-cidade e o cambio climático, e contén un conxunto de directrices e medidas comúns orientadas a cambiar as pautas insustentables de desenvolvemento das cidades, conformando un documento de referencia válido para todos os municipios españois.

A EESUL asume como principios xerais os principios de austeridade; ecoeficiencia e optimización dos recursos; equidade; solidariedade inter e intraterritorial e social, presente e futura; precaución fronte aos cambios irreversibles; integración dos requirimentos de conservación, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural, a biodiversidade e a paisaxe nas políticas urbanas; así como o principio de garantía de información e participación dos cidadáns no deseño e execución das políticas públicas.

Estratexia Española de Mobilidade Sustentable

A Estratexia Española de Mobilidade Sustentable é un documento que recolle liñas directrices e un conxunto de medidas nas áreas prioritarias de actuación cuxa aplicación permita avanzar cara a consecución dun modelo de mobilidade sustentable no estado. Os seus obxectivos desenvólvense en cinco áreas, para as que establece as seguintes directrices xerais:

Territorio, planificación do transporte e as súas infraestruturas:

- . Integrar a mobilidade sustentable na ordenación do territorio, na planificación urbanística e nas novas áreas industriais, desenvolvendo os mecanismos de coordinación e cooperación administrativa necesarios, especialmente nos ámbitos urbanos e o seu contorno.
- . Integrar criterios xerais de sustentabilidade e os propios desta Estratexia nos plans, programas e actuacións de desenvolvemento do PEIT, e nos equivalentes doutras Administracións públicas, así como nas súas pertinentes revisións.
- . Promover un urbanismo de proximidade, que facilita o uso dos medios de transporte alternativos ao automóbil, e potenciar o espazo público multifuncional, equilibrando a preponderancia actual do uso do vehículo privado cara a modos de transporte sustentables.

Loita contra o cambio climático e redución da dependencia enerxética:

- . Utilización eficiente dos modos de transporte, favorecendo o transvase cara a modos máis sustentables e o desenvolvemento da intermodalidade.
- . Nova dirección da innovación tecnolóxica, que aposte especialmente pola redución da potencia, a velocidade e o peso dos vehículos e a introdución do coñecemento na xestión da mobilidade sustentable.

Mellora da calidade do aire e redución do ruído:

- . Elaboración e execución de plans de acción en materia de ruído ambiental.
- . Avaliación da calidade do aire.

Mellora da seguridade e a saúde:

- . Reforzar as actuacións tanto no ámbito da seguridade operativa como no desenvolvemento dunha política de 'risco cero'.
- . Reforzar as actuacións dirixidas a unha mellora da saúde pública.

Xestión da demanda:

- . Incentivar os modos de transporte máis sustentables, en especial os colectivos e non motorizados.
- . Racionalizar o número de desprazamentos motorizados.

Marco autonómico.

A “Estratexia Galega de Desenvolvemento Sustentable (EGDS)” constitúe o marco autonómico a partir do que fixar os obxectivos de desenvolvemento sustentable no territorio municipal. Así mesmo, no camiño cara á sustentabilidade ambiental nos instrumentos de ordenación do territorio e de planificación urbanística, constitúen referencias obrigadas a “Estratexia Galega para a Conservación e o Desenvolvemento Sostible da Diversidade Biolóxica”, a “Estratexia Galega fronte ao Cambio Climático” e as “Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia”.

Estratexia Galega de Desenvolvemento Sustentable

A Estratexia Galega de Desenvolvemento Sustentable (EGDS) define o camiño cara ao desenvolvemento sustentable e establece catro obxectivos principais sobre os que se debe actuar. Así, a Galicia do futuro deberá ser:

- . Economicamente competitiva.
- . Demograficamente equilibrada.

- . Socialmente cohesionada.
- . Cunha elevada calidade ambiental.
- . E cunha ordenación intelixente do seu territorio e patrimonio.

En relación a este último obxectivo, a EGDS manifesta que “*A maioría dos aspectos relacionados co desenvolvemento sustentable póñense de manifesto no territorio. Por iso unha adecuada ordenación deste é unha condición necesaria para avanzar cara á sostibilidade. Unha ordenación sustentable do territorio é fundamental para definir un esquema de integración do territorio de Galicia e da súa relación cos espazos próximos, que teña en conta tanto a súa estrutura actual como as vantaxes e actitudes funcionais e o seu potencial de desenvolvemento integral de cara ao futuro.*

Por outro lado, o patrimonio cultural dunha comunidade é un legado que marca a identidade dun pobo e que xunto co patrimonio histórico é preciso conservar e dar a coñecer. Neste sentido, débese prestar especial atención ao coidado e mantemento do idioma propio como máxima expresión de identidade cultural dun pobo”.

Estratexia galega para a conservación e o uso sustentable da diversidade biolóxica

A Estratexia, orientada polos seguintes obxectivos básicos, persegue a conservación e o uso sustentable da diversidade biolóxica de Galicia:

- . Conseguir a necesaria coordinación e cooperación entre todas as institucións e organismos implicados, a efectos de alcanzar a máxima participación do conxunto da sociedade galega na conservación e o uso sustentable da diversidade biolóxica.
- . Conseguir a integración dos principios reitores da conservación e o uso racional da diversidade biolóxica no conxunto das políticas sectoriais e relacións intersectoriais.
- . Deter, e si é posible revertir, o proceso de redución da taxa de diversidade biolóxica, a conseguir a través do desenvolvemento de obxectivos e medidas de conservación in-situ e ex-situ. Dentro deste obxectivo ten especial importancia a conservación dos recursos xenéticos orixinados e desenvolto no territorio de Galicia, así como o mantemento e conservación dos hábitats e as poboacións.
- . Alcanzar un nivel social e economicamente aceptable de xestión e uso sustentable dos recursos naturais e os compoñentes da diversidade biolóxica, dependente en grande medida da consecución dos obxectivos planificados anteriormente.
- . Incrementar os niveis de coñecemento, investigación e divulgación dos compoñentes da diversidade biolóxica que garantan a formulación de concepcións sustentables da súa xestión.

- . Aumentar significativamente a formación ambiental xeral cara ao conxunto da sociedade, en particular cara determinados sectores para conseguir o máximo nivel de colaboración social na xestión sustentable da diversidade biolóxica.
- . Aplicar as reformas institucionais e legislativas necesarias para a consecución dos obxectivos anteriores, incluíndo os mecanismos financeiros coherentes con tales reformas.
- . Reforzar os mecanismos de cooperación nacional e internacional existentes en torno a xestión da diversidade biolóxica e incrementar a participación da sociedade galega na medida das súas necesidades e posibilidades.

Estratexia Galega fronte ao Cambio Climático

Esta estratexia, que pretende ser unha ferramenta para contribuír a acadar os obxectivos da Unión Europea e de España derivados do cumprimento do Protocolo de Kioto, establece unha serie de obxectivos específicos como:

- . Mellora do coñecemento do clima de Galicia e avaliación do impacto que o cambio climático pode ter no seu territorio.
- . Control das emisións de GEI de Galicia, mediante a definición das liñas a seguir polas respectivas políticas sectoriais.
- . Promoción de políticas de apoio aos sumidoiros de carbono, como parte esencial na solución do problema.
- . Estudo dos principais impactos, das súas consecuencias e da forma de minimizar ditos impactos dentro das diferentes áreas de actividade.

Directrices de ordenación do territorio de Galicia

O modelo territorial de Galicia toma como referencias fundamentais as establecidas na política territorial da Unión Europea e na Lei de ordenación do territorio de Galicia e pódense sintetizar nos seguintes puntos:

- . O desenvolvemento económico equilibrado e sustentable, para que Galicia se siga aproximando aos niveis de renda e de riqueza das rexións máis desenvolvidas.
- . A cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación, de xeito que todas as persoas dispoñan dun nivel axeitado de servizos e de oportunidades.
- . A utilización racional do territorio e a sustentabilidade ambiental, mediante a xestión responsable dos recursos naturais e a protección do ambiente.

G.3.2. MARCO NORMATIVO

Normativa comunitaria.

- . DIRECTIVA 75/442/CEE, de 15 de xullo, relativa aos residuos.
- . DIRECTIVA 85/337/CEE, de 27 de xuño, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente, modificada pola 97/11/CEE.
- . DIRECTIVA 92/43/CEE, de 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.
- . DIRECTIVA 96/61/CEE, relativa á Prevención e Control Integrados da Contaminación.
- . DIRECTIVA 2000/60/CE, de 23 de outubro, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.
- . DIRECTIVA 2001/42/CE, de 27 de xuño, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- . DIRECTIVA 2002/49/CE, de 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental.
- . DIRECTIVA 2002/91/CE, de 16 de decembro, relativa á eficiencia enerxética dos edificios.
- . DIRECTIVA 2003/4/CE, de 28 de xaneiro, relativa ao acceso do público á información medioambiental e pola que se derroga a Directiva 90/313/CEE do Consello.
- . DIRECTIVA 2003/35/CE, de 26 de maio, pola que se establecen medidas para a participación do público na elaboración de determinados plans e programas relacionados co medio ambiente e pola que se modifican, no que se refire á participación do público e o acceso á xustiza, as Directivas 85/337/CEE e 96/61/CE do Consello.
- . DIRECTIVA 2004/12/CE, de 11 de febreiro, pola que se modifica a Directiva 94/62/CE relativa aos envases e residuos de envases.
- . Decisión da Comisión, do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión biogeográfica atlántica.
- . Decisión da Comisión, do 19 de xullo de 2006, pola que se adopta, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión biogeográfica mediterránea.
- . REGULAMENTO (CE) Nº 865/2006 DA COMISIÓN, do 4 de maio de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 338/97 do Consello relativo á protección de especies da fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio.

- . Decisión da Comisión do 18 de xullo de 2007 pola que se establecen directrices para o seguimento e a notificación das emisións de gases de efecto invernadoiro de conformidade coa directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello.
- . DIRECTIVA 2007/60/CE, do 23 de outubro, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.
- . Decisión da Comisión do 12 de novembro de 2007, pola que se adopta, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, unha primeira lista actualizada de lugares de importancia comunitaria da rexión biogeográfica atlántica.
- . DIRECTIVA 2008/98/CE, do 19 de novembro de 2008, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas Directivas.
- . DIRECTIVA 2009/147/CE, de 30 de novembro, relativa á conservación das aves silvestres.

Normativa estatal.

- . LEY 16/1985, de 25 de junio, del patrimonio histórico español.
- . LEY 22/1988, de 28 de julio, de Costas e a súa modificación pola LEY 2/2013, de 29 de outubro.
- . LEY 38/1999, de 5 de noviembre, de Ordenación de la Edificación.
- . REAL DECRETO LEGISLATIVO 1/2001, de 20 de julio, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de aguas.
- . LEY 15/2002, de 1 de julio, por la que se declara el Parque Nacional marítimo-terrestre de las Islas Atlánticas de Galicia. (BOE nº 157 de 02/07/02) , modificada por el artículo 121 de la Ley 53/2002 de 30 de diciembre de Medidas Fiscales, Administrativas y del Orden Social (BOE nº 133 de 31/12/02).
- . LEY16/2002, de 1 de julio, de Prevención y Control Integrados de la Contaminación.
- . LEY 37/2003, de 17 de noviembre, de ruído.
- . RD 140/2003, de 7 de febrero, por el que se establecen los criterios sanitarios de calidad del auga de consumo humano.
- . LEY 43/2003, de 21 de noviembre, de Montes.
- . REAL DECRETO 1513/2005, de 16 de diciembre, por el que se desarrolla la Ley 37/2003, de 17 de noviembre, del Ruido, en lo referente a la evaluación y gestión del ruido ambiental.
- . REAL DECRETO 9/2005, de 14 de maio, por el que se establece la relación de actividades contaminantes del suelo y los criterios y estándares para la declaración de suelos contaminados.
- . LEY 9/2006, de 28 de abril, sobre evaluación de los efectos de determinados planes y programas en el medio ambiente.

- . LEY 10/2006, de 28 de abril, por la que se modifica la Ley 43/2003, de 21 de noviembre, de Montes.
- . REAL DECRETO-LEY 4/2007, de 13 de abril, por el que se modifica el texto refundido de la Ley de Aguas, aprobado por el Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de julio.
- . LEY 27/2006, de 18 de julio, por la que se regulan los derechos de acceso a la información, de participación pública y de acceso a la justicia en materia de medio ambiente (incorpora las Directivas 2003/4/CE y 2003/35/CE).
- . LEY 34/2007, de 15 de noviembre, de calidad del aire y protección de la atmósfera.
- . LEY 45/2007, de 13 de diciembre, para el desarrollo sostenible del medio rural.
- . LEY 42/2007, de 13 de diciembre, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad.
- . REAL DECRETO 47/2007, de 19 de enero, por el que se aprueba el Procedimiento básico para la certificación de eficiencia energética de edificios de nueva construcción.
- . REAL DECRETO 505/2007, de 20 de abril, por el que se aprueban las condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación de las personas con discapacidad para el acceso y utilización de los espacios públicos urbanizados y edificaciones.
- . REAL DECRETO 509/2007, de 20 de abril, por el que se aprueba el Reglamento para el desarrollo y ejecución de la Ley 16/2002, de 1 de julio, de prevención y control integrados de la contaminación.
- . REAL DECRETO 1027/2007, de 20 de Julio, por el que se aprueba el Reglamento de Instalaciones Térmicas en los Edificios.
- . Real Decreto 1367/2007, de 19 de octubre, por el que se desarrolla la Ley 37/2003, de 17 de noviembre, del Ruido, en lo referente a zonificación acústica, objetivos de calidad y emisiones acústicas, modificado polo Real Decreto 1038/2012 de 6 de xullo.
- . REAL DECRETO 1371/2007, de 19 de octubre, por el que se aprueba el documento básico «DB-HR Protección frente al ruido» del Código Técnico de la Edificación y se modifica el Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, por el que se aprueba el Código Técnico de la Edificación.
- . REAL DECRETO 314/2006 por el que se aprueba el Código Técnico de la Edificación. Texto refundido con modificaciones del RD 1371/2007, de 19 de octubre, y corrección de errores del BOE de 25 de enero de 2008.
- . REAL DECRETO LEGISLATIVO 1/2008, de 11 de enero, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Evaluación de Impacto Ambiental de proyectos.
- . REAL DECRETO LEGISLATIVO 2/2008, de 20 de junio, por el que se aprueba el texto refundido de la ley de suelo.
- . REAL DECRETO 9/2008, de 11 de enero, por el que se modifica el Reglamento del Dominio Público Hidráulico, aprobado por el Real Decreto 849/1986, de 11 de abril.

- . REAL DECRETO 105/2008, de 1 de febrero, por el que se regula la producción y gestión de los residuos de construcción y demolición.
- . REAL DECRETO 903/2010, de 9 de julio, de evaluación y gestión de riesgos de inundación.
- . REAL DECRETO 139/2011, de 4 de febrero, para el desarrollo del Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas.
- . LEY 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- . REAL DECRETO LEY 2/2011, de 5 de septiembre, de Texto Refundido de la LEY de Puertos del Estado.
- . LEY 24/2013, de 26 de septiembre, del sector eléctrico.
- . LEY 9/2014, de 9 de mayo, de Telecomunicaciones.

Normativa autonómica.

- . Decreto 327/1991 de Avaliación de Efectos Ambientais.
- . Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.
- . Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia.
- . Lei 8/95 do Patrimonio Cultural de Galicia.
- . Lei 3/1996 de Protección dos Camiños de Santiago.
- . Decreto 274/99, de 21 de outubro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais das Illas Atlánticas.
- . Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.
- . Lei 8/2001 de protección da calidade das augas das rías de Galicia.
- . Lei 9/2001 de Conservación da Natureza de Galicia.
- . Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da Lei de Concentración Parcelaria para Galicia.
- . Lei 8/2002 de Protección do Ambiente Atmosférico de Galicia.
- . Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 e pola Lei 2/2010.
- . Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais.
- . Decreto 124/2005, do 6 de maio, polo que se regula a figura de espazo natural de interese local e a figura de espazo privado de interese natural.
- . Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

- . Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.
- . Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos.
- . Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- . Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012 de Montes de Galicia.
- . Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal.
- . Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas.
- . Decreto 242/2008, do 13 de decembro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica en Galicia.
- . Decreto 43/2008, do 28 de febreiro, polo que se determina o ámbito de aplicación dos plans de ordenación dos recursos forestais para Galicia.
- . Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.
- . Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia.
- . Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- . Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, pola que se modifica a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia.
- . Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- . Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.
- . Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia.
- . Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- . Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
- . Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio.
- . Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia.

- . Decreto 167/2011, do 4 de agosto, polo que se modifica o Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas e se actualiza o dito catálogo.
- . Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- . Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia.
- . Lei 7/2012, de 28 de xuño, de Montes de Galicia.
- . Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia.
- . R.D. 1332/2012, de 14 de setembro, de aprobación do Plan Hidrolóxico Galicia Costa.
- . Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.
- . Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade.

G.3.3. OBXECTIVOS XERAIS

O Concello de Bueu, vistas as esixencias derivadas da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e a desadecuación do seu planeamento en vigor, estimou a conveniencia e oportunidade de redactar un Plan Xeral de Ordenación Municipal. Así pois, logo da análise e diagnóstico realizados, foron formulados os obxectivos e criterios de ordenación que sustentan a proposta do Plan Xeral, e que se relacionan a continuación:

- . Mellorar a integración do Termo Municipal de Bueu no conxunto da Rexión Urbana á luz das determinacións establecidas nas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, aproveitando as melloras de accesibilidade realizadas e previstas.
- . Completar, ampliar e diversificar a actual base económica municipal, apostando pola revalorización do seu Porto e a súa integración na trama urbana da Vila, a ampliación do Parque Empresarial de Castiñeiras, así como por reforzar e optimizar os recursos turísticos, co aproveitamento do porto deportivo de Beluso, converténdoo nun motor de dinamicidade económica tanto no territorio municipal como na Vila e nos seus nós secundarios.
- . Fortalecer a estrutura urbana da Vila de Bueu e dos agregados secundarios, así como do actual sistema de asentamentos, reforzando un modelo de desenvolvemento compacto e continuo, integrado no agregado urbano da ría de Pontevedra.
- . Dotar ao municipio dun documento de ordenación integral, adaptado á lexislación vixente e cun axeitado grao de calidade técnica, acadando o perfeccionamento da ordenación urbanística pormenorizada, á luz da experiencia acumulada nos últimos vinte tres anos.
- . Consolidar a defensa, recuperación e posta en valor dos recursos medioambientais e do patrimonio cultural, como base dunha estratexia de actuación municipal, garantindo a protección dos espazos naturais e das concas paisaxísticas, prestando especial atención á ordenación do bordo costeiro, establecendo as medidas de protección e acondicionamento necesarias para o uso público do litoral.

G.3.4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

O Plan Xeral de Bueu establece como obxectivos específicos referidos aos aspectos ambientais, os seguintes:

- . Preservación dos crecementos residenciais innecesarios ou espontáneos e dos seus impactos asociados ás áreas ambientais de valor ecolóxico.
- . Propiciar o aproveitamento sostible dos recursos naturais do municipio.
- . Garantir a non ocupación de áreas de risco para a edificación.
- . Ordenar os solos rústicos con criterios de salvagarda dos seus valores -municipais ou supramunicipais- ambientais, produtivos, paisaxísticos e culturais.
- . Definir unha normativa específica nos solos rústicos de especial protección que regule as actuais instalacións que se localizan sobre eles e as que cheguen a localizarse, atendendo a garantir a súa protección.
- . Acadar unhas condicións axeitadas de integración ambiental da vila no seu contorno, con especial atención ao tratamento do sistema fluvial.

G.4. ANÁLISE DAS ALTERNATIVAS

G.4.1. A ALTERNATIVA 0

Por Alternativa 0 enténdese a non realización do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Bueu, e polo tanto a continuidade das determinacións das actuais Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de 1986, situación que, en calquera caso, incumpre a vixente Lei 9/2002 que establece na súa Disposición Transitoria Segunda a obriga de adaptar o planeamento vixente nos seguintes supostos:

- . No prazo de tres anos.
- . Cando se proceda a súa revisión.
- . Cando concorresen circunstancias obxectivas no concello afectado que o aconsellen e así o determinen o conselleiro competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

A desadecuación do planeamento vixente no municipio de Bueu, obriga por mandato legal á necesidade de redactar un novo planeamento que, como instrumento de ordenación integral do seu territorio, xere un modelo de desenvolvemento adaptado á normativa urbanística e ambiental en vigor.

O escenario tendencial establecido polo marco urbanístico vixente vén dado polas Normas Subsidiarias, aprobadas definitivamente pola Comisión Superior de Urbanismo, en data 10 marzo de 1986, que baseou os seus criterios de ordenación nas súas características xeográficas, na estrutura dos asentamentos de poboación existentes, e a súa xerarquía, nas características dos usos do solo todo elo desde a perspectiva da crecente vocación turística do municipio.

Así estas optan por potenciar a concentración da nova residencia nos núcleos e entidades xa existentes, ordenando e completando a súa estrutura, o que se facilita a adecuación urbanística buscada (implantación de servizos e infraestruturas básicas, equipamento adecuado, etc.). Así mesmo recoñecen a vocación turística que xerou un novo tipo de residencia, próxima ás praias para o que se delimitan ámbitos de solo apto para este uso e o mantemento do carácter público das praias e as súas traseiras, comprometidas diante da posible proliferación de actuacións puntuais sen un criterio global que o contemple e regule. Óptase pois por potenciar aquelas praias máis próximas aos núcleos existentes que aportan un nivel de servizos mínimos xa implantados. O resto das praias protéxense de posibles ocupacións residenciais e poténciase o seu uso estritamente recreativo. Ordenan e regulan, así mesmo as

iniciativas de tipo industrial existentes, con dos obxectivos fundamentais: o de racionalizar a súa localización dentro do territorio, localizando áreas aptas topograficamente sen interferencias na accesibilidade, etc. que se poderán constituír nunha oferta racional de solo para este uso mediante a adecuada clasificación. Por último protexen o resto do termo municipal de iniciativas que pola súa proliferación, tamaño ou carácter entrarían en contradición cos usos dominantes e o seu valor medioambiental, delimitando os ámbitos das proteccións no solo non urbanizable por razón do seu singular interese paisaxístico, agrícola ou forestal.

Os criterios e obxectivos expostos na Memoria de Ordenación das Normas Subsidiarias pódense resumir nos seguintes puntos:

- Potenciación das aldeas e núcleos de poboación existentes, cunha normativa que permita o seu completamento evitando así a dispersión residencial cara a impedir a constitución de novos núcleos de poboación. Como criterio optouse por delimitar a banda de solo paralela aos camiños existentes cunha base de consolidación propia por carecer estes núcleos das infraestruturas mínimas.
- Para a Vila de Bueu os criterios xerais son:
 - . Valorar a estrutura urbana constituída pola cuadrícula que conforma a Vila e que se desenvolve ao bordo da orixinaria praia de Bueu.
 - . Recoñecer a estrada PO-320 como límite para o crecemento urbano da Vila.
 - . Identificar como área de expansión urbana a zona das Lagoas.
 - . Completar o equipamento comunitario ao servizo da Vila e do Municipio.
- Para o resto do territorio municipal distínguese entre o solo non urbanizable protexido, con tres cualificacións (de costas e praias, de leitos fluviais e de protección forestal) e o non protexido, establecéndose as condicións xerais da edificación para impedir a formación de novos núcleos.
- Ademais fíxanse bandas e ámbitos de proteccións referidos a estradas, medio ambiente, panorámicas e protección do patrimonio histórico-artístico, monumental e arqueolóxico.

En resposta a estes obxectivos o planeamento estableceu un modelo de ordenación coas seguintes características:

- . A clasificación como solo urbano de todos os asentamentos, cun tratamento homoxéneo en todos eles que especializa a maioría do territorio para a residencia unifamiliar de baixa densidade, agás na Vila onde se produce unha diversidade de tipoloxías que van desde a media alta densidade ata a baixa. O planeamento clasificou catro ámbitos de solo apto para urbanizar residencial e outro ámbito industrial.
- . Como solos rústicos distingue o de protección costeira en varias categorías, forestal e a da defensa nacional ademais dunha xenérica de protección de canles. A ampla zona de solo rústico sen protección específica favoreceu a dispersión edificatoria a través da tolerancia lexislativa.
- . Incorpora o ámbito do Parque Empresarial de Castiñeiras como área de actividade básica, e que foi desenvolto mediante a aprobación do correspondente Plan Parcial.

Como resultado do exposto, un crecemento lineal e en “mancha de aceite” a partir dos núcleos rurais, potenciado pola permisividade das lexislacións anteriores en canto á construción en solo rústico.

En canto á Vila, as actuacións de desenvolvemento do planeamento secundario (plans parciais, polígonos, estudos de detalle, etc.) conseguiron compactar e estruturar a trama urbana existente, con importantes actuacións dotacionais e de imaxe urbana.

En desenvolvemento do vixente planeamento, redactáronse dous documentos de Plan Parcial, o Ensanche das Lagoas na Vila e o Parque Empresarial de Castiñeiras -primeiro desenvolvemento industrial formalizado da comarca do Morrazo- tres plans especiais, un de ordenación de equipamento deportivo, outro de protección do espazo natural do Cabo Udra e outro máis de infraestruturas para o parque empresarial. Por último redactáronse dous Estudos de Detalle de ordenación volumétrica e de aliñacións e rasantes.

Simultaneamente tramitáronse doce expedientes de modificacións puntuais do planeamento.

G.4.2. ALTERNATIVAS CONTEMPLADAS

Alternativa 1.

Como Alternativa 1, propónse a adaptación das determinacións establecidas nas Normas Subsidiarias ao novo marco legal e ambiental, se ben mantendo o modelo de ordenación establecido no planeamento vixente.

Á parte do salto cualitativo que supón pasar dun planeamento subsidiario a outro de carácter integral, a simple adaptación das determinacións a este marco xurídico posibilita incorporar a avaliación ambiental estratéxica na formación do planeamento, e introducir importantes cambios na instrumentación do planeamento referidos basicamente á modificación das categorías de solo e os seus réximes ou as determinacións a conter polo Plan, cuestións que por si mesmas implican a necesidade dunha reflexión planificatoria que transcende dunha adaptación mecánica, condicionando aspectos de estratexia e estrutura. O solo urbanizable, o solo rústico, o solo urbano consolidado e o non consolidado, o solo de núcleos rurais, son determinacións de planeamento, cun alcance que vai máis alá da simple clasificación e cualificación urbanística, incidindo no modelo de ordenación urbanística.

Todas estas cuestións, sen embargo, non permiten solucionar os problemas urbanísticos que debeñen dun documento non adaptado á realidade actual, e que se sitúan na base do mantemento dun modelo de ordenación para a realidade existente en 1986. As circunstancias actuais do municipio, a detección de novos problemas e temas de ordenación, as modificacións do marco xurídico do planeamento e a ordenación urbanística, supón a incorporación de enfoques novos no método de redacción do Plan, introducindo unha maior atención ás infraestruturas, un reforzo das funcións centrais urbanas no marco comarcal, un equilibrio dinámico entre a protección do litoral, do medio natural e do patrimonio e o desenvolvemento urbano, e todo iso poñendo o acento no seu maior compromiso estratéxico.

Así na alternativa 1 a delimitación dos ámbitos edificatorios non sufrirá grandes modificacións, agás as que debeñen do axuste aos parámetros legais. O solo rústico adaptaríase á regulación estrita sen identificar a estrutura territorial de base, mantendo as categorías agroforestal, de costas, de espazo natural e de augas, pero clasificando o resto do territorio como solo rústico de protección ordinaria. Establecería unha nova categorización de usos nos solos rústicos en base aos preceptos legais, introducindo o concepto de garantir a sostibilidade. Igualmente incluíría a categorización dos solos urbanos distinguindo o consolidado do non consolidado establecendo para este os

novos criterios legais de reservas para vivendas de protección oficial. Revisaríase a consideración de solo urbanizable delimitado e non delimitado, establecendo a estratexia de actuación que sexa do caso. Sen embargo permanecerán ausentes aspectos relevantes que se poden sintetizar en:

- O establecemento dun modelo de crecemento urbano axeitado á función asignada polas Directrices de Ordenación do Territorio e polo Plan de Ordenación do Litoral para o núcleo de identidade do litoral de Bueu, inserido na Área Urbana de Pontevedra, cunha estrutura viaria eficiente e que vai ser mellorada, dentro da Rexión Urbana Vigo-Pontevedra .
- O encaixe urbanístico apropiado ao importante crecemento disperso no contorno dos principais núcleos asociados á traza das estradas principais, e que constitúe unha realidade a abordar.
- A necesidade de adecuar as determinacións referidas a ordenanzas e aliñacións, e a función que cada núcleo urbano -a Vila e os núcleos secundarios- debe cumprir.
- A superación da excesiva dependencia que os solos urbanos secundarios presentan da traza das estradas que os atravesan, sen recualificar o espazo público e a imaxe urbana.
- A definición dunha estrutura xeral e orgánica do territorio axeitada á realidade actual, fundamentalmente referida ás dotacións, zonas verdes e sistema de infraestruturas.

Alternativa 2.

Fronte ás dúas alternativas anteriores, a redacción dun novo Plan Xeral, Alternativa 2, garante un proceso de innovación e perfeccionamento da planificación municipal, onde, a partir da combinación dun diagnóstico da situación actual cunha correcta definición dos temas relevantes cara a ordenación e o desenvolvemento urbanístico, o proceso deberá estar caracterizado pola incorporación á planificación física das técnicas e contidos propios da planificación estratéxica.

A constatación durante a vixencia do actual planeamento das insuficiencias técnicas dalgunhas das súas previsións que esgotaron a súa capacidade ordenadora á vista das últimas modificacións legislativas operadas, esixe dunha urxente revisión do planeamento que innove as políticas urbanísticas municipais, acomodándoas á fase

previsible de desenvolvemento municipal dentro dun contexto ou estratexia territorial máis ampla.

Todo apunta á oportunidade de incorporar á planificación municipal unha reflexión urbanística sobre o dimensionado da Vila e dos núcleos urbanos secundarios nun contexto territorial máis amplo, onde a aposta pola consolidación dun modelo compacto e continuo que resolva a conexión entre os nós urbanos, fronte a un crecemento lineal sobre a traza das estradas, debe permitir abrir os temas das posibilidades de nucleación urbana e da consideración da escala da Vila no contorno territorial da Área Urbana de Pontevedra, subordinando e seleccionando os novos desenvolvementos en base a criterios de boa comunicación, axeitada inserción topográfica e paisaxística, valoración dos recursos e do patrimonio ambiental e reforzamento da actual estrutura urbana.

A vocación turística e de servizos, e a oferta específica que representa un territorio municipal de singular valor; a irrupción das novas vías de comunicación; a emerxencia de novas actividades ao calor desta nova realidade, onde os usos terciarios, industriais e comerciais deben acadar un espazo adecuado e apontoar un desenvolvemento respectuoso co medio; o marco metropolitano e o papel do municipio na oferta turística, de ocio e mesmo residencial e de servizos; a protección, rehabilitación e valorización do patrimonio cultural; a valoración de aspectos de calidade ambiental singular como as paraxes singulares costeiras; a potenciación do valioso sistema de núcleos rurais municipais procurando a súa mellora e recuperación; son algúns dos aspectos que non poden quedar á marxe das propostas do Plan Xeral.

Integración das variables e criterios de sustentabilidade nas alternativas do PXOM.

A integración das variables ambientais e a adecuación aos criterios de sustentabilidade expostos polo órgano ambiental no Documento de Referencia para a AAE do PXOM, analízase no seguinte cadro.

CADRO Nº 16. INTEGRACIÓN DAS VARIABLES E CRITERIOS DE SUSTENTABILIDADE NAS ALTERNATIVAS DO PXOM.

VARIABLE	CRITERIO	ALT 0	ALT 1	ALT 2
PAISAXE	Favorecer a integridade paisaxística	4	4	5
NATUREZA	Preservar a integridade funcional dos sistemas naturais	4	4	5
	Xestionar a funcionalidade propia dos recursos naturais	4	4	5
PATRIMONIO	Preservar e valorizar os elementos patrimoniais	3	3	5
SOCIEDADE	Considerar a estrutura demográfica do ámbito e da área de influencia	3	4	4
	Prever un equilibrio entre a poboación e os recursos	3	3	5
	Contribuír a unha contorna saudable	3	4	4
	Garantir a non exclusión	3	4	5
	Favorecer a cohesión social	3	4	5
	Fomentar a participación cidadá na toma de decisións no Concello	3	4	4
ECONOMÍA	Considerar a estrutura socioeconómica do ámbito e da área de influencia	3	4	4
MEDIO URBANO	Mellorar a calidade de vida e a habitabilidade	4	4	5
	Promover solucións integrais que minimicen os custes ambientais	4	4	5
MEDIO RURAL	Mellorar a calidade de vida e a habitabilidade	4	4	4
	Promover unha clasificación dos espazos en función da súa propia capacidade produtiva	3	4	5
MEDIO INDUSTRIAL	Contribuír á creación dunha contorna de traballo de calidade	3	4	5
	Optimizar a eficiencia das actividades económicas	3	4	5
MOBILIDADE	Reducir as necesidades de mobilidade	3	3	3
	Facilitar unha conectividade eficiente cara aos principais destinos	3	3	4
ENERXÍA	Promover o aforro no consumo enerxético	3	3	4
	Fomentar o uso de recursos enerxéticos renovables	1	3	3
ATMOSFERA	Controlar as emisións contaminantes	1	3	3
CICLO HÍDRICO	Garantir o funcionamento do ciclo hídrico en todas as súas fases e procesos	2	3	4
	Garantir a viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento en función das demandas estimadas a teito de planeamento	2	3	4
	Promover o aforro no consumo dos recursos hídricos	1	3	3
CICLO DE MATERIAIS	Xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos	1	3	4
SOLO	Axustar os usos á contorna e aos obxectivos propios deste planeamento	3	3	4
	Fomentaranse estruturas densas, compactas e complexas	4	4	4
	Considerar a mobilidade como variable fundamental na formulación das alternativas	3	3	4
	Promover un desenvolvemento ordenado e eficiente	4	4	4
EDIFICACIÓNS	Axustar o parque potencial de edificacións a teito de planeamento á dinámica do Concello	3	3	5
	Minimizar as posibles afeccións das edificacións sobre a contorna	3	4	4
VALORACIÓN		2,93	3,56	4,28

Moi alta	Alta	Media	Baixa	Moi baixa
5	4	3	2	1



EL PRESENTE DOCUMENTO HA SIDO COLECCIONADO EN SU ORIGINAL EN LA OFICINA DE PLANEAMIENTO MUNICIPAL DE BUEU EN EL AÑO 2017.
 DIFUSIÓN: EL PRESENTE DOCUMENTO HA SIDO COLECCIONADO EN SU ORIGINAL EN LA OFICINA DE PLANEAMIENTO MUNICIPAL DE BUEU EN EL AÑO 2017.
 BUEU, 11 DE ABRIL DE 2017
 EL ALCAIDE

DIFUSIÓN: EL PRESENTE DOCUMENTO HA SIDO COLECCIONADO EN SU ORIGINAL EN LA OFICINA DE PLANEAMIENTO MUNICIPAL DE BUEU EN EL AÑO 2017.
 BUEU, 11 DE ABRIL DE 2017
 EL ALCAIDE

—	VIA TIPO I
- - -	VIA TIPO II
---	VIA TIPO III
---	VIA TIPO IV
---	LÍMITE DE PLANEAMIENTO ESPECIAL
---	ITINERARIO PAISAJÍSTICO, MARGEN DE APLICACIÓN
PEPI	PLAN ESPECIAL Nº
11	ORDENANZA Nº

SUELO NO URBANIZABLE	
[Pattern]	DE PROTECCIÓN DE COSTAS Y PLAYAS, O.1
[Pattern]	DE PROTECCIÓN DE ZONAS AGROFORESTALES COSTERAS... O.3
[Pattern]	DE PROTECCIÓN FORESTAL, O.4
[Pattern]	DE PARAJES NATURALES SINGULARES, O.5
[Pattern]	DE SITIOS COSTEROS SOBRESALIENTES, O.6
[Pattern]	DE INTERÉS PARA DEFENSA NACIONAL, O.7
[Pattern]	SIN PROTECCIÓN ESPECÍFICA, O.8

SUELO URBANO	
[Pattern]	DE ENTIDADES DE POBLACIÓN RURAL, O.0
[Pattern]	DE NÚCLEOS ORDENADOS A ESCALA 1/1.000
SUELO URBANIZABLE	
[Pattern]	RESIDENCIAL
[Pattern]	INDUSTRIAL

EQUIPAMIENTOS Y ZONAS VERDES O LIBRES PÚBLICOS	
[Pattern]	B. DOCENTE
[Pattern]	DE. PARQUE
[Pattern]	DE. P. E. R.
[Pattern]	AD. ASISTENCIAL GUARDERÍA-BABYLOO
[Pattern]	AA. ASISTENCIAL TENDERA EDAD
[Pattern]	SC. SOCIO-CULTURAL
[Pattern]	M. CENTRO MULTISERVICIO
[Pattern]	S. SANITARIO
[Pattern]	IB. RECREATIVO
[Pattern]	AD. ADMINISTRATIVO
[Pattern]	DE. DEPORTIVO
[Pattern]	CA. COMERCIAL ABASTECIMIENTO
[Pattern]	C. CEMENTERIO
[Pattern]	ZV. ZONA VERDE

AYUNTAMIENTO DE BUEU (PONTEVEDRA)
 NORMAS SUBSIDIARIAS MUNICIPALES
 DEL PLANEAMIENTO DOCUMENTO REFUNDIDO

ORDENACIÓN DEL T. MUNICIPAL

OFICINA DE PLANEAMIENTO, S.A.

BO/S 1
 NOVIEMBRE / 86
 1/5.000
 ABRIL 2017
 ESCALA 1/15.000

CONCELLO BUEU
 PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL
 ALTERNATIVA 0

OFICINA DE PLANIFICACIÓN
 ABRIL 2017

PLAN Nº 1



<p>VIA TIPO I</p> <p>VIA TIPO II</p> <p>VIA TIPO III</p> <p>VIA TIPO IV</p> <p>LIMITE DE PLANEAMIENTO ESPECIAL</p> <p>ITINERARIO PAISAJISTICO MARGEN DE APLICACION</p> <p>PLAN ESPECIAL Nº</p> <p>ORDENANZA Nº</p>	<p>SUELO NO URBANIZABLE</p> <p>DE PROTECCION DE COSTAS Y PLAYAS 0.1</p> <p>DE PROTECCION DE ZONAS AGROFORESTALES COSTERAS 0.3</p> <p>DE PROTECCION FORESTAL 0.4</p> <p>DE PARAJES NATURALES SINGULARES 0.5</p> <p>DE SITIOS COSTEROS SOBRESALIENTES 0.6</p> <p>DE INTERES PARA DEFENSA NACIONAL 0.7</p> <p>SIN PROTECCION ESPECIFICA 0.8</p>	<p>SUELO URBANO</p> <p>DE ENTIDADES DE POBLACION RURAL 0.10</p> <p>DE NUCLEOS ORDENADOS A ESCALA 1/1000</p> <p>SUELO URBANIZABLE</p> <p>RESIDENCIAL</p> <p>INDUSTRIAL</p>	<p>EQUIPAMENTOS Y ZONAS VERDES O LIBRES PUBLICOS</p> <p>S. COCINTE</p> <p>SP. PRAZEROSO</p> <p>ESB</p> <p>SLP / FP</p> <p>AD. ASISTENCIAL SANABUFA-PRIVILEGIADO</p> <p>AA. ASISTENCIAL TERCEIRA EDAD</p> <p>SC. SOCIO-CULTURAL</p> <p>M. CENTRO MULTISERV</p> <p>S. SANTUARIO</p> <p>R. RELIXIOSO</p> <p>A. ADMINISTRATIVO</p> <p>DEP. DEPORTIVO</p> <p>CA. COMERCIAL ABASTECIMENTO</p> <p>C. CEMENTERIO</p> <p>ZV. ZONA VERDE</p>	<p>AYUNTAMIENTO DE BUEU (PONTEVEDRA)</p> <p>NORMAS SUBSIDIARIAS MUNICIPALES</p> <p>DEL PLANEAMIENTO DOCUMENTO REFUNDIDO</p> <p>ORDENACION DEL T. MUNICIPAL</p>	<p>NO/8</p> <p>1</p> <p>NOVIEMBRE / 86</p> <p>1/5000</p> <p>ESCALA 1/15.000</p>	<p>CONCELLO BUEU</p> <p>PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL</p> <p>INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL</p> <p>ALTERNATIVA 0</p>	<p>OFICINA DE PLANIFICACION URBANA</p> <p>ABRIL 2017</p> <p>ESCALA 1/15.000</p>	<p>PLAN Nº</p> <p>1</p> <p>2</p>
--	---	---	---	--	---	---	---	---



<p>VIA TIPO I</p> <p>VIA TIPO II</p> <p>VIA TIPO III</p> <p>VIA TIPO IV</p> <p>..... LIMITE DE PLANEAMIENTO ESPECIAL</p> <p>ITINERARIO PAISAJISTICO. MARGEN DE APLICACION</p> <p>PEPI PLAN ESPECIAL Nº</p> <p>ORDENANZA Nº</p>	<p>SUELO NO URBANIZABLE</p> <p>DE PROTECCION DE COSTAS Y PLAYAS. O.1</p> <p>DE PROTECCION DE ZONAS AGROFORESTALES COSTERAS. O.3</p> <p>DE PROTECCION FORESTAL. O.4</p> <p>DE PARAJES NATURALES SINGULARES. O.5</p> <p>DE SITIOS COSTEROS SOBRESALIENTES. O.6</p> <p>DE INTERES PARA DEFENSA NACIONAL. O.7</p> <p>SIN PROTECCION ESPECIFICA. O.8</p>	<p>SUELO URBANO</p> <p>DE ENTIDADES DE POBLACION RURAL. O.10</p> <p>DE NUCLEOS ORDENADOS A ESCALA 1/1000.</p> <p>SUELO URBANIZABLE</p> <p>RESIDENCIAL</p> <p>INDUSTRIAL</p>	<p>EQUIPAMIENTOS Y ZONAS VERDES O LIBRES PUBLICOS</p> <p>B. LOCENTE</p> <p>DE PROTECCION</p> <p>ES</p> <p>DE P.P.P.</p> <p>AG. AMBIENCIAL BARRERA-MARXALADO</p> <p>MA. AMBIENCIAL TENDENA ESAD</p> <p>SC. USOS CULTURALS</p> <p>M. CENTRO MULTUSO</p> <p>S. SANITARIO</p> <p>B. MELIORADO</p> <p>A. ADMINISTRATIVO</p> <p>ESP. DEPORTIVO</p> <p>CA. COMERCIAL ABASTECIMIENTO</p> <p>C. CEMENTERIO</p> <p>ZV. ZONA VERDE</p>
--	--	---	--

AYUNTAMIENTO DE BUEU (PONTEVEDRA)
 NORMAS SUBSIDIARIAS MUNICIPALES
 DEL PLANEAMIENTO DOCUMENTO REFUNDIDO

ORDENACION DEL T. MUNICIPAL

OFICINA DE PLANIFICACION URBANA

OFICINA DE PLANIFICACION URBANA

OFICINA DE PLANIFICACION URBANA

CONCELLO BUEU
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

OFICINA DE PLANIFICACION URBANA

ABRIL 2017

ESCALA 1/15.000

INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL


ALTERNATIVA 0

RANON

1 3




<p>VIA TIPO I</p> <p>VIA TIPO II</p> <p>VIA TIPO III</p> <p>VIA TIPO IV</p> <p>LIMITE DE PLANEAMIENTO ESPECIAL</p> <p>ITINERARIO PAISAJISTICO, MARGEN DE APLICACION</p> <p>PLAN ESPECIAL Nº</p> <p>ORDENANZA Nº</p>	<p>SUELO NO URBANIZABLE</p> <p>DE PROTECCION DE COSTAS Y PLAYAS. 0.1</p> <p>DE PROTECCION DE ZONAS AGROFORESTALES COSTERAS. 0.3</p> <p>DE PROTECCION FORESTAL. 0.4</p> <p>DE PARAJES NATURALES SINGULARES. 0.5</p> <p>DE SITIOS COSTEROS SOBRESALIENTES. 0.6</p> <p>DE INTERES PARA DEFENSA NACIONAL. 0.7</p> <p>SIN PROTECCION ESPECIFICA. 0.8</p>	<p>SUELO URBANO</p> <p>DE ENTIDADES DE POBLACION RURAL. 0.10</p> <p>DE NUCLEOS ORDENADOS A ESCALA 1/1000.</p> <p>SUELO URBANIZABLE</p> <p>RESIDENCIAL</p> <p>INDUSTRIAL</p>	<p>EQUIPAMIENTOS Y ZONAS VERDES O LIBRES PUBLICOS</p> <p>B. DOCENTE</p> <p>C. DE PROTECCION</p> <p>EDB</p> <p>BULP / F.R</p> <p>AS. ASISTENCIAL GUARDERIA-PARVALARO</p> <p>AA. ASISTENCIAL, TERCEIRA EDAD</p> <p>SC. SOCIO-CULTURAL</p> <p>M. CENTRO MULTUSO</p> <p>S. SANITARIO</p> <p>R. RECREATIVO</p> <p>A. ADMINISTRATIVO</p> <p>MDR DEPORTIVO</p> <p>CA. COMERCIAL ABASTECIMIENTO</p> <p>C. CEMENTERIO</p> <p>ZV. ZONA VERDE</p>	<p>AYUNTAMIENTO DE BUEU (PONTEVEDRA)</p> <p>NORMAS SUBSIDIARIAS MUNICIPALES DEL PLANEAMIENTO DOCUMENTO REFUNDIDO</p> <p>ORDENACION DEL T. MUNICIPAL</p> <p>OFICINA DE PLANIFICACION, S.A.</p>	<p>BO/5</p> <p>1</p> <p>NOVIEMBRE /86</p> <p>1/5000</p> <p>ESCALA 1/15.000</p>	<p>CONCELLO BUEU</p> <p>PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL</p> <p>INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL</p> <p>ALTERNATIVA 0</p> <p>OFICINA DE PLANIFICACION, S.A.</p> <p>ABRIL 2017</p>	<p>PLAN Nº</p> <p>1</p> <p>4</p>
---	--	---	---	---	--	---	---




<ul style="list-style-type: none"> - + - LÍMITE MUNICIPAL - - - DESLINDE D.P.M.T. - - - SERVIDUME D.P.M.T. - - - ZONA DE INFLUENCIA D.P.M.T. - - - LÍMITE INTERIOR RIBEIRA DO MAR - - - SERVIDUME DE ACCESO (Peonil-Rodado) 	<ul style="list-style-type: none"> P.E. CABO UDRA SOLO URBANO SOLO URBANIZABLE SISTEMA PORTUARIO 	<p>SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> FORESTAL AGRÍCOLA DE COSTAS DE ESPAZO NATURAL 	<ul style="list-style-type: none"> SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA INFRAESTRUTURAS ITINERARIOS PAISAXÍSTICOS 	<ul style="list-style-type: none"> SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES PÚBLICAS EQUIPAMENTO COMUNITARIO SERVIZOS TÉCNICOS
---	--	--	---	--

 OFICINA DE PLANIFICACIÓN S.A. ABRIL 2017 ESCALA 1/15.000	<p>CONCELLO BUEU</p> <p>PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL</p> <p>INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL</p> <p>ALTERNATIVA 1</p>	 PLANO Nº <p style="font-size: 2em;">2</p> 1
--	---	---



<ul style="list-style-type: none"> - + - LÍMITE MUNICIPAL - - - DESLINDE D.P.M.T. - - - SERVIDUME D.P.M.T. - - - ZONA DE INFLUENCIA D.P.M.T. - - - LÍMITE INTERIOR RIBEIRA DO MAR - - - SERVIDUME DE ACCESO (Peonil-Rodado) 	<ul style="list-style-type: none"> P.E. CABO UDRA SOLO URBANO SOLO URBANIZABLE SISTEMA PORTUARIO 	<p>SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> FORESTAL AGRÍCOLA DE COSTAS DE ESPAZO NATURAL 	<ul style="list-style-type: none"> SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA INFRAESTRUTURAS ITINERARIOS PAISAXÍSTICOS 	<ul style="list-style-type: none"> SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES PÚBLICAS EQUIPAMENTO COMUNITARIO SERVIZOS TÉCNICOS
---	--	--	---	--



 OFICINA DE PLANIFICACIÓN
 ABRIL 2017
 ESCALA 1/15.000

CONCELLO BUEU


PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL



ALTERNATIVA 1



 PLAN Nº

2




<ul style="list-style-type: none"> - + - LÍMITE MUNICIPAL - - - DESLINDE D.P.M.T. - - - SERVIDUME D.P.M.T. - - - ZONA DE INFLUENCIA D.P.M.T. - - - LÍMITE INTERIOR RIBEIRA DO MAR - - - SERVIDUME DE ACCESO (Peonil-Rodado) 	<ul style="list-style-type: none"> P.E. CABO UDRA SOLO URBANO SOLO URBANIZABLE SISTEMA PORTUARIO 	<p>SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> FORESTAL AGRÍCOLA DE COSTAS DE ESPAZO NATURAL 	<ul style="list-style-type: none"> SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA INFRAESTRUTURAS ITINERARIOS PAISAXÍSTICOS 	<ul style="list-style-type: none"> SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES PÚBLICAS EQUIPAMENTO COMUNITARIO SERVIZOS TÉCNICOS
---	--	--	---	--

 OFICINA DE PLANEAMENTO ABRIL 2017	<p>CONCELLO BUEU PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL</p> <p>INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL</p> <p>ALTERNATIVA 1</p>	 PLANO Nº 2 3
ESCALA 1/15.000		



<ul style="list-style-type: none"> - + - LÍMITE MUNICIPAL - - - DESLINDE D.P.M.T. - - - SERVIDUME D.P.M.T. - - - ZONA DE INFLUENCIA D.P.M.T. - - - LÍMITE INTERIOR RIBEIRA DO MAR - - - SERVIDUME DE ACCESO (Peonil-Rodado) 	<ul style="list-style-type: none"> P.E. CABO UDRA SOLO URBANO SOLO URBANIZABLE SISTEMA PORTUARIO 	<p>SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> FORESTAL AGRÍCOLA DE COSTAS DE ESPAZO NATURAL 	<ul style="list-style-type: none"> SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA INFRAESTRUTURAS ITINERARIOS PAISAXÍSTICOS 	<ul style="list-style-type: none"> SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES PÚBLICAS EQUIPAMENTO COMUNITARIO SERVIZOS TÉCNICOS
---	--	--	---	--



 OFICINA DE PLANIFICACIÓN
 ABRIL 2017
 ESCALA 1/15.000

CONCELLO BUEU

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL


INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL

ALTERNATIVA 1




 PLAN Nº

2

4




<ul style="list-style-type: none"> —+— LÍMITE MUNICIPAL SOLO URBANO SOLO DE NÚCLEO RURAL SOLO URBANIZABLE ●●●●● ÁMBITO PLAN ESPECIAL / Nº ■■■■■ PLANEAMENTO SUBSISTENTE ▨▨▨▨ PLAN ESPECIAL P.E.N. CABO UDRA 	<ul style="list-style-type: none"> SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA AGROPECUARIA DE INTERESE PAISAXÍSTICO FORESTAL DAS AUGAS DE COSTAS DE ESPAZOS NATURAIS PATRIMONIAL, ARTÍSTICA OU HISTÓRICA DE INFRAESTRUTURAS 	<ul style="list-style-type: none"> --- DESLINDE D.P.M.T. --- SERVIDUME D.P.M.T. --- ZONA DE INFLUENCIA D.P.M.T. --- LÍMITE INTERIOR RIBEIRA DO MAR --- SERVIDUME DE ACCESO (Peonil-Rodado) ▲▲▲ ITINERARIOS PAISAXÍSTICOS 	<ul style="list-style-type: none"> SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES PÚBLICAS EQUIPAMENTO COMUNITARIO SERVIZOS TÉCNICOS DE INFRAESTRUTURAS ABASTECIMENTO/ SANEAMENTO SISTEMA XERAL PORTUARIO 	<p>OFICINA DE PLANIFICACIÓN S.A.</p> <p>ABRIL 2017</p> <p>ESCALA 1/15.000</p>	<p>CONCELLO BUEU</p> <p>PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL</p> <p>INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL</p> <p>ALTERNATIVA 2</p>	<p>PLANO Nº</p> <p>3 1</p>
--	--	--	---	---	---	-----------------------------------





OFICINA DE PLANIFICACIÓN
 ABRIL 2017
 ESCALA 1/15.000


CONCELLO BUEU
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
 INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL
 ALTERNATIVA 2

PLANO Nº
3 2



<ul style="list-style-type: none"> —+— LÍMITE MUNICIPAL SOLO URBANO SOLO DE NÚCLEO RURAL SOLO URBANIZABLE ●●●●● ÁMBITO PLAN ESPECIAL / Nº ■■■■■ PLANEAMENTO SUBSISTENTE ▧ PLAN ESPECIAL P.E.N. CABO UDRA 	<ul style="list-style-type: none"> SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA AGROPECUARIA DE INTERESE PAISAXÍSTICO FORESTAL DAS AUGAS DE COSTAS DE ESPAZOS NATURAIS PATRIMONIAL, ARTÍSTICA OU HISTÓRICA DE INFRAESTRUTURAS 	<ul style="list-style-type: none"> --- DESLINDE D.P.M.T. --- SERVIDUME D.P.M.T. --- ZONA DE INFLUENCIA D.P.M.T. --- LÍMITE INTERIOR RIBEIRA DO MAR --- SERVIDUME DE ACCESO (Peonil-Rodado) ▲▲▲ ITINERARIOS PAISAXÍSTICOS 	<ul style="list-style-type: none"> SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES PÚBLICAS EQUIPAMENTO COMUNITARIO SERVIZOS TÉCNICOS DE INFRAESTRUTURAS ABASTECIMENTO/ SANEAMENTO SISTEMA XERAL PORTUARIO 	 <p>OFICINA DE PLANIFICACIÓN S.A. ABRIL 2017</p>	<p>CONCELLO BUEU PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL</p> <p>INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL</p> <p>ALTERNATIVA 2</p>	 <p>PLANO Nº 3 3</p>
---	--	--	---	--	--	--

ESCALA 1/15.000



—+—	LÍMITE MUNICIPAL	—+—	DESLINDE D.P.M.T.	■	SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES PÚBLICAS
■	SOLO URBANO	■	SERVIDUME D.P.M.T.	■	EQUIPAMENTO COMUNITARIO
■	SOLO DE NÚCLEO RURAL	■	ZONA DE INFLUENCIA D.P.M.T.	■	SERVIZOS TÉCNICOS DE INFRAESTRUTURAS ABASTECIMENTO/ SANEAMENTO
■	SOLO URBANIZABLE	—+—	LÍMITE INTERIOR RIBEIRA DO MAR	■	SISTEMA XERAL PORTUARIO
●●●●	ÁMBITO PLAN ESPECIAL / Nº	▲▲▲	SERVIDUME DE ACCESO (Peonil-Rodado)		
■	PLANEAMENTO SUBSISTENTE				
■	PLAN ESPECIAL P.E.N. CABO UDRA				
■	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA				
■	SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN:				
■	AGROPECUARIA				
■	DE INTERESE PAISAXÍSTICO				
■	FORESTAL				
■	DAS AUGAS				
■	DE COSTAS				
■	DE ESPAZOS NATURAIS				
■	PATRIMONIAL, ARTÍSTICA OU HISTÓRICA				
■	DE INFRAESTRUTURAS				

OFICINA DE PLANEAMENTO
 ABRIL 2017
 ESCALA 1/15.000

CONCELLO BUEU
 PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL

ALTERNATIVA 2

G.4.3. MODELO DE ORDENACIÓN TERRITORIAL PROPOSTO

O modelo de ordenación territorial proposto, como alternativa seleccionada, resúmese na clasificación do solo rústico conforme aos seus valores e na clasificación dos asentamentos de poboación existentes de acordo ás determinacións legais, coa previsión das súas áreas de crecemento e cunhas delimitacións de solos de núcleo rural e de solo urbano que permiten poñer freo, na medida do posible, á diseminación da edificación no territorio.

O Plan Xeral realiza unha proposta de ordenación baseada na consolidación do feito urbano da Vila de Bueu en coherencia co modelo formulado polas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia. Como complemento, a Normativa do Plan Xeral establece as determinacións para o desenvolvemento de tres solos urbanizables delimitados de carácter residencial na área de expansión urbana priorizada da Vila de Bueu, así como tres solos urbanizables non delimitados de carácter mixto terciario-industrial e dous solos urbanizables non delimitados de carácter mixto residencial e terciario. O desenvolvemento dos novos solos industriais propostos no Plan están orientados á ampliación da área de actividade do municipio, Parque Empresarial de Castiñeiras. Pola súa banda, os ámbitos de solo urbanizable non delimitado, e polo tanto non antepostos, de uso residencial e terciario que o Plan Xeral establece, vincúlanse aos núcleos urbanos e oriéntanse a completar a estrutura urbana e á diversificación de usos.

O Plan Xeral de Bueu establece a protección e posta en valor dos elementos máis destacables desde o punto de vista ambiental e cultural e realiza, polo tanto, unha clasificación do solo coherente coa realidade territorial, municipal e comarcal, e en resposta ás súas expectativas de desenvolvemento. O Plan Xeral que se propón protexe axeitadamente as áreas do termo relevantes para a conservación da diversidade biolóxica e do patrimonio natural e cultural, mantendo e potenciando os espazos de interese natural e paisaxístico e a función de conexión dos corredores biolóxicos. Ademais, os espazos agrarios, os montes, e os ríos e humidais son amparados por cadansúa categoría específica de protección, consonte ás letras a), b) e d) do artigo 32 da LOUG.

Máis do 83% do territorio municipal é cualificado como solo rústico protexido, na súa meirande parte inserido nas diferentes categorías de especial protección definidas pola lexislación urbanística; a súa efectiva protección constitúe un elemento positivo na estrutura da ordenación, e debe supoñer unha inflexión nos criterios de permisividade á localización diseminada e indiscriminada da edificación. O réxime urbanístico do solo rústico configúrase, xa que logo, vinculado a outorgar unha especial protección aos

valores naturais, científicos, agrarios, forestais, paisaxísticos, culturais, etc., incompatibles coa súa transformación.

A incidencia superficial das diferentes clases de solo que configuran o presente modelo, resúmense no seguinte cadro:

CADRO Nº 17. CLASIFICACIÓN DO SOLO. SUPERFICIE E PORCENTAXE RESPECTO AO SOLO DO TERMO

CLASES DE SOLO	SUPERFICIE (Ha)	%
SOLO URBANO CONSOLIDADO	159,35	5,18
SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	9,03	0,29
TOTAL SOLO URBANO	168,38	5,47
SOLO DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL	187,87	6,10
SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN	106,04	3,44
TOTAL SOLO DE NÚCLEO RURAL	293,91	9,54
SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA	30,70	1,00
SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN E SISTEMA XERAL PORTUARIO	2.536,31	82,35
TOTAL SOLO RÚSTICO	2.567,01	83,35
SOLO URBANIZABLE DELIMITADO	12,14	0,39
SOLO URBANIZABLE DIFERIDO E PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DE ÁREAS EMPRESARIAIS DE GALICIA	38,56	1,25
TOTAL SOLO URBANIZABLE	50,70	1,64
TOTAL MUNICIPAL	3.080,00	100,00

A preservación e conservación da biodiversidade e do patrimonio natural convértese nun obxectivo fundamental de todas as políticas de ordenación do territorio. Atendendo á especial riqueza do patrimonio natural e da biodiversidade do termo municipal, este obxectivo constituíu unha prioridade na elaboración do Plan Xeral e, xa que logo, unha liña de actuación estratéxica. En consecuencia, o Arquipélago de Ons e o Cabo Udra, protexidos por diferentes figuras de protección comunitaria, estatal e autonómica, e inseridos nas Áreas Estratéxicas de Conservación de Galicia definidas polas DOT, e o espazo natural da Carballeira de Coiro, foron incluídos nos solos rústicos de protección dos espazos naturais. A superficie protexida no termo, que supera o 29% da superficie municipal total, é así especialmente significativa. Ademais, o Plan Xeral clasifica arredor de 95 Ha como solo rústico de protección de costas en exclusiva que se completas coas superpostas con outras categorías (Plan Especial Cabo Udra, Illa de Ons, ...), nas que se inclúen as zonas de protección costeira definidas no POL.

O sistema de montes presenta valores paisaxísticos, naturais, patrimoniais, turísticos e recreativos moi destacados. A súa elevada fragilidade paisaxística determinou o establecemento dunha ampla protección específica que persegue preservar as vistas panorámicas do territorio municipal, evitar a afección directa por ocupación residencial e

a indiscriminada instalación de servizos técnicos e infraestruturas que alteren ou destrúan a súa conformación paisaxística tradicional.

Propiciar o aproveitamento sostible dos recursos naturais do municipio constitúe un dos obxectivos ambientais do Plan Xeral. Co fin de asegurar a explotación produtiva destes recursos territoriais e a súa sustentabilidade económica e ambiental, o Plan Xeral, seguindo o disposto na lexislación urbanística vixente, clasifica como solo rústico de especial protección agropecuaria e como solo rústico de especial protección forestal máis dun terzo da superficie municipal total.

No Modelo de Ordenación Territorial proposto identifícanse como núcleos urbanos de poboación os agregados da Vila de Bueu e de Beluso, e o núcleo da Praia de Beluso. Os demais asentamentos do municipio delimítanse e clasifícanse de acordo cos criterios establecidos na lei (asentamentos de poboación singularizados en función das súas características morfolóxicas, tipoloxía tradicional das edificacións, vinculación coa explotación dos recursos naturais e que figuran diferenciados administrativamente nos censos e padróns oficiais), como núcleos rurais. En concordancia coa lexislación urbanística en vigor, o Plan Xeral prima a rehabilitación nos núcleos tradicionais, toda vez que as súas edificacións están protexidas, definindo aliñacións que preservan as estruturas e edificacións nos núcleos histórico-tradicionais, así como naqueles elementos incluídos no catálogo.

O Plan Xeral proposto delimita os núcleos con capacidade suficiente e define unhas ordenanzas que permiten a densificación dos núcleos existentes, tanto urbanos como rurais. Así mesmo, aposta de maneira clara pola compactación da Vila de Bueu, mediante a definición de ámbitos de solo urbano non consolidado que permiten dotalo dunha estrutura, tipoloxías e usos urbanos, mellorando a calidade ambiental. Completa as tramas urbanas con ámbitos de solo urbanizable con densidades superiores as actuais que permitirán colaborar nesta densificación e compactación das tramas.

Nos desenvolvementos previstos en solo urbano non consolidado e no solo urbanizable, facilita a mestura de colectivos sociais diversos coa previsión de vivenda suxeita a protección oficial. Ademais, co gallo de diversificar os usos, introduce usos terciarios e comerciais mixtos cos residenciais na práctica totalidade das actuacións urbanísticas antepostas, sendo este un dos contidos fundamentais das actuacións. No Plan realízase a regulación da edificación conforme ao disposto na LOUG, así dispón normas xerais de edificación que inclúen as condicións de volume, hixiénicas e ambientais, así como de estética e integración ambiental cara á mellora da paisaxe urbana (ver Normativa Urbanística).

Na procura dunha especialización territorial e diversificación de usos, o Plan Xeral, en concordancia co establecido no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia, propón a ampliación do Parque Empresarial de Castiñeiras, ocupando ámbitos adxacentes ben comunicados coas infraestruturas viarias, e procurando a súa mellor integración ambiental e paisaxística no territorio. A consolidación do Parque Empresarial de Castiñeiras precisa actuacións complementarias nas infraestruturas viarias do municipio, á marxe do Corredor do Morrazo, orientadas a garantir un correcto encaixe local e comarcal, unha óptima conexión coa infraestrutura portuaria complementaria e, así mesmo, a mellorar a accesibilidade á Vila de Bueu e ás áreas urbanas do contorno. Actuacións consistentes na formalización dunha nova vía central na Vila e nas súas áreas de crecemento planificadas que posibilite a conexión directa entre o Porto e a estrada PO-551 con óptimas condicións de accesibilidade, capacidade e calidade urbana, na mellora das seccións dos eixes norte-sur constituídos polas estradas PO-551 e EP-1303, que dende a Portela se dirixe a O Valado, e na construción dunha vía de interconexión destas últimas estradas nas proximidades do Parque Empresarial de Castiñeiras. Tamén o criterio da optimización da integración territorial e paisaxística guiará o deseño da nova infraestrutura viaria de interconexión, valorándose, a priori, como mellor alternativa, a construción dun viaduto cun singular trazado en arco e a cota uniforme, a xeito de intrusión paisaxística positiva.

Coa alternativa seleccionada, o Plan Xeral afondará, ademais, na cualificación do espazo público dos núcleos urbanos, na mellora da escena urbana (especialmente cos novos desenvolvementos de solo urbano non consolidado), na permeabilidade da rede viaria principal, e na continuidade dos espazos públicos. As propostas de nova dotación van encamiñadas a completar a oferta existente, de xeito que se garanta o acceso a elas pola poboación. Ademais, prográmase o completado, renovación e mellora das infraestruturas e servizos municipais.

En canto ao sistema xeral de espazos libres e zonas verdes, prevese a súa ampliación e recualificación, integrando nel os elementos de valor natural, paisaxístico ou cultural. Nesta liña, as propostas do PXOM poñen en valor as altas calidades ambientais do seu soporte territorial concretándose, entre outras, na creación do sistema de parques urbanos con base no sistema ambiental, cunha especial incidencia na vila coa formalización dos Parques Fluviais do Rego do Bispo e das novas zonas verdes adxacentes ás praias urbanas e periurbanas.

Para a ordenación das áreas de alto valor ambiental no contorno da Vila de Bueu, o Plan Xeral establece o desenvolvemento de Plans Especiais de protección e acondicionamento orientados, por un lado á preservación integral dos ecosistemas

fluviais e litorais, ao incremento da naturalidade e a restauración da funcionalidade ecolóxica e paisaxística, así como á mellora da súa calidade ambiental e, por outro, a reordenar os ámbitos a partir de actuacións de posta en valor, que posibiliten o desenvolvemento de itinerarios peonís e áreas de lecer, a implantación de dotacións complementarias e a rehabilitación do patrimonio asociado.

En definitiva, as determinacións do Plan Xeral posibilitarán a ordenación integral do termo, o reforzo da súa base económica, a mellora das infraestruturas e servizos municipais, o completado e mellora do sistema de equipamento comunitario tendo en conta as demandas sociais e a mobilidade, e configurarán o sistema xeral de espazos libres e zonas verdes, accesibles e de calidade para o conxunto da poboación, integrando neles os elementos de valor natural, paisaxístico ou cultural. Ademais, a súa contribución ao desenvolvemento integral e diversificación económica do territorio e á efectiva protección dos recursos naturais, influirá decisivamente ao incremento da calidade de vida e benestar da poboación, xerando significativos avances na sustentabilidade ambiental.

G.5. IDENTIFICACIÓN E CARACTERIZACIÓN DOS EFECTOS SOBRE O MEDIO AMBIENTE DA ALTERNATIVA SELECCIONADA

G.5.1. AVALIACIÓN DA ALTERNATIVA SELECCIONADA

Territorio e ocupación do solo.

As delimitacións dos núcleos rurais e dos solos urbanos propostas polo Plan Xeral axústanse ás determinacións establecidas na LOUG. Na Vila de Bueu e nos nodos secundarios, o Plan Xeral delimita e define quince polígonos de solo urbano non consolidado, cunha superficie global de 11,25 hectáreas, que perseguen a concentración, completando, enchendo e cualificando as tramas urbanas. Ademais, establece as determinacións para o desenvolvemento de solos urbanizables cunha superficie conxunta de 52,55 hectáreas, equivalente ao 1,70% do territorio do termo, ocupando, en boa medida, superficies cuxa transformación xa estaba establecida no planeamento en vigor.

Os efectos conxuntos por ocupación e transformación do territorio derivados das previsións do Plan Xeral caracterízanse como negativos, directos, continuos, permanentes, irreversibles e irrecuperables. Tendo en conta o marco territorial de influencia e o horizonte temporal do plan, valórase a afección negativa no territorio e na ocupación e transformación do solo como moderada.

Efectos nos recursos edáficos e no potencial agronómico

A superficie de solo que se prevé transformar considérase discreta, sobre todo se temos en conta a superficie de solo que se clasifica como rústico de especial protección agropecuaria e forestal. En consecuencia, por mor do axustado das propostas de desenvolvemento en canto ao consumo de solos e recursos produtivos, non se agarda que poida ter efectos negativos significativos na actividade agropecuaria local nin, polo tanto, nos recursos produtivos primarios do conxunto do municipio. Con todo, na consideración das afeccións aos recursos edáficos e ao potencial agronómico, é oportuno valorar que as áreas afectadas presentan en xeral solos ben desenvolvidos capaces de fornecer destacados bens e servizos ambientais, e un alto potencial produtivo agronómico. Así, nos solos que o Plan Xeral prevé que se transformen de solo rústico a solo urbano e urbanizable, produciranse, as conseguíntes afeccións edafolóxicas, cuxos efectos negativos serán directos, continuos, permanentes, irreversibles e irrecuperables. En consecuencia, a afección negativa acumulada nos recursos edáficos valórase como moderada. Deste xeito, establécese a aplicación

xeralizada de medidas preventivas para evitar a degradación, destrución directa e perda de recursos edáficos durante as obras de urbanización e construción das novas zonas urbanas e asegurar a súa axeitada reutilización. Contemplan as boas prácticas ambientais contidas no seguinte apartado, tanto no deseño como na execución das áreas a urbanizar, contribuírá a reducir estes efectos de forma que a incidencia sexa compatible.

Patrimonio natural e biodiversidade.

Efectos sobre o medio natural e a biodiversidade

Os ámbitos que o Plan Xeral prevé que se transformen de solo rústico a solo de núcleo rural, urbano e urbanizable, están emprazados no contorno das áreas urbanas do termo, afectando polo tanto a espazos que se atopan en boa medida artificializados. Os terreos clasificados como solo de núcleo rural e solo urbano constitúen ben o recoñecemento do tecido existente ou ben unha prolongación das actuais tramas de asentamento tradicional do municipio que non orixinan afeccións negativas significativas sobre o patrimonio natural. Os polígonos urbanos establecidos para a ordenación dos solos urbanos non consolidados perseguen o completado e mellora da estrutura urbana e, moi especialmente, o incremento da calidade ambiental.

Non se agardan, polo tanto, efectos significativos negativos no patrimonio natural e na biodiversidade do concello como consecuencia desta clasificación. Así mesmo, as infraestruturas viarias de sistema xeral propostas presentan unha aceptable integración territorial e ambiental, podendo ser corrixidas a nivel de proxecto as posibles incidencias negativas xeradas na súa implantación, co establecemento de medidas preventivas e correctoras, no marco do preceptivo Estudo de Impacto Ambiental, tal e como se indica na Normativa do Plan.

As solucións de ordenación perseguen, na medida do posible, a integración ambiental e paisaxística das actuacións. Deste xeito, a área de desenvolvemento prioritario da Vila de Bueu integra, de acordo co establecido na lexislación urbanística e nos instrumentos de ordenación do territorio de Galicia, o treito baixo do Rego do Bispo (que na actualidade presenta un estado de conservación desfavorable), coa previsión da formalización dun amplo parque fluvial que libere de edificación ás marxes e faga posible a preservación e mellora das características naturais e paisaxísticas do rego, restaurando a súa funcionalidade como corredor ecolóxico e ambiental. Así mesmo, no solo de ampliación do parque empresarial, a ampliación polo norte da área de actividade

que afecta á cabeceira do Rego de Nocedo, a ordenación proxectada integrará ao rego e ás súas marxes nunha zona verde que posibilite a súa preservación integral.

Os demais ámbitos que o Plan Xeral prevé que se transformen de solo rústico a solo urbano e urbanizable derivados das necesidades de desenvolvemento do municipio, non presentan características ambientais relevantes ou especial fragilidade. Nos ámbitos a desenvolver non se detectaron especies de flora e fauna protexidas e, a priori, non semellan lugares que presenten unha especial importancia como hábitat destas especies. Tampouco se afecta coa súa transformación aos bens patrimoniais, en xeral, dunha forma negativa.

Coa nova clasificación non se afecta de forma significativa ás áreas estratéxicas de conservación, humidais, ecosistemas fráxiles, formacións vexetais ou hábitats de interese para a conservación, ou a árbores senlleiras, nin se intercepta ningún corredor ou conexión biolóxica.

En consecuencia, a afección global no patrimonio natural e na biodiversidade do termo considérase compatible, xa que o desenvolvemento do Plan non suporá a perda, directa ou indirecta, á escala municipal, comarcal, rexional ou estatal de taxons animais ou vexetais. Isto é, a riqueza de especies e taxons, presentes na actualidade no municipio, non se vai ver afectada unha vez desenvolto o Plan. Tampouco desde o punto de vista da diversidade e funcionalidade dos ecosistemas que compoñen o territorio municipal, o modelo territorial proposto no Plan supón unha diminución no número de ecosistemas presentes. O desenvolvemento do Plan implicará a ocupación parcial de certos ecosistemas, pero en ningún caso a súa desaparición, garantindo a súa existencia e funcionalidade a nivel municipal.

Cómpre, sen embargo, estreimar a prevención durante as fases de deseño e construción de forma que se garanta a protección efectiva do medio natural e non se afecte de forma significativa negativa ás áreas delimitadas como zonas verdes urbanas. Considérase necesario, xa que logo, establecer medidas preventivas e correctoras para asegurar a súa preservación, e optimizar a integración ambiental.

Paisaxes e patrimonio.

Efectos sobre as paisaxes

En canto ás afeccións na paisaxe derivadas dos desenvolvementos propostos, é preciso significar que as actuacións inciden nuns contornos periurbanos considerablemente

antropizados e visualmente robustos, especialmente dende o litoral do termo. Ademais, nas ordenacións propostas introducíronse medidas para integración ambiental e paisaxística, orientadas a preservar as áreas máis fráxiles e de maior calidade escénica, e maximizar a integración e coherencia das paisaxes. Neste sentido, tal e como quedou anteriormente referido, a formalización dos parques do Rego do Bispo incidirá na preservación e axeitada integración das paisaxes fluviais nas tramas urbanas da Vila de Bueu.

Na ampliación da área industrial, a pesar da baixa fragilidade xeral e discreta calidade visual intrínseca dos ámbitos non preservados, poderían producirse afeccións negativas nas paisaxes, cunha diminución da calidade das paisaxes preexistentes derivadas do incremento da artificialización e da transformación do espazo rural.

Os efectos nas paisaxes derivadas dos desenvolvementos propostos considéranse simples, permanentes, irreversibles e continuos, de alcance local e son caracterizados, a priori, como negativos, mais cunha gravidade valorada en xeral como compatible. Os instrumentos de planeamento que desenvolvan os sectores deberán adoptar ademais solucións de deseño sustentable na ordenación pormenorizada dos ámbitos que configuren uns espazos urbanos atractivos e con alta calidade ambiental, polo que será preciso establecer medidas preventivas complementarias nos desenvolvementos propostos, orientadas a minimizar o impacto e maximizar a integración paisaxística, na liña do establecido nas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia. Así mesmo, cómpre a optimización da integración das zonas verdes públicas e privadas nas paisaxes de contorno e o seu acondicionamento en condicións de sustentabilidade.

Efectos sobre o patrimonio cultural

A clasificación do solo e os usos previstos garanten a súa preservación e, como consecuencia directa das previsións de desenvolvemento urbanístico, non se afecta significativamente á súa imaxe e configuración característica. Coa regulación normativa do patrimonio cultural establecida no PXOM, garántese a adecuada protección dos bens catalogados. A incidencia global sobre o patrimonio cultural do municipio valórase, a priori, como significativa e positiva.

Hidroloxía.

Na valoración dos efectos significativos no ciclo hidrolóxico da alternativa de planeamento proposta, é preciso ter presente que a minimización dos riscos de contaminación das augas afluentes á Ría de Pontevedra, a redución dos procesos erosivos derivados dos procesos de urbanización, e a minimización dos riscos de inundación, deben ser obxectivos estratéxicos a acadar na conca e no municipio.

Neste sentido, sinalar que a ordenación proxectada garante, pola superposición de categorías en solo rústico, a preservación dos cursos fluviais do concello como mínimo ata os 100 m da franxa de policía que establecen os instrumentos de planificación hidrolóxica e as lexislacións de ordenación do territorio e urbanísticas. Cómpre lembrar que o establecemento de solos rústicos de especial protección das augas permite minimizar riscos xa que actúan como zona de amortecemento. Franxas nas que, polo tanto, deben limitarse as edificacións e condicionarse os usos coa finalidade de preservar estes espazos como acolledores dunha biodiversidade exclusiva, como medida de prevención de inundacións, fenómeno que con reiteración afecta ao concello nos últimos anos, así como medida de prevención de contaminación das augas.

Efectos nas augas superficiais e subterráneas

A afectación ao sistema hidrográfico e ás augas estímase pouco probable, xa que o PXOM dispón medidas de protección do DPH coa integración dos espazos adxacentes ás canles nos solos rústicos de protección das augas e coa regulación normativa de usos e actividades. Nos desenvolvementos propostos, o plan xeral dispón medidas de protección e integración ambiental e paisaxística dos cursos de auga existentes no contorno e no interior das actuacións, que perseguen a preservación do DPH, ben coa delimitación de solos rústicos de protección das augas ou ben coa incorporación ao sistema de espazos libres e zonas verdes dos espazos adxacentes ao dominio público. Como complemento, deberanse activar medidas protectoras e correctoras nos instrumentos de desenvolvemento das actuacións planificadas que minimicen as afeccións á calidade das augas superficiais (impactos por contaminación) e á naturalidade das canles existentes nas zonas de actuación ou nas súas proximidades, xa que na fase de execución de toda obra civil e de construción se producen accións susceptibles de provocar efectos negativos significativos nas augas superficiais e nos ecosistemas acuáticos. Neste sentido, semella tamén oportuna a formalización das zonas verdes no contorno das canles que contribúan a aumentar a zona de amortiguación de impactos nos espazos fluviais.

En canto ás infraestruturas hidráulicas, as características do medio receptor condicionan as actuacións de saneamento e os obxectivos de calidade dos efluentes orixinados nas depuradoras do termo. En consecuencia, na área de influencia da Ría de Pontevedra en función da fragilidade dos ecosistemas e do elevado risco de contaminación, debe evitarse calquera tipo de vertido contaminante cun tratamento de depuración eficaz. O Plan Xeral incorpora ás súas determinacións as actuacións proxectadas no municipio polas administracións competentes para acadar unhas infraestruturas de abastecemento de augas e de saneamento, depuración e vertido de augas residuais conforme aos requirimentos das directivas europeas nesta materia. Ademais, propón diversas actuacións de completado por medio de accións orientadas á xeneralización dos diferentes servizos.

As previsións de desenvolvemento do plan fan necesario o complemento e ampliación das infraestruturas de saneamento e depuración. A execución das infraestruturas concibidas no Plan Xeral posibilitarán o axeitado tratamento das augas, con garantías de calidade e conforme á normativa sectorial, evitándose os potenciais efectos prexudiciais nun contorno fráxil.

En canto á potencial afección ás augas subterráneas por contaminantes, a pesar de que coas ordenacións proxectadas estímase que os efectos negativos son de probabilidade moi baixa, de duración temporal e reversibles, deberanse establecer medidas de prevención orientadas a preservar os posibles acuíferos locais.

Riscos de sobreexplotación dos recursos

A dispoñibilidade de auga potable no municipio está, a priori, garantida coas novas infraestruturas planificadas. Estímase que poderían producirse, sen embargo, diversos efectos significativos negativos relacionados co aumento da demanda de auga e conseguinte incremento da demanda enerxética para asegurar o subministro para o fornecemento dos novos usos previstos, así como coa redución da permeabilidade e co aumento do escoamento. No incremento da demanda intervirán especialmente os novos usos industriais e terciarios planificados e as actuacións residencias en moi baixa densidade que, en función da súa tipoloxía e uso turístico, poden ser grandes consumidores de auga. Por outra parte, o incremento da demanda de recursos hídricos para satisfacer estes usos, podería producir a competencia con outros usos máis perentorios (fornecemento de auga potable á poboación, requirimentos ambientais, etc), e unha degradación dos ecosistemas acuáticos.

A estimación de efectos acumulativos derivados do incremento da demanda deste recurso é, a priori, difícil, pois estarán estreitamente relacionados coa concepción dos proxectos e coa súa xestión, así como coa dispoñibilidade de recursos, polo que se fai necesario o establecemento de medidas de prevención para controlar o ciclo da auga e para avanzar na súa xestión sustentable. Deste xeito, como medida fundamental de prevención de efectos indesexables no ambiente e na sustentabilidade e para garantir o fornecemento de augas conforme aos usos previstos, deberase avaliar e certificar a dispoñibilidade destes recursos.

O Plan proxecta diversas actuacións nas infraestruturas hidráulicas para satisfacer a demanda de auga xerada, resolvendo as deficiencias actuais do servizo e en previsión das necesidades derivadas dos novos desenvolvementos urbanos. Será necesario, sen embargo, establecer medidas preventivas e correctoras relacionadas coa xestión da demanda de auga, co aumento da evapotranspiración e coa mellora da recarga na urbanización, así como co deseño sostible das instalacións e infraestruturas de abastecemento, saneamento e depuración.

Saúde, benestar humano e emisións contaminantes.

Os impactos de contaminación derivados das determinacións do planeamento están relacionados co grao de adecuación das diferentes infraestruturas e servizos planificados (viarias e de transporte, hidráulicas, enerxéticas, de xestión dos residuos, etc.), nos diferentes instrumentos de desenvolvemento do plan e coa calidade dos proxectos e, moi especialmente, coa xestión ambiental nas fases de execución e funcionamento.

Coas medidas preventivas e as boas prácticas ambientais contidas na Normativa Urbanística destinadas a evitar a contaminación ou detectar afeccións innecesarias nas augas, nos solos, na atmosfera, etc, poderán evitarse e reducirse notablemente estes efectos, sendo esta unha opción desexable tanto a nivel ambiental como socioeconómico. Así mesmo, coa regulación dos usos e actividades construtivas e non construtivas, contida nas normas do Plan, incrementarase a prevención de riscos ambientais e sociais, facendo posible unhas implantacións orientadas cara á sustentabilidade.

Atmosfera

O desenvolvemento dos sectores industriais podería incrementar as emisións de contaminantes á atmosfera derivados das actividades. En aplicación do principio de

precaución, as actividades susceptibles de implantarse estarán reguladas pola Normativa Urbanística do Plan e a normativa estatal e autonómica de aplicación, en particular, a Lei de protección ambiental de Galicia e o Decreto de Avaliación da Incidencia Ambiental, que obrigarán a dispoñer as oportunas medidas para prever e minimizar a contaminación atmosférica, a aplicar tecnoloxías limpas e as mellores tecnoloxías dispoñibles para minimizar as emisións, a vixiar e controlar os valores de emisión, etc.

O incremento da mobilidade pode xerar diferentes problemas entre os que destacan o consumo de enerxía nos transportes motorizados, que é un dos principais responsables do crecemento das emisións de GEI, e do deterioro da calidade do aire local. En efecto, é previsible un aumento do transporte motorizado cara á área de actividade (cun maior número de desprazamentos, en especial, en vehículos pesados). Con todo, a moi boa accesibilidade e a mellora das infraestruturas e dos servizos de transporte público planificada, deben contribuír a mellorar a mobilidade da área urbana e a equilibrar os modos de transporte. Ademais, as solucións de mobilidade adoptadas no Plan Xeral, contribuirán dun xeito moi destacado a racionalizar o transporte na escala local. Por outra parte, a ordenación dos solos rústicos, en especial dos que acollen usos forestais, orientada á protección e mellora dos recursos, garante coa súa extensión e característica cuberta arborada, un amplo sumidoiro local de GEI, que contribuirá á mitigación das consecuencias do cambio climático global.

Toda vez que a proposta integra a variable do Cambio Climático e contempla medidas para a redución das emisións contaminantes derivadas das implantacións industriais, o efecto negativo sobre o medio ambiente atmosférico global derivado do desenvolvemento, considérase pouco relevante.

Aínda que co seu emprazamento e características xeotécnicas favorables para acoller a urbanización se evitan molestias innecesarias para á poboación e os hábitats e vexetación de interese, especialmente na fase de execución das obras de urbanización (xa que a acción da maquinaria nos movementos de terra, das escavacións e voaduras, etc, é reducida), dada a existencia de núcleos de poboación así como ecosistemas fráxiles nas proximidades dos ámbitos a desenvolver, poderíanse producir afeccións negativas á poboación, á fauna e á vexetación derivadas da mobilización de po e outros contaminantes atmosféricos que empeorarían a calidade do aire actual. Neste contexto, poderían derivarse efectos negativos significativos para o medio ambiente atmosférico e a calidade do aire.

Deberanse establecer medidas de prevención e correctoras, na fase de execución dos proxectos de urbanización, encamiñadas a minimizar a contaminación atmosférica e garantir unha boa calidade do aire.

Ruído ambiental

Durante a fase de urbanización e construción das edificacións, así como na fase de explotación dos ámbitos, as afeccións acústicas causadas polas actividades industriais e a maquinaria de obra poderían causar impactos significativos ao reducir o confort sonoro. Sen embargo, as emisións sonoras consecuencia das actividades de obra e do seu posterior funcionamento terán que cumprir en todo momento os niveis máximos permitidos na lexislación vixente. Atendendo á lexislación actual vixente en materia de contaminación acústica, estarase ao disposto na Ley 37/2003, de 17 de novembro, del Ruido e no Real Decreto 1367/2007, de 19 de octubre, por el que se desarrolla la Ley 37/2003, de 17 de noviembre, del Ruido, en lo referente a zonificación acústica, objetivos de calidad y emisiones acústicas. Observarase tamén a ordenanza municipal de ruídos.

Por outra parte, o Plan Xeral, atendendo aos requirimentos legais, establece a zonificación acústica nas áreas urbanas do concello (ver plano de zonas de sensibilidade acústica na Ordenación do Plan). En consecuencia, os posibles riscos de incremento de ruído considéranse non significativos xa que no caso de producirse un incremento dos niveis sonoros, estes non superarán os niveis permitidos por lei.

Contaminación lumínica

A Normativa do Plan Xeral recolle a lexislación sectorial e, polo tanto, inclúe as oportunas medidas para prever e minimizar a contaminación lumínica e optimizar a eficiencia enerxética na iluminación exterior. Coa observación das súas determinacións minimizarase a contaminación lumínica, polo que non se agardan efectos negativos significativos derivados da urbanización e explotación dos sectores.

Contaminación electromagnética

Existen riscos potenciais negativos para a saúde e o medio ambiente derivados da emisión de ondas EMC polas liñas de alta tensión e as antenas de telefonía móbil instaladas hoxe en día no municipio. Aplicar o principio de precaución e, polo tanto, establecer medidas preventivas e correctoras, é obrigado. O Plan Xeral, ademais da incorporación dunhas ordenanzas específicas para os usos e actividades no corpo

normativo do Plan Xeral que permiten establecer garantías de calidade ambiental, inclúe diversas medidas para asegurar un contorno saudable e para reducir as situacións de risco de enfermidades.

Riscos Naturais e Tecnolóxicos

Para evitar situacións de risco colectivo derivado da ordenación do territorio, foron identificados e avaliados de xeito preliminar no plan xeral os riscos potenciais que afectan ao territorio e, xa que logo, incorporadas á Normativa urbanística diversas determinacións orientadas a reducir os riscos potenciais significativos.

O Plan incorpora ademais un Mapa de Riscos Naturais das actuacións de urbanización que reflicte os Mapas de perigosidade e riscos de inundación en fase de tramitación en 2015. En consecuencia, as ordenacións propostas na área de desenvolvemento priorizada da Vila de Bueu liberan de edificación aos contornos do Rego do Bispo de xeito que acollan usos compatibles e minimicen o risco.

Entre mentres non se completan as medidas de xestión de riscos, xa que os ámbitos dos solos urbanizables propostos no PXOM, SUD-1 As Lagoas Norte II, SUND-A A Graña e SUND-1 As Lagoas Sur, están cruzados ou delimitados pola referida canle na área potencialmente inundable, a normativa do Plan Xeral establece a necesidade de profundar, nos seus respectivos instrumentos de desenvolvemento, na avaliación local do risco de inundación.

Para minimizar o risco de incendios, o Plan Xeral establece tamén como medida de prevención, que nas actuacións lindeiras con espazos forestais deberanse desenvolver as medidas previstas na Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012 de Montes de Galicia, así como no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.

Enerxía e mobilidade.

Enerxía

A obtención e consumo de enerxía é unha das cuestións de maior relevancia na problemática ambiental mundial (cambio climático, cambio global). Porén, a análise das repercusións da produción e consumo de enerxía tamén ten implicacións a nivel

sectorial e local, de tal xeito que coa optimización enerxética, promovendo o emprego de enerxías renovables e o uso eficiente da enerxía no eido local, se pode contribuír á consecución da ansiada sustentabilidade global. En coherencia co disposto na normativa sectorial e nas DOT, no Plan Xeral inclúense medidas que favorecen a utilización de enerxías renovables e a introdución de elementos de aforro enerxético.

Un dos potenciais efectos significativos máis importantes agardados por mor da gravidade da problemática do consumo enerxético a nivel global, virá derivado do presumible incremento da demanda enerxética unha vez entren en funcionamento as vivendas unifamiliares e as empresas. En función deste potencial risco, semella oportuno implantar medidas complementarias ás establecidas no Plan Xeral que contribúan ao aforro enerxético e minimicen os consumos enerxéticos usando tecnoloxías eficientes, que promovan a diversificación de fontes e o emprego de enerxías renovables nas obras de urbanización e edificación, así como o emprego das enerxías limpas nos procesos produtivos de modo que se avance significativamente na sustentabilidade.

Mobilidade

A consecución dunha mobilidade sustentable é tamén unha cuestión de grande relevancia na escala local para contribuír á racionalidade enerxética no transporte, reducir a contaminación e incrementar a calidade de vida e ambiental.

O Plan Xeral estuda a mobilidade, identificando os focos xeradores, as características das infraestruturas, o nivel de desenvolvemento dos servizos públicos de transporte e a súa potencialidade de mellora. Así, o modelo urbano que propón establece diferentes estratexias que permiten avanzar cara á consecución dunha mobilidade sustentable. O afortalamiento e diversificación da estrutura urbana, favorecendo o urbanismo de proximidade e mantendo o seu tamaño abarcable na escala peonil, intervirá na optimización e racionalización do espazo urbano. Ademais, o Plan Xeral establece unha serie de propostas que melloran a accesibilidade, tanto de tipo viario, coa definición de viarios estruturantes de seccións axeitadas, como de introdución de elementos de estrutura que garanten a compatibilidade dos modos peonís e de bicicletas mediante a mellora das condicións de urbanización e o acondicionamento do seu sistema ambiental baseado na publicación das marxes do curso fluvial que atravesa a nova trama urbana.

Porén, coa ampliación da área de actividade, agárdase un incremento da mobilidade obrigada e dos movementos pendulares residencia-traballo cara a ela. En consecuencia, o desenvolvemento dos novos sectores de actividade deberán contemplar medidas para

facilitar unha conectividade eficiente e unha mobilidade sustentable. Ademais, será necesario dispoñer solucións no deseño das actuacións que optimicen o espazo público e aumenten a accesibilidade aos equipamentos e servizos.

Bens materiais, recursos e residuos.

En canto aos materiais e residuos, os procesos de urbanización e edificación derivados do desenvolvemento do plan, suporán novas demandas que xerarán impactos ambientais asociados á produción e ao consumo de recursos. Así mesmo, o conseguinte incremento da produción de residuos pode orixinar tamén impactos significativos no medio ambiente se non son convenientemente tratados e xestionados. O Plan Xeral, seguindo as determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio, asegura coa súa regulación normativa unha xestión dos residuos conforme coa lexislación vixente. Malia todo, faise oportuno o establecemento de medidas preventivas e correctoras que contribúan a diminuír as negativas afeccións ao medio e aseguren a xestión e o uso sustentable dos recursos, así como a correcta xestión ambiental e o tratamento adecuado dos residuos, tanto na fase de execución como na fase de explotación dos desenvolvementos previstos no Plan Xeral.

Economía e sociedade.

Ao respecto do tratamento das actividades económicas, no Plan existe unha aposta nida por fortalecer e diversificar o tecido empresarial do municipio. A consolidación e cualificación das áreas de actividade e a previsión de novos ámbitos ben integrados no territorio, son opcións básicas para consolidar un modelo económico descentralizado e para avanzar cara á sostibilidade territorial. Seguindo estas mesmas liñas, o Plan Xeral tamén aposta por fortalecer o comercio e os servizos na cidade, introducindo nos novos polígonos urbanos, dun xeito xeneralizado, os usos comerciais e terciarios. O alcance destas actuacións pode considerarse, xa que logo, de ámbito supracomarcal, tanto polo efecto da creación de emprego directa e inducida, como polo incremento nas actividades económicas.

En consecuencia, a incidencia socioeconómica das propostas de desenvolvemento do Plan Xeral valórase como significativa e moi positiva pola súa contribución á ordenación integral e á diversificación económica do territorio, así como pola mellora da calidade de vida e cohesión social.

G.5.2. CARACTERIZACIÓN DE EFECTOS SIGNIFICATIVOS

A caracterización dos efectos significativos da alternativa escollida en relación a súa probabilidade, frecuencia, duración, reversibilidade, o seu carácter acumulativo, a afección sobre a saúde humana e vulnerabilidade e valor da área afectada, pese a ser máis propio das análises de impacto ambiental que dos de Avaliación Ambiental Estratéxica do planeamento xeral, onde a escala xerárquica diferencia entre planificación da ordenación e o proxecto executivo das súas determinacións, podemos afirmar que en xeral os efectos producidos pola ordenación dun Plan Xeral poden caracterizarse do seguinte xeito:

- . Probabilidade: total, porque a súa redacción é unha esixencia legal e as súas determinacións son de obrigado cumprimento, en concordancia coa vixente lexislación urbanística, agás determinacións da estratexia que teñen unha probabilidade alta.
- . Duración: a súa vixencia é indefinida ata que se produza a súa revisión ou modificación.
- . Frecuencia: As determinacións de clasificación, normativa e estrutura xeral e orgánica teñen carácter permanente. O resto das determinacións están en función do ritmo de desenvolvemento das súas determinacións, co que irá directamente relacionado coa dinámica municipal.
- . Reversibilidade: o Plan Xeral é irreversible nas determinacións executadas ao seu amparo, sendo reversible naquelas outras non desenvolvidas, no momento en que se produza a súa modificación ou revisión.
- . Carácter acumulativo: as determinacións do Plan Xeral teñen sempre carácter acumulativo, toda vez que o desenvolvemento da actividade urbanística significa a construción paulatina das súas determinacións.
- . Afección sobre a saúde humana: non se teñen detectado afeccións por parte do planeamento urbanístico, xa que estes son máis propios do desenvolvemento de ámbitos de nova urbanización que das determinacións do planeamento urbanístico.
- . Vulnerabilidade e valor da área afectada: o Plan Xeral redáctase coa intención de potenciar os valores medio ambientais do municipio, optando na alternativa elixida por unha ordenación que cualifica como solo rústico protexido máis do 80% do seu

territorio, (os solos rústicos especialmente protexidos de Espazos Naturais e de protección de costas superan o 30% da superficie municipal). Deseña infraestruturas coa capacidade axeitada ás súas necesidades e establece unha estratexia de actuación paulatina que permite desenvolver esas determinacións.

G.6. DESCRICIÓN DAS MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS

A Normativa do Plan Xeral dispón normas específicas para prever e corrixir os efectos negativos no medio ambiente das actividades e usos no territorio, especialmente nas actuacións de urbanización e construtivas. Non obstante, conforme á Lei 9/2006, descríbense a continuación as medidas concibidas para asegurar o desenvolvemento dos solos urbanizables en condicións de sustentabilidade e calidade ambiental, xa que estas actuacións poderían ter efectos significativos negativos.

As medidas propostas servirán para prever, minimizar ou paliar con prontitude os seus posibles efectos negativos significativos no medio ambiente e para fomentar os seus efectos positivos.

G.6.1. MEDIO NATURAL E PAISAXE

Fase de planificación.

Estudo de Impacto e Integración Paisaxística

No Plan de Sectorización do SUND 3, realizarase un “Estudo de Impacto e Integración Paisaxística” definido na Lei de Protección da Paisaxe de Galicia.

Optimización da integración ambiental e paisaxística

Valoraranse especialmente as seguintes medidas xerais orientadas a minimizar os impactos negativos e maximizar a integración ambiental e paisaxística:

- O mantemento das masas arboradas autóctonas maduras inseridas nos desenvolvementos residenciais, coa súa integración nas zonas verdes e libres de edificación.
- A urbanización, infraestrutura viaria e edificacións, adaptarase na medida do posible ás particulares condicións do relevo preexistente, limitando ao máximo os movementos de terras e a xeración de noiros de desmonte e terrapléns que, en calquera caso, deberán ser convenientemente acondicionados.
- O axardinamento dos espazos libres e das zonas verdes públicas acometerase con especies vexetais adaptadas ás condicións ambientais existentes, debendo ser preferiblemente especies autóctonas ou ben ser especies de doada integración na

paisaxe e incapacidade probada para asilvestrarse e, en todo caso, de procedencia local ou comarcal. As especies autóctonas ocuparán como mínimo un 80% da superficie das zonas vexetadas.

- Establecerase o tratamento paisaxístico obrigatorio das áreas non impermeabilizadas das parcelas de uso terciario e residencial, e fomentarse a plantación preferente de especies autóctonas nas zonas verdes privadas.

Dotación de arborado urbano

- Recoméndase a incorporación de arborado en todas as vías públicas, principais e secundarias, por motivos térmicos, estéticos, paisaxísticos, de salubridade e, en definitiva, de mellora da calidade ambiental urbana.
- Os proxectos de urbanización reservarán espazo suficiente para que as árbores poidan desenvolverse tanto no medio aéreo como no subterráneo. Preverase ademais un tratamento orgánico suficiente do solo do interior do alcorque previo á plantación do arborado. Incluiranse, así mesmo, instalacións de rego localizado para o mantemento destas árbores e facilitarase a permeabilidade do solo e a captación de pluviais polo alcorque.

Proxecto de urbanización.

Delimitación das zonas de traballo

- Deberase realizar a delimitación de todas as zonas de traballo, en particular de todo o perímetro dos sectores e dos espazos que vaian quedar libres de pavimentación e/ou movementos de terras, é dicir, as zonas verdes e parques. Desta forma, garantirase que o tránsito de vehículos e maquinaria, o almacenamento de materiais ou a implantación dos elementos da urbanización afectarán unicamente ás superficies previstas.

A este respecto, nos solos urbanizables SUD-1 Lagoas Norte II, SUD-A A Graña, SUND-2 A Rúa Nova de Arriba e a Ampliación Parque Empresarial Norte (Proxecto Sectorial que o desenvolva), terase un especial coidado coas canles e demais elementos vexetais a integrar nas zonas verdes sinalizándoos ou balizándoos mediante vallas ou cintas que permitan o normal desenvolvemento das obras sen afectar aos mesmos. Estarase, en calquera caso, ao disposto na normativa do Plan Xeral e na lexislación sectorial.

Se durante as obras se visen afectadas accidentalmente estas áreas, procederase á restauración do medio ata a súa condición natural orixinal.

Definirase a localización das zonas destinadas ás instalacións auxiliares (parque de maquinaria, zonas de almacenamento de materiais e residuos, vestiarios, etcétera), dotadas dos equipamentos necesarios para asegurar un funcionamento ambientalmente seguro, primando, en calquera caso, o uso da superficie a urbanizar fronte a calquera outra, e procurando que se sitúen en espazos carentes de valores ambientais relevantes. As instalacións incluírán sistemas de control da escorregada que eviten a contaminación dos cursos fluviais existentes no contorno de actuación.

Mantemento da maquinaria

- Para limitar os efectos negativos das emisións químicas producidas polas operacións de urbanización, desenvolverase un programa de mantemento da maquinaria durante a fase de construción que asegure o cumprimento dos niveis de emisión estipulados pola lexislación. Así mesmo, teranse en conta as disposicións legais sobre seguridade e saúde, en especial a necesidade de avaliar a exposición dos traballadores ao ruído.

Prevenición da afección ao patrimonio natural

- Planificaranse as rozas, movementos de terras e outros traballos que puidesen prexudicar a fauna, de forma que estes traballos se leven a cabo fóra da súa época de cría. No caso da imposibilidade de evitar este lapso de tempo, iniciaranse antes do comezo da fase máis sensible, evitando así que a afección se produza sobre animais en reprodución.

Os restos vexetais que se produzan no acondicionamento dos terreos a urbanizar deberán ser triturados e espallados homoxeneamente nos mesmos, para permitir unha pronta incorporación ao solo. En ningún caso se utilizarán herbicidas nin queimas, debéndose realizar os labores por medios mecánicos.

G.6.2. SOLOS

Proxecto de urbanización.

Conservación dos solos fértiles

- Para previr o efecto negativo sobre os solos útiles xerado polas obras de construción e o tránsito de maquinaria e materiais, procederase á conservación do espesor de solo fértil. Procederase á retirada, con carácter previo á explotación e á circulación de maquinaria polo interior da área, da capa superior do solo para o seu almacenamento en condicións adecuadas que posibiliten o seu posterior emprego. A retirada do solo farase a unha profundidade equivalente á da capa orgánica do solo, cando menos a 30 centímetros. Esta retirada debe facerse cando o solo estea en condicións apropiadas de humidade. Evitarase, na medida do posible, o compactado do solo, utilizando para a súa extracción maquinaria lixeira e evitando o tránsito ou aparcamento de vehículos nas zonas non deseñadas ao efecto. O almacenamento farase en capas delgadas, non superiores a 3 metros de altura para evitar o compactado, nunha área ben drenada protexida do vento e a erosión hídrica, evitando o tráfico de maquinaria por riba del e, se o seu emprego se vai demorar, sementarase en superficie cunha mestura de sementes de gramíneas e leguminosas para protexelo.

A terra fértil será reutilizada nos labores de acondicionamento das zonas verdes, espazos libres e demais espazos a axardinar, (conformando a primeira capa sobre a que se realizarán as plantacións), así como nos labores de restauración das áreas ocupadas temporalmente e das deterioradas polas obras. A extensión final do solo farase sobre terreo xa modelado e previamente acondicionado. O manexo do solo vexetal deberá evitar tamén o seu compactado. O aporte de terra realizarase en capas de espesor suficiente (uns 60 cm., tendo en conta o esponxado derivado do seu manexo) entre o final de outono e o principio de primavera. Unha vez estendido o solo deberá ser axiña sementado co obxectivo de evitar o arrastre polas augas e manter as súas propiedades.

G.6.3. CICLO HÍDRICO

Fase de planificación.

Medidas para a redución dos consumos de auga (aforro e eficiencia) e para a súa reutilización

- Estableceranse medidas para a redución dos consumos de auga (aforro e eficiencia) e para a súa reutilización. Propiciarase o almacenamento e reutilización de augas de chuvia en depósitos ou estanques para o fornecemento de auga para o seu uso en ACS e sistemas mecánicos de refrixeración do aire. Ademais, empregaranse no deseño paisaxístico dos espazos libres e xardíns e/ou como fonte de abastecemento para usos que non precisan de augas coa certificación da súa potabilidade (rede de rego dos espazos públicos e hidrantes, limpeza viaria, etc).
- Nas parcelas de uso industrial e terciario, reduciranse en orixe as demandas de auga nas edificacións e instalacións, estudando a viabilidade da implantación de tecnoloxías de aforro e de reciclaxe das augas, e do deseño dunha rede de saneamento que separe augas negras e augas grises (aquelas que poden ser de novo utilizadas).

Medidas para racionalizar e optimizar a vexetación e as técnicas de rego nos espazos públicos

- Nos espazos públicos e xardíns empregaranse especies vexetais austeras desde o punto de vista hídrico. En canto ás instalacións de rego, deberase antepor o rego localizado e implantar un sistema de regulación do tempo aos aspersores de auga co gallo de racionalizar o consumo de auga. Axustarase o rego de xardíns ao calendario e optarase preferiblemente polo rego nocturno ou nas horas do día con menor evaporación. Procurarase a reutilización de augas non potables para o rego de xardíns, etc.

Medidas para a protección das augas e dos ecosistemas acuáticos

- Observaranse as medidas necesarias para garantir a protección das augas e dos ecosistemas acuáticos, conforme ao establecido na lexislación sectorial.
- As empresas resolverán no interior das súas parcelas a depuración das augas residuais producidas, implantando procesos eficientes de pretratamento ou

tratamento das augas en función da natureza da actividade, previa ao vertido ás redes de saneamento.

- En calquera caso, deberase acreditar a capacidade do sistema de saneamento e depuración conforme aos usos previstos, así como a viabilidade do vertido de augas residuais ou pluviais en función da capacidade do medio receptor, de maneira que se cumpra axeitadamente coas determinacións establecidas na normativa vixente de aplicación, cun “Informe” favorable da administración responsable, e obter a preceptiva autorización de vertido.

Drenaxe urbano sustentable

- O sistema de drenaxe orientarase a maximizar a capacidade de almacenamento e de recarga, minimizando o escoado xerado, reducindo o risco de inundacións, a capacidade erosiva e a perda de calidade da auga das augas superficiais e subterráneas.
- Estableceranse medidas para reducir a impermeabilización do solo. Favorecerase a recarga no subsolo coa aplicación de pavimentos permeables que faciliten a infiltración de auga e limiten a escorregada, así como co deseño paisaxístico (deseñaranse os espazos públicos, prazas, beirarrúas, aparcadoiros, etc., con baixo grao de artificialización e alta cobertura arborada).
- Deseñarase a rede de saneamento de augas pluviais atendendo ás características específicas dos solos e ao escoado natural, incorporando técnicas de drenaxe urbano que incorporen sistemas de gabias e pozos drenantes de interceptación e filtrado, condutos drenantes, tanques de detención e humidais artificiais de retención e depuración.

G.6.4. EMISIÓN CONTAMINANTES Á ATMOSFERA. SAÚDE E BENESTAR HUMANO

Fase de planificación.

Mellora do ambiente atmosférico

- As zonas verdes públicas e privadas contribuirán ao control e mellora do ambiente atmosférico. O arboredo mellora a calidade ambiental e a integración paisaxística co contorno, actúa como pantalla visual e acústica, xera lugares acolledores, regula o microclima urbano (radiación solar, vento, humidade, etc), amortece a contaminación e favorece a instalación da fauna. O deseño da infraestrutura viaria, xardíns e espazos públicos dos sectores a urbanizar, así como das zonas verdes privadas contemplará, en consecuencia, a plantación de árbores de sombra.

Medidas de prevención da contaminación acústica

- Estableceranse medidas para amortecer as afeccións das actividades terciarias e industriais nas áreas naturais e produtivas rurais, así como nos sectores residenciais adxacentes ás áreas de actividade. Anteporanse as medidas de redución da fonte emisora, nas máquinas, nas infraestruturas, nos motores, nos pavimentos, nas actividades industriais, etc, empregando, na medida do posible, as mellores tecnoloxías dispoñibles e as boas prácticas ambientais que minimicen a emisión e limiten a transmisión do ruído e as vibracións. O pavimento dos viarios colaborará ao amortecemento do ruído e das vibracións orixinadas polo tráfico rodado. Amais de dispoñer a aplicación de pavimentos amortecedores, procurarase aumentar o illamento nas vías nas que se prevé maior tráfico coa dotación de dobre arborado viario.

Proxecto de urbanización.

Prevenção da emisión de contaminantes á atmosfera

- Prohibirase a queima de calquera tipo de residuos ou materiais que non conte coa autorización correspondente.

Redución das emisións de po

- Disporanse medidas preventivas como realizar os labores en condicións atmosféricas favorables. Ademais, nos episodios de emisión relevante de po, procederase á rega periódica das zonas e materiais afectados polas obras e a cubrir os materiais a transportar, á separación do traballo de máquinas e persoas, á adopción de medidas de seguridade tales como máscaras nos operarios e á rega ocasional da vexetación circundante, sobre todo no período estival. Controlarase, así mesmo, a velocidade no tránsito por camiños ou zonas sen asfaltar.

Medidas de prevención e corrección da contaminación acústica

- Na fase de urbanización, evitarase a contaminación acústica derivada do tránsito de maquinaria de obra e de vehículos. Neste sentido, organizarase o tránsito de maneira que se regulen os incrementos de niveis sonoros, especialmente nas áreas residenciais próximas. Nos procesos construtivos, evitarase a realización de obras ou movementos de maquinaria fóra do período diúrno, consonte ao establecido na lexislación.
- No que respecta á maquinaria empregada nos procesos de urbanización, obras públicas, e demais maquinaria empregada ao aire libre, estableceranse medidas para minimizar as afeccións derivadas do ruído e vibracións, especialmente nas áreas de alta sensibilidade acústica, conforme ao disposto na lexislación. Entre estas, disporase preferentemente a instalación de sistemas de illamento e barreiras nos emisores acústicos.

G.6.5. ENERXÍA E MOBILIDADE

Fase de planificación.

Medidas de aforro enerxético e de promoción do emprego de enerxías renovables

- O aforro enerxético, a diversificación de fontes e o emprego de enerxías renovables serán obxectivos preferentes nas obras de urbanización e edificación, así como no funcionamento do sector.
- Estudarase a optimización do comportamento enerxético e ambiental das edificacións, (incidencia do asollamento, cores e ocios das fachadas, volumes, orientacións preferentes, fondos edificadas, etc), e a introdución de enerxías renovables, singularmente para ACS.
- As edificacións e instalacións terán en conta o disposto na Directiva 2002/91/CE, de 16 de decembro, relativa á eficiencia enerxética dos edificios, no Real Decreto 47/2007, de 19 de enero, por el que se aprueba el Procedimiento básico para la certificación de eficiencia energética de edificios de nueva construcción e no Real Decreto 314/2006 por el que se aprueba el Código Técnico de la Edificación. Texto refundido con modificaciones del RD 1371/2007, de 19 de octubre, y corrección de errores del BOE de 25 de enero de 2008. Con carácter xeral as edificacións e instalacións observarán os seguintes criterios:
 - Deseño con solucións bioclimáticas e de xeito que se potencie a captación da radiación solar e se minimicen as perdas de calor.
 - Illamento térmico.
 - Emprego de tecnoloxías enerxeticamente eficientes.
 - Emprego de enerxías renovables.
 - Producción combinada de electricidade e calor.
 - Introdución de mecanismos de ventilación e refrixeración natural cando sexa preciso.
 - Sistemas de calefacción centralizados baseados en fontes de enerxía renovables.
- Instalaranse redutores de fluxo nas instalacións eléctricas de alumado que permitan xestionar mellor o consumo eléctrico das instalacións.
- Os instrumentos de desenvolvemento das áreas de actividade estudarán a necesidade de dotación ou reforzo das conexións e dos servizos de transporte

público urbano e valorarán, en función do porte e da natureza das actuacións e empresas instaladas, a oportunidade da realización de Plans de mobilidade.

- Implantaranse solucións no deseño dos sectores de forma que as infraestruturas, as zonas verdes e os espazos libres integren os modos a pé e/ou bicicleta, alternativos ao vehículo privado, optimizando o espazo público e aumentando a accesibilidade aos equipamentos e servizos.
- Procurarase a integración dos modos de desprazamento non motorizados alternativos ao vehículo privado, en especial dos modos a pé e/ou bicicleta, nos viarios de acceso dende os núcleos urbanos.

G.6.6. MATERIAIS E RESIDUOS

Fase de planificación.

Emprego sustentable dos recursos materiais

- Anteporase o emprego de materiais de construción de procedencia comarcal e aqueles que orixinen un baixo impacto ambiental na súa produción e permitan unha doada reciclaxe.
- Estudarase a posibilidade de que parte dos materiais a usar para a urbanización (para bases ou subbases dos viarios, para a fabricación de formigóns, para pavimentar os camiños auxiliares, para recheos pouco esixentes xeotecnicamente, etc), procedan de plantas de reciclaxe de residuos de construción e demolición (RCD) próximas.

Medidas para a xestión de residuos en condicións de sustentabilidade

- A xestión dos residuos urbanos e industriais xerados realizarase de acordo coa lexislación estatal, autonómica e local, así como cos plans de xestión implantados no municipio.
- Disporanse colectores de residuos preferentemente integrados ou soterrados que faciliten a recollida selectiva cubrindo, polo menos, os ratios medios do concello, de xeito que favorezan a separación en orixe. Como complemento, habilitaranse nas edificacións os espazos e infraestruturas que fagan posible unha xestión de residuos baseada na redución, a reutilización e a reciclaxe, conforme ao disposto na lexislación vixente.

Proxecto de urbanización.

Plan de xestión de residuos das obras

- Establecerase un Plan de Xestión de Residuos das Obras. Deste xeito, todos os residuos que se xeren como consecuencia das obras de desenvolvemento urbanístico e todos aqueles que puidesen terse acumulado no interior das superficies a urbanizar, serán debidamente rexistrados, xestionados conforme á súa natureza e trasladados a vertedoiro autorizado.

- En todo caso, o vertido de residuos asimilables a urbanos durante a execución das obras realizarase en contedores pechados e conforme ás indicacións dos servizos municipais de recollida e transporte de residuos urbanos e dos xestores de recollida selectiva de residuos. Evitarase calquera vertido destas características na zona. De producirse algún vertido incontrolado, a empresa que execute o proxecto procederá á súa total retirada, transporte e depósito en vertedoiro autorizado, deixando o lugar libre de residuos.

Prevención de vertidos de residuos perigosos

- Para previr derrames dos aceites minerais da maquinaria durante a fase de construción, procederase ao seu cambio en recinto pechado sobre soleira impermeable. En caso de derrame accidental, aplicarase material absorbente sobre o mesmo, que se almacenará e xestionará, así mesmo, como un residuo perigoso.
- Tamén deberán evitarse os derrames e vertidos incontrolados de produtos alcatranados, que deberán ser retirados e xestionados como residuos perigosos. Todos estes residuos deberán almacenarse, hermeticamente envasados e etiquetados, nun recinto pechado e impermeabilizado especialmente indicado para esta función, debendo entregarse a un xestor de residuos perigosos autorizado no prazo máximo de 6 meses. No caso dos aceites usados, na selección do xestor autorizado anteporanse aqueles que realicen operacións de rexeneración.

Prevención do vertido de inertes

- Evitaranse todos os depósitos permanentes destes materiais. O depósito directo de préstamos e residuos inertes sobre os solos só se realizará en zonas que vaian quedar cubertas por construcións ou outras obras. Se algún espazo libre sufrira un vertido deste tipo de materiais e residuos deberá ser retirado na súa totalidade, limpado ata eliminar calquera vestixio do depósito e restaurado o ámbito afectado. Tralas obras, o emprazamento quedará libre de todo material estraño, debéndose encargar a empresa que execute o proxecto da súa entrega en condicións adecuadas de limpeza e acondicionamento.

G.6.7. ECONOMÍA E SOCIEDADE

Fase de planificación.

Optimización da accesibilidade ás dotacións e servizos

- As zonas verdes e as dotacións de sistema local, así como os servizos urbanos situaranse con criterios de máxima centralidade e accesibilidade para o seu mellor aproveitamento.

Fase de explotación.

Medidas de sustentabilidade social e ambiental

Na fase de explotación dos sectores terciarios e industriais, observaranse as seguintes medidas de sustentabilidade social e ambiental:

- Fomentaranse a instalación das iniciativas empresariais e a man de obra local de xeito que as implantacións teñan un efecto significativo sobre as expectativas de desenvolvemento local e a mellora da calidade de vida da poboación do municipio.
- O Concello realizará, conforme ao disposto na Lei de Protección Ambiental de Galicia, labores de inspección ambiental para o control e vixilancia das actividades e instalacións.
- A administración local realizará a vixilancia e control das condicións sanitarias e de seguridade das instalacións, actividades empresariais e servizos, atendendo ao disposto na lexislación sectorial.
- O Concello desenvolverá controis periódicos para avaliar a incidencia das actividades e instalacións sobre a poboación do contorno.
- Estudaranse a creación dunha entidade xestora da área de actividade que teñan entre os seus obxectivos os seguintes:
 - Garantir o funcionamento e mantemento da área en condicións de sustentabilidade social e ambiental.
 - Implantar Plans de Mobilidade.
 - Implantar Plans de Optimización Enerxética.

- Implantar un Sistema de Xestión Medioambiental e promover as Boas Prácticas Ambientais nas empresas.
- Deseñar un sistema de recollida integral de residuos adaptado aos diferentes tipos de residuos procedentes das actividades que se asenten no ámbito.

G.7. VIABILIDADE ECONÓMICA DA ALTERNATIVA SELECCIONADA

O Plan Xeral de Ordenación Municipal incorpora, conforme ao establecido no artigo 60 da LOUG e ao art.61 LOUG modificada pola Lei 2/2010, unha Estratexia de Actuación e Estudo Económico que contén a avaliación do custo de execución dos sistemas xerais e das actuacións previstas, con indicación do carácter público ou privado da iniciativa de financiamento, xustificando as previsións que cumpra realizar con recursos propios do Concello.

Nel elabórase un estudo de viabilidade das propostas de ordenación, en termos de xestión e desenvolvemento téndose en conta ademais das avaliacións contidas no Plan Xeral outras actuacións non urbanísticas de competencia municipal que comprometan recursos económicos. O estudo verifica a viabilidade dos investimentos e formula a distribución temporal da execución dos diferentes sectores, infraestruturas, servizos e dotacións, de forma que se garanten as condicións necesarias para o funcionamento das zonas de novo desenvolvemento, posuíndo as infraestruturas, servizos e dotacións que requiran de modo previo ou simultáneo ao seu desenvolvemento.

Igualmente, incorpórase unha Memoria de Sustentabilidade Económica na que se avalía o impacto das propostas do Plan nas facendas públicas polo mantemento das novas infraestruturas que implican as áreas de nova urbanización.

En canto á viabilidade do Plan Xeral por incidencia do custe das medidas dirixidas a prever, minimizar ou paliar os efectos negativos, sinalar que as máis custosas, novas infraestruturas, estudos de implantación, xa están recollidas nas determinacións normativas do Plan Xeral, e polo tanto están integradas na avaliación económica das súas actuacións.

As restantes medidas, ou ben debeñen de actuacións supramunicipais que as deben avaliar nos seus proxectos respectivos ou teñen un custe moi escaso, inferior ao 2% do custe da urbanización das novas áreas, co que non se compromete a viabilidade económica do Plan Xeral, nin das súas áreas de desenvolvemento.

G.8. PROPOSTA DE PLAN DE SEGUIMIENTO DA SUSTENTABILIDADE DO PXOM

O Plan de Seguimento Ambiental desenvolverase durante o período de vixencia do Plan Xeral, e implicará a elaboración polo Concello de Bueu dunha serie de informes periódicos, que serán remitidos ao organismo competente en materia medioambiental, é dicir, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia e aos organismos e administracións que esta determine. Os Informes de Seguimento Ambiental terán unha periodicidade cuadrienal, agás que o organismo competente en materia medioambiental estime oportuna outra periodicidade, e deberán contemplar a avaliación dos resultados para os indicadores de seguimento e control establecidos neste informe.

G.8.1. INDICADORES DE SEGUIMIENTO E CONTROL

A continuación incorpórase un cadro resumo cos Indicadores de Seguimento e Control que permitirán avaliar a evolución do Plan Xeral. O sistema de seguimento considérase un sistema aberto con capacidade para seren modificado ou adaptado ás futuras realidades ou á dispoñibilidade de información que permita engadir parámetros ou variables que faciliten a avaliación do plan.

VARIABLE	INDICADOR
PAISAXE	1. Puntos acondicionados para uso e aproveitamento da paisaxe
NATUREZA	2. Espazos e áreas protexidas
	3. Roteiros verdes
PATRIMONIO	4. Adecuación para uso público dos bens patrimoniais
SOCIEDADE	5. Evolución da poboación
	6. Taxa total de emprego
	7. Crecemento vexetativo
	8. Acceso á sociedade da información
	9. Superficie de parques públicos e zonas verdes en relación ao número de habitantes
ECONOMÍA	10. Déficit público adaptado á administración local
MEDIO URBANO	11. Accesibilidade a servizos públicos (abundancia)
	12. Accesibilidade a servizos públicos (distancia)
MEDIO RURAL	13. Superficie agraria útil (SAU)
	14. Abandono de terras agrarias
	15. Agricultura ecolóxica
	16. Especialización gandeira
	17. Especialización agrícola
	18. Especialización forestal
	19. Intensificación agrogandeira
MEDIO INDUSTRIAL	20. Empresas con sistema de xestión ambiental
	21. Empresas con Autorización Ambiental Integrada
	22. Grao de ocupación de solo industrial de nova creación

VARIABLE	INDICADOR
MOBILIDADE	23. Cobertura do transporte público interurbano
	24. Distribución modal de mobilidade obrigada
	25. Relación entre o lugar de residencia e o traballo
	26. Adaptación do transporte público ás persoas de mobilidade reducida
ENERXÍA	27. Consumo total de enerxía en equipamentos municipais
	28. Producción autónoma de enerxía en equipamentos municipais
	29. Venda de combustibles de automoción
	30. Sistemas de iluminación de baixo consumo
ATMOSFERA	31. Emisións á atmosfera de orixe industrial
	32. Exposición da poboación á contaminación acústica
	33. Exposición da poboación á contaminación electromagnética
CICLO HÍDRICO	34. Abastecemento de auga municipal
	35. Saneamento de augas residuais
	36. Emisións totais á auga por actividade económica
	37. Número de puntos de vertido
CICLO MATERIAIS	38. Xeración de residuos urbanos (RU)
	39. Xeración de residuos perigosos
	40. Recollida selectiva de RU
	41. Rutas de recollida de RU
SOLO	42. Consumo de solo planificado
	43. Consumo de solo executado
	44. Presión urbana
	45. Emisións totais ao solo
EDIFICACIÓNS	46. Edificaciós rehabilitadas
	47. Vivenda de protección
	48. Vivendas baleiras
RISCOS NATURAIS E TECNOLÓXICOS	49. Superficie queimada en incendios forestais
	50. Bens afectados por inundacións

G.9. ANÁLISE DA COHERENCIA

G.9.1. ANÁLISE DA COHERENCIA DOS OBXECTIVOS DO PXOM

A análise da coherencia dos obxectivos do Plan Xeral de Ordenación Municipal realízase mediante a comprobación da presenza de obxectivos e criterios ambientais no plan, así como coa avaliación da súa coherencia interna e externa.

No Plan Xeral os aspectos ambientais forman parte esencial dos seus obxectivos xerais ao tratarse dun instrumento urbanístico de ordenación integral do territorio que, conforme á Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia, ten por finalidade favorecer a utilización racional do territorio e protexer o medio natural, mellorar a calidade de vida e contribuír ao equilibrio territorial. A protección do territorio rural para a preservación da súa riqueza constitúe, así mesmo, un dos eixes da Lei 9/2002. Esta lei chama a atención sobre o patrimonio cultural e natural como recurso a explotar, establecendo como primeira medida o seu uso racional e ambientalmente sustentable. Ademais, dita lei promove o recoñecemento e a consolidación dos asentamentos existentes como os centros de residencia e das actividades tradicionalmente asociadas a eles, evitando a dispersión da urbanización e das edificacións, e buscando un desenvolvemento sustentable, económica e medio ambientalmente, a partir da xestión intelixente do territorio.

A coherencia externa dos obxectivos do PXOM avalíase en relación á observación dos principios e directrices de protección ambiental e desenvolvemento sustentable, e dos valores do territorio identificados no diagnóstico territorial e ambiental. En particular, avalíase o grao de compatibilidade entre o Plan e os instrumentos de rango superior, no que as Directrices de Ordenación do Territorio, constitúen o marco de referencia. Dita avaliación desenvólvese mediante o instrumento da Análise da compatibilidade estratéxica (ACE) proposto nas DOT, que inclúe os seguintes apartados:

- Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade, no que se xustifica cómo foron considerados os efectos do Plan sobre os aspectos clave.
- Proceso de decisión, no que se analiza a bondade e calidade do proceso de decisión a través do que se deseña o planeamento.
- Relación cos elementos territoriais estratéxicos de Galicia, onde se avalía a relación do Plan cos elementos estratéxicos identificados na análise obxectiva do contorno realizada nas DOT.

O modelo de ordenación e as liñas estratéxicas de actuación establecéronse en función das opcións de desenvolvemento coherentes co ámbito (de aplicación e de influencia do Plan Xeral), coas dinámicas territoriais, cos obxectivos de protección ambiental, coas determinacións e criterios de desenvolvemento sustentable do medio rural contidas na lexislación estatal, así como co establecido na vixente lexislación urbanística. Os obxectivos e criterios establecidos para a redacción do Plan Xeral de Bueu inclúen, en boa medida, as variables ambientais e os criterios de sustentabilidade ambiental establecidos polo órgano ambiental no Documento de Referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica do Plan Xeral de Ordenación Municipal, e gardan coherencia cos valores e elementos de interese estratéxico do territorio. O seguinte cadro amosa a coherencia dos obxectivos do Plan Xeral cos criterios de sustentabilidade ambiental.

CADRO Nº 18. COHERENCIA DOS OBXECTIVOS XERAIS DO PXOM COS CRITERIOS DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL.

VARIABLE	CRITERIO	OBX.1	OBX.2	OBX.3	OBX.4	OBX.5
PAISAXE	Favorecer a integridade paisaxística	-	3	3	3	3
NATUREZA	Preservar a integridade funcional dos sistemas naturais	3	3	3	3	3
	Xestionar a funcionalidade propia dos recursos naturais	3	3	-	3	3
PATRIMONIO	Preservar e valorizar os elementos patrimoniais	-	3	2	3	3
SOCIEDADE	Considerar a estrutura demográfica do ámbito e da área de influencia	3	-	3	3	-
	Prever un equilibrio entre a poboación e os recursos	3	-	3	3	3
	Contribuír a unha contorna saudable	-	2	3	-	-
	Garantir a non exclusión	-	2	2	-	-
	Favorecer a cohesión social	-	2	2	-	-
	Fomentar a participación cidadá na toma de decisións no Concello		-	-	2	-
ECONOMÍA	Considerar a estrutura socioeconómica do ámbito e da área de influencia	3	3	3	3	-
MEDIO URBANO	Mellorar a calidade de vida e a habitabilidade	-	3	3	3	-
	Promover solucións integrais que minimicen os custos ambientais	-	3	3	-	-
MEDIO RURAL	Mellorar a calidade de vida e a habitabilidade	-	3	3	-	3
	Fomentar unha clasificación dos espazos en función da súa propia capacidade produtiva	-	3	-	3	3
MEDIO INDUSTRIAL	Contribuír á creación dunha contorna de traballo de calidade	-	3	-	-	-
	Optimizar a eficiencia das actividades económicas	3	3	-	3	-
MOBILIDADE	Reducir as necesidades de mobilidade	2	-	3	-	-
	Facilitar unha conectividade eficiente cara aos principais destinos	2	2	3	-	-
ENERXÍA	Promover o aforro no consumo enerxético	-	-	3	-	-
	Fomentar o uso de recursos enerxéticos renovables	-	-	-	-	-
ATMOSFERA	Controlar as emisións contaminantes	-	-	2	-	-
CICLO HÍDRICO	Garantir o funcionamento do ciclo hídrico en todas as súas fases e procesos	-	-	3	3	3
	Garantir a viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento en función das demandas estimadas a teito de planeamento	-	-	3	3	3
	Promover o aforro no consumo dos recursos hídricos	-	-	-	-	3

VARIABLE	CRITERIO	OBX.1	OBX.2	OBX.3	OBX.4	OBX.5
CICLO DE MATERIAIS	Xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos	-	-	2	-	-
SOLO	Axustar os usos á contorna e aos obxectivos propios deste planeamento	-	3	3	3	3
	Fomentaranse estruturas densas, compactas e complexas	3	3	3	3	3
	Considerar a mobilidade como variable fundamental na formulación das alternativas	2	2	3	2	-
	Fomentar un desenvolvemento ordenado e eficiente	3	3	3	3	3
EDIFICACIÓNS	Axustar o parque potencial de edificacións a teito de planeamento á dinámica do Concello	-	3	3	3	3
	Minimizar as posibles afeccións das edificacións sobre a contorna	-	-	3	3	3

Alta	Media	Baixa	Non é comparable
3	2	1	-

A análise da coherencia interna realizouse contemplando, por unha banda, a coherencia entre os obxectivos e os problemas detectados no diagnóstico, e por outra, no estudo da compatibilidade, conflictividade e xerarquía entre obxectivos. Ao analizar a evolución previsible do territorio en ausencia dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal, detectáronse unha serie de problemas ambientais e territoriais cuxa efectiva resolución foi abordada, dentro do seu ámbito e competencia, mediante as medidas e solucións de ordenación do Plan Xeral, xa que esta forma parte dos seus obxectivos xerais e específicos.

Os obxectivos do Plan Xeral, orientados claramente por criterios de sustentabilidade ambiental, social e económica, amosan unha elevada coherencia interna e externa, sen que se susciten problemas de compatibilidade ou conflictividade, nin se precise da súa xerarquización ou anteposición.

Análise da compatibilidade estratéxica (ACE)

O presente apartado de Análise da Compatibilidade Estratéxica do Plan Xeral, redáctase conforme ao establecido no punto 18 do apartado 10.1. que regula as determinacións para o desenvolvemento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, nos termos alí establecidos e como forma de garantir a coherencia da planificación en ferverza.

A metodoloxía seguida cubre os tres apartados sinalados no punto 8.2 do Informe de Sustentabilidade Ambiental das DOT e que son:

- a. Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade, considerando a influencia positiva ou negativa dos obxectivos do Plan Xeral sobre os mesmos.

- b. Proceso de decisión, analizando a súa calidade no deseño do planeamento.
- c. Relación cos elementos territoriais estratéxicos de Galicia, avaliando a incidencia que os obxectivos do Plan Xeral teñen sobre eles.

E sendo os obxectivos do Plan Xeral os seguintes:

OBXECTIVO 1	Mellorar a integración do Termo Municipal de Bueu no conxunto da Rexión Urbana á luz das determinacións establecidas nas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, aproveitando as melloras de accesibilidade realizadas e previstas.
OBXECTIVO 2	Completar, ampliar e diversificar a actual base económica municipal, apostando pola revalorización do seu Porto e a súa integración na trama urbana da Vila, a ampliación do Parque Empresarial de Castiñeiras, así como por reforzar e optimizar os recursos turísticos, co aproveitamento do porto deportivo de Beluso, converténdoo nun motor de dinamicidade económica tanto no territorio municipal como na Vila e nos seus nós secundarios.
OBXECTIVO 3	Fortalecer a estrutura urbana da Vila de Bueu e dos agregados secundarios, así como do actual sistema de asentamentos, reforzando un modelo de desenvolvemento compacto e continuo, integrado no agregado urbano da ría de Pontevedra.
OBXECTIVO 4	Dotar ao municipio dun documento de ordenación integral, adaptado á lexislación vixente e cun axeitado grao de calidade técnica, acadando o perfeccionamento da ordenación urbanística pormenorizada, á luz da experiencia acumulada nos últimos vinte e seis anos.
OBXECTIVO 5	Consolidar a defensa, recuperación e posta en valor dos recursos medioambientais e do patrimonio cultural, como base dunha estratexia de actuación municipal, garantindo a protección dos espazos naturais e das conchas paisaxísticas, prestando especial atención á ordenación do bordo costeiro, establecendo as medidas de protección e acondicionamento necesarias para o uso público do litoral.

a. Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade.

No cadro adxunto avalíase a influencia positiva, negativa ou a non influencia, dos obxectivos do Plan Xeral sobre os aspectos clave para a sustentabilidade definidos polas DOT.

		OBX 1	OBX 2	OBX 3	OBX 4	OBX 5
Ocup. Territorio	Calidade do solo	0	+/-	+	+	+
	Exposición a riscos naturais ou tecnolóxicos	0	+/-	+	+	+
	Vocacionalidade dos ámbitos	+	+	+	+	+
Paisaxe. Patr nat e cult	Integridade paisaxística	+	+/-	+	+	+
	Conservación patrimonio natural e cultural	+	+/-	+	+	+
	Fragmentación do Territorio	+	+	+	+	+
Sociedade e Economía	Competitividade económica	+	+	+	+	+
	Equilibrio do desenvolvemento económico	+	+	+	+	+
	Cohesión social	+	+	+	+	+
	Calidade de vida da poboación	+	+	+	+	+
	Gobernaza	+	+	+	+	+
Atmosfera	Calidade do aire	0	+/-	0	+	+
Ciclo hídrico	Calidade da auga	+	+	+	+	0
	Consumo de recursos hídricos	+	+/-	+/-	+	0
Enerxía	Consumo enerxético	+	-	+/-	0	0
Xestión de residuos	Xestión de residuos	+	+/-	+/-	+	0
Cambio climático	Emisións de GEI	+	-/+	0	+	+
Mobiidade	Necesidades de mobilidade	+	+	+	+	+
	Equilibrio no reparto modal	+	+	+	+	+

Os obxectivos do Plan Xeral, orientados claramente por criterios de sustentabilidade ambiental, social e económica, amosan ter unha incidencia claramente positiva sobre os aspectos clave definidos nas DOT. As decisións municipais que parten desde mellorar a integración do termo municipal na Rexión Urbana da que forma parte e ter un documento de ordenación urbanística adaptado á vixente lexislación e coas medidas de integración necesarias para previr ou minimizar os efectos sobre o medio, ata as de optar por establecer as bases para o desenvolvemento da vila adaptado ás súas funcións estruturantes por ser un núcleo de identidade do litoral na rexión urbana Vigo Pontevedra, en base á diversificación dos usos e ao enriquecemento e mellora do espazo público e das dotacións aproveitando as boas condicións ambientais que supón o estar cruzada pola canle fluvial do río Bispo, todo elo en prol de acoller o proceso demográfico ao que están sometidas as áreas de contorno das cidades, encaixan nos obxectivos perseguidos polas DOT para estes territorios.

b. Proceso de decisión

b.1. Coherencia en fervenza.

Analízase neste apartado a coherencia dos obxectivos do Plan Xeral cos estratéxicos das DOT e que teñen incidencia no territorio de Bueu. Como se desprende do cadro adxunto os obxectivos perseguidos polas DOT para municipios incluídos en Rexións Urbanas, cun núcleo de identidade do litoral, e cun patrimonio natural e cultural subliñable coinciden cos perseguidos polo Plan Xeral.

OBXECTIVOS DAS DOT QUE AFECTAN AO MUNICIPIO DE BUEU	OBXECTIVOS DO PXOM CONCORDANTES	OBXECTIVOS AMBIENTAIS DO PXOM
Adaptarse ás DOT	Dotar ao municipio dun documento de ordenación integral, adaptado á lexislación vixente e cun axeitado grao de calidade técnica, acadando o perfeccionamento da ordenación urbanística pormenorizada, á luz da experiencia acumulada nos últimos vinte e seis anos.	Dotar ao termo municipal de Bueu dun instrumento de planeamento propio que estableza as determinacións de ordenación urbanística, orientadas a establecer as medidas de protección do territorio e da paisaxe, facer posible a actividade edificadora dentro dos núcleos de poboación sen desnaturalizar o seu carácter e mellorar as condicións de vida nos mesmos.
Potenciar as principais rexións urbanas de Galicia, reforzando os seus diferentes perfís e artellar un sistema policéntrico de cidades con fortaleza para liderar os procesos de desenvolvemento e innovación	Fortalecer a estrutura urbana da Vila de Bueu e dos agregados secundarios, así como do actual sistema de asentamentos, reforzando un modelo de desenvolvemento compacto e continuo, integrado no agregado urbano da ría de Pontevedra.	Con relación á vila, é obxectivo primordial deste planeamento, consolidar e completar a súa estrutura urbana, con especial atención ás tramas de interese patrimonial e a súa relación co sistema fluvial que o atravesará e a súa fronte costeira.
Nos ámbitos integrados en Rexións ou áreas urbanas desenvolveranse PTI. En ausencia destes, o planeamento xeral estudará o ámbito supramunicipal para: fortalecer as conexións, facilitar a mellora do transporte público, potenciar a especialización e complementariedade, determinar áreas estratéxicas de solo para actividades, novos equipamentos e infraestruturas.	Mellorar a integración do Termo Municipal de Bueu no conxunto da Rexión Urbana á luz das determinacións establecidas nas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, aproveitando as melloras de accesibilidade realizadas e previstas. Fortalecer a estrutura urbana da Vila de Bueu e dos agregados secundarios, así como do actual sistema de asentamentos, reforzando un modelo de desenvolvemento compacto e continuo, integrado no agregado urbano da ría de Pontevedra.	Incorporar a ampliación do Parque Empresarial de Castiñeiras segundo o establecido no Plan Sectorial de Áreas Empresariais, incidindo nas condicións paisaxísticas que debe cumprir. Formación do parque urbano da Vila a carón do río Bispo, principal eixe ambiental da vila, aparte da súa fronte costeira
Determinar áreas ou elementos que polos seus valores naturais ou patrimoniais deban ser obxecto de protección	Consolidar a defensa, recuperación e posta en valor dos recursos medioambientais e do patrimonio cultural, como base dunha estratexia de actuación municipal, garantindo a protección dos espazos naturais e das conchas paisaxísticas, prestando especial atención á ordenación do bordo costeiro, establecendo as medidas de protección e acondicionamento necesarias para o uso público do litoral.	Protección dos espazos ambientais singulares.
Intervir na actual dispersión do asentamento, fixando usos de solo adecuados á súa potencialidade baixo o criterio de sostibilidade en base a súa capacidade de carga	Fortalecer a estrutura urbana da Vila de Bueu e dos agregados secundarios, así como do actual sistema de asentamentos, reforzando un modelo de desenvolvemento compacto e continuo, integrado no agregado urbano da ría de Pontevedra. Completar, ampliar e diversificar a actual base económica municipal, apostando pola revalorización do seu Porto e a súa integración na trama urbana da Vila, a ampliación do Parque Empresarial de Castiñeiras, así como por reforzar e optimizar os recursos turísticos, co aproveitamento do porto deportivo de Beluso, converténdoo nun motor de dinamicidade económica tanto no territorio municipal como na Vila e nos seus núcleos secundarios. Consolidar a defensa, recuperación e posta en valor dos recursos medioambientais e do patrimonio cultural, como base dunha estratexia de actuación municipal, garantindo a protección dos espazos naturais e das conchas paisaxísticas, prestando especial atención á ordenación do bordo costeiro, establecendo as medidas de protección e acondicionamento necesarias para o uso público do litoral.	Revitalizar o actual sistema de asentamentos da poboación, tratando de favorecer o desenvolvemento e a consolidación dos núcleos fronte á diseminación. Preservar da ocupación indiscriminada pola edificación as áreas destinadas a usos agrícolas e forestais de forte compoñente paisaxística.

OBXECTIVOS DAS DOT QUE AFECTAN AO MUNICIPIO DE BUEU	OBXECTIVOS DO PXOM CONCORDANTES	OBXECTIVOS AMBIENTAIS DO PXOM
Establecer mecanismos de cooperación urbano-rural cun equilibrio entre o desenvolvemento urbano e a protección de espazos abertos	Fortalecer a estrutura urbana da Vila de Bueu e dos agregados secundarios, así como do actual sistema de asentamentos, reforzando un modelo de desenvolvemento compacto e continuo, integrado no agregado urbano da ría de Pontevedra. Consolidar a defensa, recuperación e posta en valor dos recursos medioambientais e do patrimonio cultural, como base dunha estratexia de actuación municipal, garantindo a protección dos espazos naturais e das concas paisaxísticas, prestando especial atención á ordenación do bordo costeiro, establecendo as medidas de protección e acondicionamento necesarias para o uso público do litoral.	Tras analizar a estrutura territorial existente, acadar o seu acabado en función das necesidades de desenvolvemento e das características específicas do territorio e da paisaxe.
Contribuír a un modelo territorial que considere a vocacionalidade ou potencialidade do territorio na ordenación do medio físico	Consolidar a defensa, recuperación e posta en valor dos recursos medioambientais e do patrimonio cultural, como base dunha estratexia de actuación municipal, garantindo a protección dos espazos naturais e das concas paisaxísticas, prestando especial atención á ordenación do bordo costeiro, establecendo as medidas de protección e acondicionamento necesarias para o uso público do litoral.	Fomentar os potenciais turísticos e de actividade do municipio vinculado á área urbana de Pontevedra incluída na Rexión Urbana das Rías Baixas, de xeito compatible coa protección dos valores naturais e patrimoniais do municipio.
Previr e minimizar os efectos derivados dos riscos naturais e tecnolóxicos	A ordenación do sistema de núcleos rurais mediante a definición pormenorizada dos elementos fundamentais da súa estrutura urbanística.	Preservar da ocupación indiscriminada pola edificación as áreas destinadas a usos agrícolas e forestais.
Crear uns sistema de infraestruturas de transporte eficiente	Mellorar a integración do Termo Municipal de Bueu no conxunto da Rexión Urbana á luz das determinacións establecidas nas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, aproveitando as melloras de accesibilidade realizadas e previstas..	Completar, xerarquizar e reforzar a rede viaria existente e as áreas de actividade e dotacionais e de servizos.
Desenvolver espazos orientados ás actividades	Completar, ampliar e diversificar a actual base económica municipal, apostando pola revalorización do seu Porto e a súa integración na trama urbana da Vila, a ampliación do Parque Empresarial de Castiñeiras, así como por reforzar e optimizar os recursos turísticos, co aproveitamento do porto deportivo de Beluso, converténdoo nun motor de dinamicidade económica tanto no territorio municipal como na Vila e nos seus nós secundarios.	Favorecer o desenvolvemento urbanístico do Porto e a ampliación do Parque Empresarial nas zonas de menor impacto para elo. Fomentar o potencial turístico e de actividade e servizos do municipio, de xeito compatible coa protección dos valores naturais e patrimoniais, aproveitando os recursos patrimoniais e naturais.

b.2. Coherencia transversal.

A avaliación da relación dos obxectivos do planeamento cos establecidos na diversa planificación sectorial, queda garantido desde o inicio do proceso de redacción do Plan Xeral. Así, na súa Memoria de Información e no ISA analízanse a totalidade de instrumentos e lexislacións sectoriais que inciden no territorio, incorporando as súas determinacións, ou remitindo ao respectivo documento no Plan Xeral. Así o Plan Xeral inclúe as previsións de ampliación da área empresarial, ou as previsións autonómicas referidas a rede viaria en canto ao desdobre do Corredor e clasifica como sistema xeral o Porto de Bueu e a dársena de Beluso.

b.3. Demanda Social.

No apartado de Xustificación, conveniencia, oportunidade e alcance do Plan, e no de Previsións demográficas e capacidade do Plan, ambos da Memoria de Ordenación do Plan Xeral, analízanse os elementos base do territorio municipal e as tendencias esperadas, xustificando que as determinacións de planeamento dan resposta ás necesidades no marco da vixente lexislación urbanística e ambiental.

c. Relación cos elementos territoriais estratéxicos

Neste apartado avalíase a influencia positiva que os diferentes obxectivos do Plan Xeral, ao que dan resposta as súas determinacións, teñen sobre os elementos territoriais estratéxicos. Do cadro adxunto conclúese que os obxectivos do planeamento só inciden sobre os elementos territoriais sinalados, non tendo influencia nos demais.

	OBX 1	OBX 2	OBX 3	OBX 4	OBX 5
Paisaxe	+	+/-	+	+	+
Patrimonio natural e cultural	+	-	+	+	+
Produción de alimentos		+		+	+
Solo empresarial	+	+	+	+	
Turismo	+		+	+	+
Equipamento e servizos básicos	+	+	+	+	

G.9.2. ANÁLISE DA COHERENCIA ENTRE A ALTERNATIVA SELECCIONADA E OS OBXECTIVOS DO PXOM

A seguir analízase, conforme ao establecido no Documento de Referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Bueu, a coherencia entre o Modelo de Ordenación Territorial proposto (alternativa seleccionada), e os obxectivos do Plan Xeral.

CADRO Nº 19. COHERENCIA ENTRE A ALTERNATIVA SELECCIONADA E OS OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN XERAL.

MODELO DE ORDENACIÓN TERRITORIAL	OBXECTIVOS				
	OBX.1	OBX.2	OBX.3	OBX.4	OBX.5
CLASIFICACIÓN DE SOLO RÚSTICO NAS CATEGORÍAS DE ESPECIAL PROTECCIÓN	-	-	-	3	3
CLASIFICACIÓN DE SOLO URBANO	3	-	3	3	-
CLASIFICACIÓN DE SOLO DE NÚCLEO RURAL	-	-	3	3	3
SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS E DOTACIÓNS	2	-	3	3	-
SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS	2	-	3	-	3
CLASIFICACIÓN DE SOLO URBANIZABLE	-	3	3	-	-

A análise comparativa entre a alternativa seleccionada para a redacción do PXOM, e os seus obxectivos xerais, pon de manifesto a súa adecuación e elevada coherencia.

G.10. RESUMO

G.10.1. INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES

O presente Informe de Sustentabilidade Ambiental é parte integrante do procedemento administrativo de Avaliación Ambiental Estratéxica ao que é sometido o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Bueu. Dita avaliación realízase en base ás directrices establecidas no Documento de Referencia redactado pola Consellería de Medio Ambiente.

O planeamento urbanístico actualmente en vigor no termo municipal son as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, aprobadas no ano 1986. O Concello de Bueu está a redactar un Plan Xeral adaptado á lexislación actual que sente as bases para a definición dun modelo de desenvolvemento urbanístico e socioeconómico baixo criterios de sustentabilidade.

G.10.2. ANÁLISE OBXECTIVA DO CONTORNO

O Termo Municipal de Bueu está situado no sudoeste da provincia de Pontevedra e conta cunha superficie total de 30,8 km², que inclúe o Arquipélago de Ons. Bueu forma parte, xunto cos concellos de Marín, Cangas e Moaña, da comarca xeográfica do Morrazo.

O territorio municipal está dividido en 6 parroquias, nas que se distribúen as 54 entidades singulares de poboación. Ten unha poboación total de 12.368 habitantes e unha densidade de 401,6 hab./km² (IGE 2010), onde o núcleo de maior poboación é a Vila de Bueu, capital do municipio que acolle máis do 30% da poboación total do termo.

O ámbito territorial do Plan Xeral de Ordenación Municipal vén definido, conforme á lexislación vixente, polos límites do termo municipal. O Plan Xeral está vinculado xerarquicamente á Lei 10/1995, de Ordenación do Territorio de Galicia, á Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 2/2010, así como ás Directrices de Ordenación do Territorio e o Plan de Ordenación do Litoral. Ademais, ten que coordinarse co planeamento municipal dos municipios limítrofes e, na súa redacción, tivéronse en conta diversos instrumentos de planificación de ámbito autonómico que prevén actuacións no seu territorio.

A Vila de Bueu, cabeceira do municipio, concentra os usos urbano residenciais e configura o centro comercial e de servizos públicos e privados máis importante do concello. Na súa fronte litoral emprázase o Porto de Bueu, que se complementa co Parque Empresarial de Castiñeiras, onde se emprazan as actividades industriais máis significativas.

O municipio de Bueu está conformado por un territorio continental pertencente á Península do Morrazo, emprazada entre as Rías de Pontevedra e Vigo, e outro insular, situado no exterior da Ría de Pontevedra, formado polo Arquipélago de Ons. A súa composición litolóxica é moi homoxénea, sendo os materiais predominantes as rochas graníticas hercínicas. Bueu posúe un extenso litoral caracterizado por unha elevada variedade e complexidade, acollendo diferentes praias, rochedos e cantís. Topograficamente destaca a baixa altitude, situándose a maioría da superficie municipal por baixo da cota dos 200 m. Aínda que o relevo é, en xeral, suavemente ondulado, presenta notable variabilidade e áreas de fortes pendentes, tanto no litoral como nas vertentes dos relevos interfluviais.

O territorio está situado no dominio climático oceánico húmido con tendencia á aridez estival e precipitacións durante case todo o ano, máximas nos meses fríos, e reducidas

precipitacións estivais. A rede hidrográfica básica, constituída por regos de corto recorrido que baixan dende os montes do Morrazo cara á Ría de Pontevedra, está formada polos regos da Pena, do Barranco do Inferno e do Bispo, cursos fluviais que teñen o seu nacemento nos montes de Ermelo e de Cela, e desembocan na Enseada de Bueu. O rego Nocado, que nace nos somentes do Alto de Borrallido, drena o sector meridional da parroquia de Beluso e desemboca na Ría de Aldán.

No Morrazo os usos do solo están caracterizados por un denso poboamento e urbanización difusa. Neste marco, as zonas artificializadas por áreas urbanas e industriais acadan unha notable extensión, aínda que a maior superficie do termo municipal corresponde ao uso forestal, con ao redor de dous terzos da superficie total. Os usos agropecuarios, nos que destaca a viticultura, complementan ás actividades pesqueiras e marisqueiras e ao sector terciario, predominante no termo.

No contexto da Ría de Pontevedra e da Península do Morrazo, o termo municipal caracterízase por presentar un territorio costeiro complexo que propicia unha grande variedade ecolóxica, cun litoral no que se combinan fronte acantiladas expostas e complexos sedimentarios dunha grande naturalidade. En consecuencia, o territorio municipal acolle ecosistemas e hábitats naturais de contrastada fragilidade, singularidade ou rareza, e especies de flora e fauna, raras e de distribución reducida en Galicia, incluídas nas categorías de protección e ameaza establecidas pola lexislación. Ademais, os ríos constitúen corredores ecolóxicos básicos do territorio comarcal e municipal.

Como espazos naturais máis importantes sobresaen as Illas de Ons e Onza integradas, ademais de no Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, no ZEPVN-LIC (Zona especial protección dos valores naturais-Lugar de Interese Comunitario) do Complexo Ons-O Grove e declaradas ZEPA (Zona de especial protección para as aves) da Illa de Ons, e o Cabo Udra declarado, así mesmo, ZEPVN-LIC; espazos pertencentes polo tanto á Rede galega de espazos protexidos e á Rede Natura 2000. Tamén como espazo natural destacable, delimitado nas Normas Subsidiarias Provinciais (NNSS), está a Carballeira de Coiro, que abarca toda a zona sur e sueste da parroquia de Santiago de Ermelo. Fóra dos espazos naturais protexidos, os diferentes sectores da costa municipal que manteñen unha elevada rusticidade, conforman tamén un extraordinario conxunto de bens naturais e paisaxísticos.

O Concello presenta un territorio diversificado e con elevada variedade e riqueza de recursos naturais, o que pode supor unha avantaxa competitiva. Entre estes recursos salienta, moi especialmente, o seu potencial produtivo agronómico, sendo tamén

relevantes os recursos enerxéticos e xeolóxicos. O municipio presenta, ademais, un potencial turístico moi elevado por mor da benignidade climática e sobranceiros valores ecolóxicos e paisaxísticos. En especial, o litoral posúe unhas excepcionais calidades ecolóxicas e estéticas que se manifestan nunha rica diversidade de paisaxes. Os espazos naturais e as numerosas praias e áreas de lecer do termo constitúen recursos moi destacados na área urbana pontevedresa.

O territorio está afectado por diversos riscos naturais entre os que destacan o risco de incendios forestais (as parroquias do concello foron declaradas Zonas de Alto Risco de Incendios Forestais), e o risco de inundacións (a Vila de Bueu é, en función do seu emprazamento e das características hidroxeolóxicas da conca, o asentamento do termo que presenta maior risco de sufrir inundacións, na actualidade en estudo). Pola contra, a actividade industrial non comporta, en xeral, riscos significativos para a poboación do municipio e os seus bens.

Os problemas ambientais de maior relevancia detectados no termo son a diseminación da edificación no territorio, as eivas na mobilidade, a deficiente xestión dos recursos hídricos e o déficit de infraestruturas hidráulicas, a perda, degradación e fragmentación de hábitats naturais, a expansión incontrolada de especies foráneas invasoras, a proliferación de vertedoiros incontrolados, o incremento da vulnerabilidade fronte aos riscos naturais, e a degradación das paisaxes e deterioro do patrimonio natural e cultural.

G.10.3. OBXECTIVOS DO PLAN XERAL

O PXOM de Bueu contempla criterios de sustentabilidade ambiental que están orientados polas declaracións, convenios, programas e estratexias autonómicas, estatais, comunitarias e internacionais que constitúen o Marco Estratéxico de Referencia establecido para a súa redacción, e para a definición dos seus obxectivos xerais e específicos. Entre estes destacan, no ámbito comunitario, os marcados pola “Estratexia Territorial Europea” e o “Convenio Europeo da Paisaxe”, no contexto estatal, pola Estratexia Española de Medio Ambiente Urbano e a Estratexia Española de Mobilidade Sustentable e, no autonómico, pola “Estratexia Galega de Desenvolvemento Sostible” e as “Directrices de Ordenación do Territorio”, como referencias a partir das que fixar os obxectivos de desenvolvemento urbanístico sustentable no termo municipal.

Neste marco, a proposta do Plan Xeral fundaméntase nos seguintes obxectivos xerais e específicos:

	OBXECTIVOS XERAIS
OX.1	Mellorar a integración do Termo Municipal de Bueu no conxunto da Rexión Urbana á luz das determinacións establecidas nas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, aproveitando as melloras de accesibilidade realizadas e previstas.
OX.2	Completar, ampliar e diversificar a actual base económica municipal, apostando pola revalorización do seu Porto e a súa integración na trama urbana da Vila, a ampliación do Parque Empresarial de Castiñeiras, así como por reforzar e optimizar os recursos turísticos, co aproveitamento do porto deportivo de Beluso, converténdoo nun motor de dinamicidade económica tanto no territorio municipal como na Vila e nos seus nós secundarios.
OX.3	Fortalecer a estrutura urbana da Vila de Bueu e dos agregados secundarios, así como do actual sistema de asentamentos, reforzando un modelo de desenvolvemento compacto e continuo, integrado no agregado urbano da ría de Pontevedra.
OX.4	Dotar ao municipio dun documento de ordenación integral, adaptado á lexislación vixente e cun axeitado grao de calidade técnica, acadando o perfeccionamento da ordenación urbanística pormenorizada, á luz da experiencia acumulada nos últimos vinte tres anos.
OX.5	Consolidar a defensa, recuperación e posta en valor dos recursos medioambientais e do patrimonio cultural, como base dunha estratexia de actuación municipal, garantindo a protección dos espazos naturais e das concas paisaxísticas, prestando especial atención á ordenación do bordo costeiro, establecendo as medidas de protección e acondicionamento necesarias para o uso público do litoral.
	OBXECTIVOS AMBIENTAIS
OA.1	Preservación dos crecementos residenciais innecesarios ou espontáneos e dos seus impactos asociados ás áreas ambientais de valor ecolóxico.
OA.2	Propiciar o aproveitamento sostible dos recursos naturais do municipio.
OA.3	Garantir a non ocupación de áreas de risco para a edificación.
OA.4	Ordenar os solos rústicos con criterios de salvagarda dos seus valores, -municipais ou supramunicipais- ambientais, produtivos, paisaxísticos e culturais.
OA.5	Definir unha normativa específica nos solos rústicos de especial protección que regule as actuais instalacións que se localizan sobre eles e as que cheguen a localizarse, atendendo a garantir a súa protección.
OA.6	Acadar unhas condicións axeitadas de integración dos núcleos urbanos secundarios no seu contorno, con especial atención ao tratamento das canles públicas e marxes dos ríos que discorren polo seu territorio asociado, e á preservación do entorno paisaxístico no que se insiren.

G.10.4. ANÁLISE DAS ALTERNATIVAS

Na redacción do Plan foron contempladas tres alternativas, entre as que se inclúe a alternativa 0, aínda que esta é inviable urbanisticamente. Ademais, hai que subliñar que non se aprecian efectos positivos para o territorio municipal, nin dende o punto de vista ambiental nin dende o urbanístico, de non elaborar e aplicar un novo Plan Xeral.

O Plan Xeral avalía as seguintes alternativas:

Alternativa 0.

A non realización do Plan Xeral de Ordenación Municipal e, polo tanto, a continuidade das determinacións das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de 1986.

Alternativa 1.

A adaptación das determinacións establecidas nas Normas Subsidiarias ao novo marco legal e ambiental, se ben mantendo o modelo de ordenación establecido no planeamento vixente.

Alternativa 2.

A redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal como alternativa de innovación e perfeccionamento da actual planificación municipal, onde a partir da combinación dun diagnóstico da situación actual cunha correcta definición dos temas relevantes cara a ordenación, formular un modelo compacto e continuo de desenvolvemento urbano que subordine, seleccione e priorice os novos desenvolvementos en base a criterios de boa comunicación, axeitada inserción topográfica e paisaxística, valoración dos recursos e do patrimonio ambiental, e reforzamento da actual estrutura urbana.

Neste contexto, o modelo de ordenación territorial proposto resúmese na clasificación do solo rústico conforme aos seus valores e na clasificación dos asentamentos de poboación existentes de acordo ás determinacións legais, coa previsión das súas áreas de crecemento e cunhas delimitacións de solos de núcleo rural e de solo urbano que permiten poñer freo, na medida do posible, á diseminación da edificación no territorio.

O Plan Xeral realiza unha proposta de ordenación baseada na consolidación do feito urbano da Vila de Bueu en coherencia co modelo formulado polas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia. Como complemento, a Normativa do Plan Xeral establece as determinacións para o desenvolvemento de tres solos urbanizables delimitados de carácter residencial na área de expansión urbana priorizada da Vila de Bueu, así como tres solos urbanizables non delimitados de carácter mixto terciario-

industrial e dous solos urbanizables non delimitados de carácter residencial e terciario. O desenvolvemento dos novos solos industriais propostos no Plan están orientados á ampliación da área de actividade do municipio, Parque Empresarial de Castiñeiras. Pola súa banda, os ámbitos de solo urbanizable non delimitado, e polo tanto non antepostos, de uso mixto residencial e terciario que o Plan Xeral establece vincúlanse aos núcleos urbanos e oriéntanse a completar a estrutura urbana e á diversificación de usos.

A introdución de criterios de sustentabilidade dende as primeiras etapas de elaboración do plan permitiu compatibilizar as súas determinacións de desenvolvemento coa conservación e xestión dos recursos naturais e socioeconómicos. Deste xeito, o Plan Xeral preserva os solos rústicos e as áreas e elementos de valor paisaxístico, natural, cultural, forestal ou produtivo, clasifica o solo urbanizable tendo en consideración a capacidade de acollida do territorio, e cumpre cos límites de sustentabilidade establecidos na lei do solo.

As determinacións do Plan Xeral posibilitarán a ordenación integral do termo, o reforzo da súa base económica, a mellora das infraestruturas e servizos municipais, o completado e mellora do sistema de equipamento comunitario tendo en conta as demandas sociais e a mobilidade, e configurarán o sistema xeral de espazos libres e zonas verdes con carácter medioambiental, integrando neles os elementos de valor natural, paisaxístico ou cultural e deseñándoos de forma que se dota dunha rede de espazos continuos, accesibles e de calidade para o conxunto da poboación.

G.10.5. IDENTIFICACIÓN E CARACTERIZACIÓN DOS EFECTOS SOBRE O MEDIO AMBIENTE DA ALTERNATIVA SELECCIONADA

O Plan Xeral incorpora na Normativa Urbanística a lexislación ambiental, polo que asegura a adopción de eficaces medidas de prevención dos posibles efectos negativos significativos sobre o medio ambiente derivados das actuacións e usos a desenvolver no termo municipal. Con todo, o desenvolvemento dos solos urbanizables previstos no Plan Xeral podería orixinar efectos significativos negativos valorados como moderados, singularmente polo consumo do territorio e a perda ou degradación dos recursos edáficos, e a xeración de puntuais impactos visuais. Existe, así mesmo, o risco de que se produzan diversos impactos de contaminación e unha mingua da calidade ambiental, así como dun uso e xestión dos recursos e residuos ineficiente que, sen embargo, poderán ser convenientemente avaliados, previstos e corrixidos nas seguintes fases de planificación dos ámbitos. Pola contra, a incidencia socioeconómica valórase como significativa e moi positiva pola súa contribución á ordenación integral e á diversificación económica do territorio, así como pola mellora da calidade de vida e cohesión social.

G.10.6. DESCRICIÓN DAS MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS

A Normativa do Plan Xeral dispón normas específicas para prever e corrixir os efectos negativos no medio ambiente das actividades e usos no territorio, especialmente nas actividades de urbanización e construtivas. Porén, definíronse diferentes medidas para asegurar o desenvolvemento dos solos urbanizables en condicións de sustentabilidade e calidade ambiental. Medidas a contemplar na fase de redacción dos instrumentos de desenvolvemento e dos proxectos de urbanización, referentes á preservación e mellora da calidade ambiental e das paisaxes, ao uso eficiente dos recursos e a enerxía, á integración ambiental e paisaxística, a amortecer as afeccións das actividades industriais e terciarias nas áreas residenciais, á protección das augas, a rede hidrolóxica, os solos e o patrimonio cultural, ao fomento da mobilidade e da xestión sustentable dos residuos, etc, e medidas de sustentabilidade ambiental a considerar na fase de explotación das áreas de actividade económica intensiva.

G.10.7. VIABILIDADE ECONÓMICA DA ALTERNATIVA SELECCIONADA

O Plan Xeral incorpora unha Estratexia de Actuación e Estudo Económico que contén a avaliación do custo de execución dos sistemas xerais e das actuacións previstas, con indicación do carácter público ou privado da iniciativa de financiamento, xustificando as previsións que cumpra realizar con recursos propios do concello.

G.10.8. PROPOSTA DE PLAN DE SEGUIMIENTO DA SUSTENTABILIDADE DO PXOM

Para identificar con prontitude os efectos adversos non previstos e permitir levar a cabo as medidas adecuadas para evitalos, realizarase un seguimento dos efectos no medio ambiente da aplicación ou execución do Plan Xeral. O Plan de Seguimento desenvolverase durante o período de vixencia do Plan Xeral, e implicará a elaboración polo Concello dunha serie de informes periódicos que serán remitidos ao organismo competente en materia medioambiental e aos organismos e administracións que este determine. Os Informes de Seguimento terán unha periodicidade cuadrienal, e deberán contemplar a avaliación dos resultados para os indicadores de seguimento e control establecidos neste informe, a eficacia das actuacións e, no seu caso, os novos problemas ambientais detectados.

G.10.9. ANÁLISE DA COHERENCIA

A análise da coherencia dos obxectivos do Plan Xeral de Ordenación Municipal realízase mediante a comprobación da presenza de obxectivos e criterios ambientais no plan, así como coa avaliación da súa coherencia interna e externa. Nela conclúese que os obxectivos do Plan Xeral están orientados claramente por criterios de sustentabilidade ambiental, social e económica, amosando unha elevada coherencia interna e externa, sen que se susciten problemas de compatibilidade ou conflitividade, nin se precise da súa xerarquización ou anteposición. Por último, a análise comparativa entre a alternativa seleccionada para a redacción do Plan Xeral, e os seus obxectivos xerais, pon de manifesto a súa adecuación e elevada coherencia.